



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 135

**Sesión plenaria**  
**13 de novembro de 2019**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 4. Proposicións non de lei

#### 4. 137155 (10/PNP-002782)

##### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### Egerique Mosquera, Teresa e once deputados/as máis

Sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño, a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

#### 4. 251691 (10/PNP-003873)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019

#### 4. 352312 (10/PNP-003912)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Consello da Xunta de Galicia do ano 2004 polo que se aproba definitivamente o Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo, así como o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006

Publicación da iniciativa, BOPG nº 508, do 19.07.2019

#### 4. 455910 (10/PNP-004135)

##### Grupo Parlamentario Mixto

##### Villares Naveira, Luis e dous deputados/as máis

Sobre a realización polo Goberno galego de auditorías ambientais en toda a Administración pública autonómica, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos, así como a verificación do grao de cumprimento do Regulamento europeo 1221/2009 e da Decisión 2019/61

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

#### 4. 557302 (10/PNP-004240)

##### Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

##### Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Mos para facilitar a execución do proxecto de construción da Cidade Deportiva do Celta e dun centro comercial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019



**4. 657356 (10/PNP-004246)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva**

Sobre a dotación polo Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para posibilitar a negociación dun plan de estabilidade laboral na mesa sectorial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019

**4. 757689 (10/PNP-004285)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a mellora polo Goberno galego da atención ás emerxencias sanitarias na comarca de Deza coa dotación de Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 22.10.2019

**4. 858006 (10/PNP-004317)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro de longa duración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

**4. 958181 (10/PNP-004335)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e catorce deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa proposta de Estatuto para os Consumidores Electointesivos elaborada polo Goberno galego, así como as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto. (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 555, do 30.10.2019

**Punto 5. Interpelacións****5. 154440 (10/INT-001817)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

**5. 257774 (10/INT-001972)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019



**5. 357782 (10/INT-001973)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6. 158401 (10/POPX-000170)****Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis**

Sobre a suficiencia dos recursos destinados polo Goberno galego á loita contra as emerxencias feminista, climática e social de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

**6. 258412 (10/POPX-000171)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incidencia nas políticas que provocan o abandono do medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

**6. 358415 (10/POPX-000172)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación das súas políticas para as cidades galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7. 156623 (10/POP-006696)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Goberno galego respecto da apertura dunha casa de apostas e sala de xogos en Redondela, nas proximidades dunha zona escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

**7. 253504 (10/POP-006304)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis**

Sobre como afecta a modificación do Regulamento da Lei de costas ás empresas e equipamentos situados en dominio público marítimo-terrestre na comunidade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019



**7. 356715 (10/POP-006712)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2013 para o remate da actuación denominada ronda leste de Lugo, treito II: LU-530 - N-VI, prevista no Programa de vías de altas prestacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

**7. 453144 (10/POP-006242)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a reclamación por parte da Xunta de Galicia a Naturgy do mantemento dos postos de traballo do servizo de atención ao cliente situado no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello ourensán de San Cibrao das Viñas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**7. 558416 (10/PUP-000275)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Pérez, Moisés e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para acompañar o sector galego da automoción na consolidación do seu crecemento dos últimos anos e dar resposta ao futuro escenario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

**7. 656876 (10/POP-006737)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Romero Fernández, Cristina Isabel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución turística en Galicia ao longo de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

**7. 758404 (10/PUP-000273)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar os impedimentos á prestación dun servizo de pediatría digno e con garantías ás crianzas de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

**7. 857897 (10/POP-006873)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á garantía da xestión pública do futuro centro de atención ás persoas con diversidade funcional de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019



**7. 958061 (10/POP-006888)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis**

Sobre o tipo de medidas sancionadoras implementadas nos últimos anos fronte ás empresas de *catering* que teñan causado algún tipo de intoxicación alimentaria nos centros escolares de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

**7. 1058411 (10/PUP-000274)**

**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**

**Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar novos casos de intoxicación alimentaria semellantes aos acontecidos en diversas gardarías da rede Galiña Azul

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. Mixto, sobre a suficiencia dos recursos destinados polo Goberno galego á loita contra as emerxencias feminista, climática e social de Galicia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (M).* (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 15.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (M).* (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 18.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as previsións do Goberno galego respecto da incidencia nas políticas que provocan o abandono do medio rural.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (GCE).* (Páx. 20.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 21.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (GCE).* (Páx. 24.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 26.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación das súas políticas para as cidades galegas.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Míguez (S).* (Páx. 27.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 29.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Míguez (S).* (Páx. 30.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 31.)

### ***Modificación no desenvolvemento da orde do día***

*O señor presidente comunica que a seguir se vai formular unha das preguntas do punto sétimo da orde do día dirixida ao conselleiro de Sanidade.* (Páx. 33.)



**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar os impedimentos á prestación dun servizo de pediatría digno e con garantías ás crianzas de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 33.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 34.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 35.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 36.)

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Mos para facilitar a execución do proxecto de construción da Cidade Deportiva do Celta e dun centro comercial. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 37.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 41.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 43.), *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 45.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 46.)

*O señor Sánchez García (GCE) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 50.)

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a dotación polo Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para posibilitar a negociación dun plan de estabilidade laboral na mesa sectorial. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 52.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Solla Fernández (GCE)*. (Páx. 533.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)*. (Páx. 55.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 57.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 58.) e *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 60.)

*A señora Solla Fernández (GCE) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 62.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a mellora polo Goberno galego da atención ás emerxencias sanitarias na comarca de Deza, coa dotación en Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 64.)





Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 67.), *Sra. Solla Fernández (GCE)* (Páx.68 .), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 69.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 71.)

*Nova intervención do señor Bará Torres (BNG)*. (Páx. 74.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro de longa duración.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 75.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 799.) e *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 83.) e *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 85.)

*A señora Pierres López (S) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 86.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Daniel Vega Pérez e catorce deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa proposta de Estatuto para os Consumidores Electrintesivos elaborada polo Goberno galego, así como as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 87.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 93.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 95.) e *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Chao Pérez (GCE)*. (Páx. 100.)

*A señora Nóvoa Iglesias (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 102.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e once deputados/as máis, sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño, a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas: *aprobada por 52 votos a favor, ningún en contra e 20 abstencións.* (Páx. 104.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión sanitaria: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 105.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Consello da Xunta de Galicia do ano 2004 polo que se aproba definitivamente o Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo, así como o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 105.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e dous deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego de auditorías ambientais en toda a Administración pública autonómica, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos, así como a verificación do grao de cumprimento do Regulamento europeo 1221/2009 e da Decisión 2019/61: *rexeitado por 17 votos a favor, 38 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 105.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Mos para facilitar a execución do proxecto de construción da Cidade Deportiva do Celta e dun centro comercial: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 106.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a dotación polo Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para posibilitar a negociación dun plan de estabilidade laboral na mesa sectorial: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. .)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a mellora polo Goberno galego da atención ás emerxencias sanitarias na comarca de Deza coa dotación de Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 106.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro de longa duración: *rexeitado por 29 votos a favor, 38 en contra e 4 abstencións.* (Páx. 107.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Daniel Vega Pérez e catorce deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa proposta de Estatuto para os Consumidores Electointesivos elaborada polo Goberno galego, así como as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto: *aprobada por 53 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións.* (Páx. 107.)



**Interpelación de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 107.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 115.)

*Suspéndese a sesión ás tres e catro minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e seis minutos.*

**Alteración da orde do día**

*O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia o aprazamento da interpelación núm. 57774, do G. P. Grupo Común da Esquerda. (Páx. 116.)*

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 117.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 120.)

Réplica da autora: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 124.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 126.)

**Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego respecto da apertura dunha casa de apostas e sala de xogos en Redondela, nas proximidades dunha zona escolar. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 129.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 131.)

**Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre como afecta a modificación do Regulamento da Lei de costas ás empresas e equipamentos situados en dominio público marítimo-terrestre na comunidade galega. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 133.)



Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)* (Páx. 133.)

Réplica do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 135.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)* (Páx. 136.)

**Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2013 para o remate da actuación denominada ronda leste de Lugo, treito II: LU-530 - N-VI, prevista no Programa de vías de altas prestacións. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestructuras e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 139.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestructuras e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 140.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a reclamación por parte da Xunta de Galicia a Naturgy do mantemento dos postos de traballo do servizo de atención ao cliente situado no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello ourensán de San Cibrao das Viñas. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 143.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 145.)

**Pregunta de D. Moisés Rodríguez Pérez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para acompañar o sector galego da automoción na consolidación do seu crecemento dos últimos anos e dar resposta ao futuro escenario. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 146.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 147.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 148.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 148.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Cristina Isabel Romero Fernández e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución turística en Galicia ao longo de 2019. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 150.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 150.)

Réplica da autora: *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 151.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 152.)



**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as previsións do Goberno galego referidas á garantía da xestión pública do futuro centro de atención ás persoas con diversidade funcional de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (GCE)*. (Páx. 154.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 155.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (GCE)*. (Páx. 156.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 156.)

### ***Alteración da orde do día***

*O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia que a pregunta núm. 58061, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Pierres López, foi retirada por parte do seu grupo. (Páx. 157.)*

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar novos casos de intoxicación alimentaria semellantes aos acontecidos en diversas gardarías da rede Galiña Azul. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)*. (Páx. (Páx. 158.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. (Páx. 159.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)*. (Páx. 160.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 161.)

*Remata a sesión ás seis e cincuenta e seis minutos da tarde.*



*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reanudamos a sesión, co punto sexto da orde do día, que é preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Antes, permítanme que saúde os alumnos de 1º de bacharelato do Colexio Manuel Peleteiro, de Santiago, que hoxe nos acompañan. Benvidos ao Parlamento. Tamén os seus profesores. E, por suposto, un saúdo tamén para todos os invitados que nos acompañan hoxe dende a tribuna.

Comezamos.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. Mixto, sobre a suficiencia dos recursos destinados polo Goberno galego á loita contra as emerxencias feminista, climática e social de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días, señorías.

Señor presidente, queremos preguntarlle se pensa vostede que a situación económica e social de Galicia está tan ben como para que nos orzamentos deste ano vostede lles vaia baixar os impostos ás persoas máis ricas de Galicia, como xa fixo o ano pasado.

A evolución do produto interior bruto no último ano supón un crecemento galego inferior á media española. É o mesmo que sucede tamén coa creación de emprego, que é inferior tamén, nunha evolución desde o final da recesión económica, á media española, cunha creación de emprego que ademais é máis precario, con salarios máis baixos e con maior temporalidade. Todo isto, ademais, nun contexto de decadencia industrial de Galicia, que dá lugar a que o índice de produción industrial caia en Galicia, mentres a media española segue aumentado.

Isto dá lugar a unha serie de consecuencias de carácter social que son innegables e que nos colocan nunha situación que para algúns é de verdadeira emerxencia social. Temos unha taxa AROPE do 23 % de cidadanía galega que está en situación de risco de pobreza ou de exclusión social; hai aproximadamente 34.700 fogares sen emprego, hai 14.300 persoas que están percibindo unha Risga e son aproximadamente 670.000 persoas as galegas e galegos que obteñen ingresos por debaixo dos 9.000 euros brutos anuais.

Isto, ademais, unido a unha situación que con relación ao carácter de xénero se agudiza aínda máis, creando unha verdadeira emerxencia feminista. A taxa de temporalidade do emprego nas mulleres é maior que a dos homes, o tempo parcial na maioría é tempo parcial feminino, a fenda salarial é do 29 % e son maioría as mulleres menores de 44 anos que reciben a Risga.



Todo isto, ademais, nun contexto onde seguimos sen atender os nosos compromisos ambientais e climáticos con relación a unha transición ecolóxica xusta.

Ben, en todo este contexto, señor presidente, con toda a que está caendo, ¿a mellor política económica do Partido Popular é baixarlles os impostos aos ricos?

Quero preguntarlle por tres impostos en concreto: polo imposto do patrimonio, que baixou o ano pasado, e pola súa intención de baixar o imposto de sucesións e o imposto de compra á segunda vivenda, de veraneo.

Con relación ao imposto de patrimonio, hai un ano baixáronlles vostedes o imposto de patrimonio ás seis mil persoas máis ricas de Galicia. Sempre se defende dicindo que puxeron o imposto tal e como estaba cando vostedes o encontraron, porque o subiron durante a crise e agora é xusto baixalo. ¿Parécelle xusto baixarlles o imposto ás seis mil persoas máis ricas de Galicia mentres o 23 % da súa poboación segue en risco de pobreza ou de exclusión social?

En segundo lugar, con relación ao imposto de sucesións, vostede anunciou que o 99 % da poboación xa non pagará o imposto de sucesións. Isto significa que quen herde entre 400.000 euros e 1.000.000 de euros, que antes pagaban impostos, agora van deixar de facelo. ¿Considera vostede xusto —e calquera que nos está escoitando poderá compartir a nosa opinión— que quen pode deixarlle a un fillo por cabeza ata 1.000.000 de euros non teña que pagar nada e que todo isto pase mentres non chegan os recursos para na sanidade atender con suficientes ambulancias as emerxencias como no Deza ou que non haxa persoal sanitario suficiente nos servizos de urxencias?

Por último, anunciou vostede tamén unha medida que era fomentar a compra de casas en áreas pouco poboadas de Galicia. Baixo esta escusa —e remato xa, señor presidente— quérese baixar os impostos para que a xente compre vivenda de veraneo na meirande parte da costa galega, e entre ela en concellos como Barreiros, como Perbes, como Miño, como O Grove e como na illa de Arousa. ¿É xusto baixarlle os impostos á xente que ten suficiente para comprar unha vivenda de veraneo mentres —e son datos oficiais da Xunta de Galicia— hai trece mil persoas que, cumprindo os requisitos para acceder a unha vivenda pública, non poden acceder a ela porque a Xunta de Galicia non fai políticas de vivenda? ¿É isto xusto, señor presidente? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, eu entendo que a posición do Grupo Mixto é unha posición limitada, e vostede intenta nunha pregunta tocar unha serie de consideracións, e ademais consideracións incluso que non están nin formuladas na pregunta. Probablemente o que vostede acaba de facer aquí é intentar facer un debate ao estado da Autonomía; eu estaría encantado de volver repetilo.



Fala vostede de igualdade, da situación das mulleres, fala vostede de afrontar as consecuencias do cambio climático, fala vostede das estratexias das persoas en exclusión social, e despois dámos unha clase de dereito financeiro e tributario. Non é fácil, señoría, intentar contestarlle a todo isto. Supoño que vostede o que pretende é, simplemente, dicir que existe, e paréceme razoable, porque realmente existe.

Mire, señoría, debería vostede de repasar os datos, porque a taxa de risco de pobreza en Galicia é do 18,8 %, é dicir, 2,7 menos que a media española. Galicia está entre as cinco comunidades autónomas cuxa taxa de pobreza é inferior á que tiña cando chegamos ao Goberno no ano 2008. Por iso me sorprende a súa crítica.

A taxa de risco de pobreza e exclusión social, o indicador AROPE, do que vostede me fala, segundo o INE, en Galicia está no 23 %, efectivamente 3 puntos menos que a media de España, e outra vez somos unha das cinco comunidades autónomas de toda España cuxa taxa AROPE de pobreza é inferior á que tiñamos cando chegamos ao Goberno.

Non sei exactamente, pois, en que consiste a súa crítica. Supoño que será que a vostede o moleste que hoxe esteamos mellor que cando chegamos ao Goberno, cando gobernaba o BIPartito.

Mire, señoría, hoxe podemos dicir —e aí está calquera tipo de taxa— que en Galicia hai menos xente que o pasa mal dende que temos estatísticas oficiais. Ese é o resultado, señoría, dunha nova Lei de inclusión, dunha Risga onde estamos investindo 64 millóns de euros —antes investíanse 22—; de doce medidas para eliminar os problemas de desafiuzamento; das medidas de aforro enerxético, que son superiores á media das comunidades autónomas; e un novo decreto da Risga. Ademais, a un pacto e a unha axenda social única, con todas as organizacións ás que as preocupa, igual que a nós, os problemas sociais.

Cando me fala de igualdade e das mulleres, ¿vostede sabe que hoxe hai máis mulleres traballando e cotizando á Seguridade Social que nunca en Galicia? Máis de quíntas mil mulleres afiliadas á Seguridade Social que nunca houbo en Galicia.

¿Vostede sabe, señoría, que en Galicia hai menor taxa de paro feminino, maiores taxas de actividade e de emprego feminino e menores taxas de parcialidade de emprego feminino que no resto de España? Supoño que o saberá, porque, se non, vir aquí con este tipo de plantexamentos é algo un pouco sorprendente. O cal non significa, señoría, que non siga habendo bolsas de pobreza, que siga habendo desigualdade no emprego feminino, o cal significa que temos que seguir traballando.

Señoría, fala vostede ademais de política tributaria. ¿Parécelle a vostede mal que en materia de sucesións, por exemplo, teñamos a mesma fiscalidade que tiña o Partido Socialista Obreiro Español en Andalucía? ¿Iso é de dereitas? É dicir, o que facía o Partido Socialista Obreiro Español en Andalucía da exención de 1.000.000 de euros por fillo, ¿iso é de dereitas, señoría? ¿A fiscalidade do Partido Socialista é de dereitas? ¿Si? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Evidentemente, señorías, entón, como é natural, teñen vostedes un problema a partir das próximas horas de forma intensa.





Pero, en todo caso, señoría, o que si lle digo é que, en materia de patrimonio, a comunidade que subiu o imposto de patrimonio foi esta comunidade e este goberno. Cando cheguei ao Goberno, o imposto de patrimonio era menor. Nós subímolo, e agora resulta que o deixamos como estaba cando chegamos ao Goberno.

¿Acórdase daquilo que dicían vostedes, os de esquerdas, que baixar impostos era de esquerdas?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Seguro que está agora outra vez por ese vieiro ou polo contrario?

E, por último, criticar aquí que a política de impostos no rural é unha política que beneficia os ricos é simplemente non coñecer Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Quéixase o señor presidente de que lle veño aquí falar das emerxencias que vive Galicia, da emerxencia feminista, da emerxencia social, da emerxencia ambiental. Quéixase de que lle veño falar dos problemas de Galicia. Pois claro que lle vimos falar dos problemas de Galicia, e ademais vimos falarlle así enunciándolle unha cousa, enunciándolle que eses problemas se poderían axudar a resolver con máis recursos. E o que vostede está facendo coa súa política tributaria é renunciar a ter recursos suficientes para poder atender correctamente esas emerxencias.

Aínda dando por certos os seus datos, que a taxa de AROPE sexa o 18 %, iso son ¿que? ¿Seiscentas mil galegas e galegos que viven en risco de pobreza ou de exclusión social? ¿Non lle parece suficiente seiscentas mil galegas e galegos como para impedir que esa situación, que ese dato impida que vostede lles baixe o imposto ás persoas máis ricas de Galicia? Porque, jollo!, estamos falando —e quereda que na réplica afondase nesa situación— das tres reducións de impostos ás persoas máis ricas de Galicia por esas vías que acabo de comentar.

Está vostede recoñecendo —fíxoo na última parte da pregunta— que si, que aínda queda desigualdade no emprego das mulleres, e que si, que aínda existen bolsas de pobreza en Galicia. Moi ben, pois obteña vostede os recursos suficientes de quen máis ten, de quen máis ten, para poder facer políticas económicas e políticas sociais que reduzan as desigualdades, tanto de xénero como sociais. Porque está na súa man e ten recursos aos que está renunciando por esta razón.

Mire, fala vostede de se nos parece xusto ou inxusto que entre 400.000 euros e 1.000.000 por fillo se deixe agora de tributar. Pois si, parécenos inxusto, e dános igual que o fixera o Partido Socialista en Andalucía ou na Cochinchina, parécenos inxusto.



Como tamén nos parece inxusto que diga vostede que se lles pon o imposto de patrimonio como estaba, como se xa pasara toda a crise, como se aquí non houberse problemas. Mentres haxa problemas, mentres falta persoal sanitario, mentres falte persoal para atender a dependencia, mentres haxa desigualdades, non se lles pode perdoar aos ricos todo ese diñeiro.

E en canto aos impostos que vostede di no rural, Barreiros, o concello de Barreiros, o concello de Perbes, o concello de Miño, a illa de Arousa, O Grove, ¿son concellos que necesitan un estímulo para comprar un chalé de veraneo á xente que máis ten, mentres hai trece mil persoas que non teñen dereito ao acceso a unha vivenda digna a pesar de estaren rexistradas e cumprir os requisitos legais segundo o Instituto Galego da Vivenda e Solo? ¿É todo isto xusto?

¿Por que lles temos que perdoar o conxunto da sociedade galega os impostos aos máis ricos mentres o resto da xente non pode satisfacer correctamente as súas necesidades sociais? ¿Por que a Xunta non asume as súas competencias para reducir as desigualdades? ¿Non ve que aquí están aumentando as desigualdades como consecuencia de que se renuncie a recadar os ingresos dos que máis teñen?

Queremos xustiza tributaria para que se poida facer xustiza social, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Peche desta pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Eu non me queixo, señoría, do que vostede me queira preguntar, incluso do que vostede quere improvisar; xa estou acostumado a todo isto; o que si lle digo é que cando queira falar vostede de política tributaria estou á súa disposición.

¿Vostede sabe que a tarifa do imposto da renda das persoas físicas en Galicia para as rendas máis baixas é máis favorable que a media de todas as comunidades autónomas do Estado? Debería de sabelo para non dicir que baixamos os impostos ás rendas altas. Non, señoría, este goberno caracterizouse e caracterízase por baixar os impostos ás rendas baixas, señoría. *(Aplausos.)* Si, señoría, si.

No imposto de patrimonio, as rendas altas pagan o mesmo que no Goberno bipartito. No imposto da renda, as rendas baixas pagan menos que no Goberno bipartito. Ese é o resumo da política fiscal da Comunidade Autónoma.

E agora falando do rural, ¿pero de verdade que a vostede lle parece mal que intentemos incentivar que a xente merque casas no rural? O 93 % do territorio de Galicia é rural, e ¿parécelle mal que baixemos os impostos a todos aqueles que queren investir no rural? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois mire, a nós parécenos ben. Vostedes, a subir os impostos no rural, e nós, a baixar os impostos no rural. *(Aplausos.)* Esa é unha forma absolutamente distinta de entender a vida.

Mire, señoría, cando fala vostede do PIB e todas estas cousas, en Galicia o PIB por habitante subiu dende o ano 2018 un 4 %; en España, un 3,2 %.



Galicia é a comunidade autónoma que máis converxeu en renda per cápita de España na última década. Polo tanto, un pouquiño de respecto pola verdade. Non é malo, señor Villares.

Sobre índice de equidade de xénero —do que vostede fala—, Real Academia de Ciencias Económicas e Financeiras: Galicia é a comunidade con menor desigualdade entre mulleres e homes no mercado laboral —déixolle este dato que seguro que vostede simplemente ou non o ten ou non o quere ter, ou non o quere ler—. (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) Señoría, ninguén di que é suficiente, pero dicir que Galicia é a peor, cando resulta que é a mellor, iso si que é unha falacia máxima, señoría; (*Aplausos.*) iso é unha falacia máxima.

Señoría, vénme falar vostede, só enunciar o cambio climático. A vostede o cambio climático non lle importa nada. E, de feito, na proposta sobre o cambio climático que se debateu no Parlamento no debate do estado da Autonomía votou a favor o Partido Popular, o Partido Socialista e o BNG abstivéronse e vostede votou en contra. (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) Señoría, vostede votou en contra de declarar o estado de emerxencia climática en Galicia, (*Murmurios.*) como propuxo este partido no debate do estado de Autonomía. Temos unha estratexia de cambio climático, somos unha das catro comunidades autónomas en España que a ten. Tampouco di nada vostede ao respecto.

Acabamos de anunciar, señoría, que imos plantexar un primeiro plan estratéxico de Galicia contra a trata con fins de explotación sexual. Iso é traballar con cuestións concretas, con datos concretos, con propostas concretas e con plans concretos. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, eu xa sei que a esta esquerda divina a molesta que algúns nos adiquemos ao ecoloxismo, á igualdade das mulleres e dos homes e ás políticas sociais. Pensan que vostedes teñen a exclusiva destas actitudes e destas propostas. Este goberno non deixou de facer esforzos dende que chegou por estes colectivos, por suposto, e por estes problemas sociais. Hoxe hai máis mulleres traballando en Galicia que nunca. Ese é un dato que vostede —se fora realmente un galego ao que lle interesa Galicia— debería de celebrar. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pero ¿de verdade que non celebremos que hoxe haxa quíntas mil mulleres afiliadas á Seguridade Social máis que nunca na nosa historia? (*Aplausos.*) ¿Non lle parece a vostede iso ben, señoría?

En todo caso, señor Villares, eu felicítoos porque vostede manteña o seu pulso e ademais manteña un diálogo tan frutífero como o que acabamos de manter. A nós interésanos —igual que a vostede— a desigualdade, interésanos o cambio climático...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e interésannos as persoas que o pasan mal. Imos seguir traballando, señor Villares, pero non faga deste tipo de preguntas un plantexamento estridente da situación política real e económica do país e siga vostede traballando para melloralo.



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente. Terminou o seu tempo. Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Iso creo que é un bo planteamento.

Máis nada, señor presidente. *(Aplausos.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as previsións do Goberno galego respecto da incidencia nas políticas que provocan o abandono do medio rural**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días, señor Feijóo.

Eu creo que a situación do país e as súas políticas non lle deberan permitir dar consellos aos demais senón centrarse no seu labor.

Permítame comezar dicíndolle que é vostede o campión da destrución do emprego industrial. Cen traballadores de Isobar van á rúa pola súa incapacidade ou porque prefire compracer... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...a Escotet antes que defender os traballadores. Pecha sendo unha empresa viable por non ter un goberno á altura. ¿Que fixeron vostedes para non conquistar o que a Junta de Castela e León si conquistou, que é garantir o futuro a unha empresa viable? ¿Calará outra vez ou diranos algo, señor Feijóo?

Por outra banda, o director de *O que arde*, Óliver Laxe, afirmou: o que aconteceu no rural foi un holocausto; desta maneira define o proceso de baleiramento e exterminio do rural. ¿Comparte estas verbas, señor Feijóo?

Os datos están aí para quen queira velos: abandono, envellecemento e espolio, favorecidos pola súa década negra, polo desmantelamento do público, por un modelo produtivo en beneficio das empresas extractivas, e polo fiasco das súas políticas de ordenación do territorio, forestais e agrarias. Non se pode inverter a tendencia actual ao abandono sen unha aposta potente polo público. Non se pode inverter esta tendencia pechando escolas, quitando médicos, pediatras, ou deixando sen facer os centros de día necesarios. Non se pode inverter esta tendencia eliminando os técnicos das oficinas agrarias nin os investigadores dos centros de investigación agrarios.

Para vostede, señor Feijóo, o noso rural é unha continuación máis dos negocios dalgúns; vostede, como vicario das multinacionais, utiliza o DOG para que outros gañen o que a xente do común perde. O eólico podería traer traballo e prosperidade ao noso rural, respectando a xente e o noso patrimonio; podería ser así se vostedes non entregaran o vento e a terra para que o capital estranxeiro faga negocio a custa de todos.



Pero vostedes non sempre gañan. No Oribio as denuncias dos colectivos sociais acaban de pararlles os pés e paralizaron esa aberración, eses colectivos que fan o traballo que vostedes deberían de facer, defender o territorio, como fixo a cidadanía hai dezasete anos co *Prestige*.

Tamén está o exemplo de como Ence, inzada de dirixentes populares no consello de administración, é a que dirixe a política forestal e converte o noso nun modelo forestal que crea pouco emprego e riqueza e xera moitos impactos.

Ademais do debilitamento do público, do espolio das empresas extractivas, as súas políticas foron un auténtico fracaso. A medida estrela de ordenación administrativa para o rural, a fusión de concellos, dous nunha década. Na aposta para a xestión conxunta do monte, as sociedades de fomento forestal, lograron constituír dez en dez anos; xestionan 1.389 hectáreas, o 0,01 % da superficie forestal, señor Feijóo.

Fiasco na ordenación dos solos. Perdemos catro veces máis superficie agraria útil que a media do Estado. Prometeu vostede rematar nesta lexislatura os 121 procesos de concentración parcelaria en marcha, e, unha vez máis, vai incumprir a súa promesa.

E, con este panorama, a Consellería do Medio Rural, perdendo dezanove mil empregos no sector agrogandeiro nos últimos dez anos, deixa sen executar no 2018 116 millóns de euros.

O fracaso das súas políticas, señor Feijóo, converte nun problema o que podería ser unha oportunidade. Hai que crear oportunidades para a xente do noso país, e para acadar ese obxectivo, señores do Partido Popular, vostedes son un problema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Despois desta *Apocalypse Now* no rural galego, non entendo moi ben cal é a súa pregunta. Si entendo perfectamente que vostede parece que non se deu conta de que acabara a campaña electoral. Agora vai empezar outra cousa bastante máis seria que a campaña electoral. Supoño que vostedes xa teñen decidido pechar As Pontes e pechar Ence. Sería bo, señoría, porque agora o teñen na súa man, ¿van pechar As Pontes e van pechar Ence? ¿Si ou non?

Segunda pregunta: ¿van realmente darlle traballo a Navantia e manter Alcoa? ¿Si ou non? (*Murmurios.*)

Non, señoría, ¡se aquí vale todo! Se eu non son inquerido por nada. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!



**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Simplemente é unha crónica escrita, por suposto, dun guión malo.

Mire, debate do estado de Autonomía, ¿propostas da Esquerda en Común sobre o rural? Ningunha. (*Murmurios.*) De corenta propostas que podemos facer cada un dos grupos, este señor que interpela e o seu grupo non fai ningunha, ¡ningunha! O rural para a Esquerda en Común non existe. (*Murmurios.*)

Pero, ademais de que non existe, é que cada vez que hai eleccións xerais, ou eleccións autonómicas, ou eleccións municipais, e o Partido Popular gaña estrepitosamente na inmensa maioría dos concellos rurais, vostedes critican porque non saben o que vota a xente do rural. Mire, señor Antón, con todo o respecto, nós dedicámonos ao rural. ¿Sabe por que? Porque nacemos nel. ¿Sabe por que? Porque seguimos xestionando a inmensa maioría dos concellos do rural. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Non, non, señoría, aquí hai algúns grandes estadistas da Esquerda en Común aos que o rural non lles importa nada. Se quere, lea o que opinan do rural eses líderes políticos.

Mire, nós dedicámonos a facer autovías... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e a facer vías de alta capacidade para que o 80 % dos galegos esteamos a menos de quince minutos dunha vía de alta capacidade, beneficiando a vertebración do rural.

Nós dedicámonos ao transporte metropolitano para que a xente do rural poida coller, por exemplo, os autobuses escolares e teña novas vías e novos trazados no transporte rural.

Nós dedicámonos a poñer residencias da terceira idade e escolas e casas niño e casas do maior nos concellos de menos de cinco mil habitantes, porque aos anteriores gobernos non lles interesaba.

Nós interesámonos en rebaixar os impostos no rural e despois a ser criticados polos seus exsócios. No rural galego non se paga un patacón por comprar, por vender ou por permutar. Máis de trescentos mil galegos beneficiáronse destas políticas de impostos cero no rural, que non existen en ningún lugar de España.

Mire, señoría, nós preocupámonos porque cando chegamos ao Goberno a provincia de Lugo e Ourense non tiñan cobertura de banda larga, e hoxe o 98 % dos galegos teñen cobertura. E temos que seguir traballando, señoría, porque necesitamos máis calidade nesa cobertura. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!



**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Nós preocupámonos, señoría, para facer programas como Aprod rural e dar emprego a máis de mil quiñentos traballadores no rural, para a simplificación das cortas de madeira, para a Axencia da Industria Forestal —que non existía— e para a creación de microparques no rural.

Nós preocupámonos do rural, señoría. E, por exemplo —mire—, na agricultura ecolóxica, multiplicamos por seis a superficie da agricultura ecolóxica. En materia de viño, incrementamos a nosa exportación un 20 % e a nosa produción en máis dun 30 %. Somos a segunda potencia en conservas... (*Murmurios.*) —o rural tamén é mar, ¿correcto?— ...do mundo, e exportamos máis pesca que Xapón.

Mire, señoría, a nós preocúpanos o rural, e hai centenas de propostas e de cuestións concretas. Chegamos a acordos cos concellos para mellorar a limpeza das fincas, imos facer unha finca escaparate —e ímolo invitar— no pazo de Quián, en Sergude, en Boqueixón, propiedade da Comunidade Autónoma. E novos selos de calidade: vaca, boi e pan galego. E temos unha estratexia láctea. Por certo...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...nunca producimos tanto leite como agora e nunca se investiu tanto na industria láctea como agora.

Señorías, realmente, ¿de que se nos acusa? ¿De traballar polo rural? Imos seguir traballando ao máximo. Imos seguir centrando a nosa política no rural.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Cremos que o rural existe e existe ademais porque é o ADN dos galegos, e como é o noso ADN, señor Antón, non facemos demagogia co rural. Nós traballamos; vostedes, lamentablemente, traen aquí unha crónica dunha morte anunciada.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente. Terminou o seu tempo. Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Van vostedes apoiar a Lei de recuperación e posta en valor...

**O señor PRESIDENTE:** Rematou, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...da terra agraria, señor Antón?

**O señor PRESIDENTE:** Rematou o seu tempo. Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Réplica, señor Sánchez.



**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Imos moi ben, señor Feijóo. Xa parece que vostede fai preguntas ao Goberno. Váíase acostumando. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Vostede, señor Feijóo, pregunta sobre Ence e As Pontes. Eu preguntolle: ¿van seguir pactando vostedes con Vox, *(Murmurios.)* con esa forza racista, xenófoba... —si, si— ...e machista? *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** E preguntolle, señor Feijóo:... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor. Silencio.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Non sei se son dun partido, o chamado Partido Popular, que pacta con Vox sempre que pode..., *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...unha forza racista e xenófoba. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Por favor, conteste se vostede vai pactar con Vox.

E tamén conteste: xa que pregunta das Pontes e de Ence..., *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...vostedes, que teñen competencias en política económica, ¿cales son as súas alternativas, señor Feijóo? Porque vostede segue sendo presidente da Xunta de Galicia.

Despois falaba da finca escaparate. É certo, as súas políticas son un escaparate; detrás do escaparate non hai nada, señor Feijóo, *(Murmurios.)* non hai nada.

Non puido contestar aos datos que lle dei, porque non pode; son un fiasco as súas políticas, ¡son un fiasco! *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** O que acontece no rural non é casualidade, señor Feijóo. É un proceso de destrución cultural, social e ambiental no que as súas políticas son protagonistas. O negocio especulativo é o seu norte.

Un exemplo máis é o pelotazo que vostedes van dar ou pretenden dar co señor Mouriño en Mos recualificando 950 hectáreas forestais, que expropia o concello, para entregarllas ao





señor Mouriño para que instale un centro comercial de cento corenta mil metros cadrados. Esa é a súa concepción sobre o rural: quitarllo á xente do común e que fagan negocio uns poucos; é un bo exemplo.

Recortou servizos públicos constantemente nestes anos. Hai xente moza que, tendo actividades economicamente rendibles, sae e escapa do rural porque non ten eses servizos públicos para eles nin para os seus fillos.

Vostedes dixeron sempre que un dos principais problemas do monte galego era a fragmentación da propiedade e crearon as sociedades de fomento forestal disque para resolver este problema. Xa lle dei os datos, é un auténtico fiasco. Señor Feijóo, non ten alternativas, non ten ningunha solución para iso.

Perdemos a superficie agraria útil neste país catro veces máis que a media do Estado, mentres estamos importando novecentos millóns de euros de alimentos todos os anos... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...e mentres os lumes asolan o noso país, señor Feijóo.

Vostede prometeu rematar as concentracións parcelarias nesta lexislatura, e non o vai facer; unha promesa incumplida máis; vostede mente.

Vostede pode permitirse dicir que é moi importante a investigación para o agro galego, pero no principal centro de investigación agrario de Galicia, o centro de Mabegondo, de 22 prazas de investigadores, están 11 vacantes, señor Feijóo. Vostede pode falar moito do ADN, con esa lóxica apabullante de que quen nace no rural defende moi ben o rural como presidente da Xunta. Apabúllame esa lóxica e apabúllame que vostede...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...non poida ter argumentos máis sólidos que eses.

Señor Feijóo, di que apoia a xente do rural e, en cambio, está desmantelando todas as oficinas agrarias comarcais. Di que apoia a xente do rural, impostos cero no rural, señor Feijóo. Estase rindo da xente. Pregúntelle á xente do rural canto lle subiu nos anos que vostede goberna o recibo do IBI, o IVE, a auga, (*Murmurios.*) e a electricidade, medidas decididas polo Partido Popular en Madrid, señor Feijóo...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...e verá como lle din..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.



Remate, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...en relación cos servizos que agora teñen con respecto a hai dez anos, que pagan moitísimos máis impostos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Peche desta pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas.

Señor Sánchez, di vostede que teño que empezar a acostumarme a formular preguntas ao Goberno. O que si lle podo asegurar, señoría, é que eu dalgúns gobernos non formaría parte xamais. A vostede válelle calquera cousa; a nós non, señoría. A nós non nos vale calquera cousa, porque nós temos un compromiso cos galegos. (*Murmurios.*)

Cando me pregunta que teño que facer ou cal é a miña proposta de Ence, moi claro, señoría: mantela; si, mantela; mantela, mantela, namentres non atopemos un lugar axeitado para trasladala. Esa é a nosa proposta e plantéxoa por se acaso vostedes nalgún momento teñen algunha responsabilidade —altísima— no próximo Goberno de España, que vai ser un goberno fantástico, señoría.

Pero, en todo caso, o que me sorprende é qué me propón vostede para os temas fiscais, que subimos o IBI e a auga, dous impostos municipais, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) dous impostos municipais. O imposto de bens inmobles e a auga son dous impostos municipais que... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...subiron as Mareas sempre que puideron, señoría..., (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ...incrementando a presión fiscal a todos.

O señor Vázquez, señoría, non sabe nin sequera que é o pleno municipal o que pon o IBI en cada concello. Non me estraña, señoría, que a vostedes o imposto sobre o rural non lles interesa. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Mire, señoría, nós levamos dez anos no goberno, xa temos a nosa biografía, vostedes xa teñen a súa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Lugo e Ourense son as provincias con maior investimento per cápita de Galicia, ano tras ano, novecentos euros máis por habitante en Lugo e Ourense que nas provinciais atlánticas.



Debate do estado da Autonomía, propostas de Esquerda en Común para o rural, cero. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿As que votaron a favor? Unha que transaccionamos co PSOE. ¿Todas as do PP? Ningunha.

Promover unha maior dotación de servizos máis ampla en todos os concellos do rural galego. ¿Voto de Esquerda en Común? En contra.

Mobilizar no Banco de Terras 170.000 hectáreas necesarias, unha transacción co BNG. ¿Voto do seu grupo? En contra.

Sector lácteo, un 24 % máis de incremento de produción no sector lácteo.

Sector vitivinícola, un 37 % máis de produción no sector vitivinícola.

Carne de vacún, tres mil toneladas máis ao ano de produción de carne de vacún en Galicia.

¿E agora impútasenos que? Concentración parcelaria, 104 procesos de reestruturación parcelaria abertos que finalizaremos nesta lexislatura. Si, señor Sánchez.

Pero mire, eu voulle resumir o que pensa o seu grupo sobre o rural. Permítame citar. A Galicia rural é unha idea distorsionada que se vende con fins electoralistas. Sigo. Que Galicia é eminentemente urbana. E terceiro, a maioría da poboación vivía no eixo atlántico e a riqueza do país prodúcese arredor das áreas urbanas.

Esta é a proposta de Esquerda en Común sobre o rural galego. Cito un dos seus dirixentes, é máis, un dirixente dos máis sensatos que ten. ¿Isto é o que opina do rural o Grupo Esquerda en Común?

Miren, señorías, non sei como se atreven a ir polo rural.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación das súas políticas para as cidades galegas**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, permítame que lle faga unha pequena aclaración, para ser rigoroso cando se dan as cifras nesta cámara parlamentaria. Non hai máis que entrar na páxina do Instituto Galego de Estatística para ver cales son os números da poboación feminina ocupada en Galicia na última década. E os datos son públicos e notorios. Aquí hai alumnos que poden estar



na universidade dentro de poucos meses e hai que darlles o rigor dos datos para cando estuden materias económicas.

Mire vostede, no ano 2008 en Galicia había 500.028 mulleres traballando; en 2009, 524.600; en 2018, 515.000. O último dato, último trimestre, o terceiro de 2019, é 520.300. Non foi o máximo histórico, mentres en España si hai hoxe máis mulleres traballando que hai dez anos. En España, si; en Galicia, non. Sexa rigoroso cos datos.

Mire, señor Feijóo, eu quero dicirlle que a Galicia do futuro é unha Galicia que ten que contar tanto co medio rural como coa Galicia urbana, que necesitamos vertebración territorial nas políticas públicas da Xunta de Galicia, e iso implica tanto facer políticas que respalden e impulsen o medio rural como políticas que dinamicen e consigan conectar coa Galicia urbana, a Galicia máis puxante, que ten que ser un tractor para o desenvolvemento económico e social do noso país.

A Xunta de Galicia carece dunha estratexia de planificación territorial. En once anos de goberno vostede carece de calquera tipo de plantexamento, de estratexia, de planificación que teña que ver coa xeografía económica do noso territorio e, especificamente, coa xeografía económica das urbes. A política urbana non é unha suma de distintas políticas de conselleiros, é necesario ter unha planificación territorial para que as áreas urbanas de Galicia poidan ter pulo, e iso implica conectar todos os eidos das infraestruturas, dos servizos públicos, do saneamento, das políticas de I+D+i, de capital humano, unha planificación territorial, porque Galicia necesita o respaldo do medio rural, pero necesita ser liderada pola Galicia urbana.

E en once anos de goberno á fronte da Xunta de Galicia vostede non conectou coa Galicia urbana. O Partido Popular illouse da Galicia urbana. Por iso vostedes non gobernan en ningunha das sete grandes cidades galegas, por iso cada vez que hai eleccións os galegos que viven nas cidades suspenden de forma palmaria e radical o Partido Popular. (*Murmurios.*)

Por iso, señor Feijóo, o único socio que vostede ten na Galicia urbana é o alcalde de Ourense, é o seu socio de referencia cando fala dos pactos políticos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) aquel que vostede consideraba letal para a cidade de Ourense. E os que foron letais para as cidades galegas foron os anos de goberno do Partido Popular, os seus once anos de goberno á fronte da Xunta de Galicia.

Galicia necesita un goberno que teña capacidade de conectar con esa Galicia urbana, que teña capacidade de pular polo futuro do noso país, de impulsar a Galicia urbana como mecanismo tractor. ¿Cales son as súas políticas para cambiar o illamento que lles deu ás cidades? ¿Cales son as súas políticas para conectar cunha cidadanía urbana que o ve a vostede como un problema e o seu goberno como un inimigo da Galicia urbana? Cambie as súas políticas e planifique a xeografía económica e territorial co impulso das políticas urbanas, porque é necesario na Galicia do futuro ter un impulso urbano tamén dende a Xunta de Galicia.

Moitas grazas, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.



Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Aproveitando que están aquí os alumnos e as alumnas dun dos mellores colexios de España, polo cal o felicito, debería vostede de non tomarlle o pelo non a esta cámara, senón tamén aos alumnos que están aquí. Vostede fala da EPA, eu falei de afiliacións á Seguridade Social. (*Murmurios.*) Vostede si que non é rigoroso, señor Caballero. Falei de afiliacións á Seguridade Social, quiñentas mil mulleres afiliadas, o récord de afiliación de emprego feminino en Galicia; (*Aplausos.*) afiliacións á Seguridade Social.

Pero, en todo caso, señoría, como vostede é unha persoa moi rigorosa, acabamos de escoitar cal é a alternativa. Para o anterior portavoz, do Grupo de Común Esquerda, é que descoidamos o rural; temos un esforzo centrado nas cidades, descoidando o rural. E a proposta do Partido Socialista é que descoidamos as cidades (*Murmurios.*) e que as cidades son o pulo e, realmente, o futuro do país. Señoría, ¡menudo futuro lle espera a Galicia con vostedes nalgún sitio, señoría! (*Aplausos.*) ¡Menuda broma, menuda broma acaban vostede de trasladar!, sen solución de continuidade, ¡eh!, isto en tempo real.

Mire, eu creo que imos ser comprensivos con vostede hoxe, porque estou seguro de que vostede, igual que o 95 % dos españois, non puideron durmir esta noite. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Xa sabemos, señoría, que isto non vai acabar ben, pero o lamentable é que non puido empezar peor. Xa non se molestan en disimular, simplemente lle toman o pelo a todo o país durante seis meses —que se pode durmir, que se non pode durmir; ¿a quen lle deixaría as chaves?, a calquera menos a Pablo— e agora resulta, señoría... Vostedes deben unha desculpa a todos os galegos e a todos os españois. Si, señoría. (*Murmurios.*)

Hai dúas semanas vostede falaba nada máis e nada menos, por suposto, de que volverían gañar as eleccións —que perderon— e de centralidade política. Hoxe sobre a centralidade política o seu silencio é clamoroso, clamoroso, (*Aplausos.*) clamoroso, señor Caballero.

Mire, onte vostedes firmaron dúas cousas: un goberno de España que non sabemos cantos meses durará e non gobernar Galicia durante moitos anos. Esa é a súa declaración de onte alí no Congreso dos Deputados.

Mire, se os galegos xa sabían que este goberno e esta estabilidade política e institucional en Galicia ben vale a pena, a partir do que vai vir daranse conta de que a estabilidade política, a centralidade política e o sentido común dos galegos vai ser moi superior a estes pactos contra natura do Partido Socialista con calquera, señoría, con calquera. Por iso a vostede lle dá igual dicir unha cousa que a contraria, ¡que máis dá! A centralidade política do señor Caballero agora resulta que muta e é a centralidade que necesita para poder gobernar España, con alguén ao que deostou, insultou e criticou durante seis meses continuados, con aqueles que dicían «en ningún caso gobernaremos con eles» e durante seis meses tivéronnos na absoluta inestabilidade, máis outras eleccións e en corenta e oito horas deixaron sen efecto o que dicían vostedes dende que temos coñecemento...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e oído.

Mire, señor Caballero, isto merece unha aclaración. En primeiro lugar, descúlpese vostede nesta cámara, non volva falar de centralidade política; e, por favor, non nos tome o pelo entre o rural e o urbano. Non pode ser que un goberno non atenda o rural e, simultaneamente, non atenda o urbano. Iso é imposible, señoría. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Non, non, os galegos non din iso cando son consultados, señoría.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Vostedes sigan vivindo nos mutis, nos mundos... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Sigam vostedes tan centrados...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Sigam vostedes tan centrados, sigan vostedes tan coherentes e non se preocupen, señoría, que os galegos nos mantemos de pé.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, vostede fixo un magnífico balance do seu goberno, vostede amosou hoxe como vostede abandonou o medio rural en Galicia e como vostede non tivo capacidade de liderar as políticas urbanas. Esa é a realidade dun país, un país que sabe que co goberno do Partido Popular na Xunta o país vai a menos e que non ten capacidade nin de impulsar a Galicia urbana máis dinámica nin de darlle futuro a unha Galicia rural que vai quedando máis baleira. É o seu suspenso, e claro que suspende en política urbana e claro que suspende en política de medio rural, porque nin tivo orientación nin ten proxecto para o país. Simplemente está vostede na política de confrontación e non escoita os galegos, señor Feijóo.



Mire vostede, o 54 % dos galegos e das galegas volveron votar este domingo por un goberno progresista coas forzas de esquerda, (*Murmurios.*) o mesmo que no mes de abril, señor Feijóo. Escoite vostede unha cidadanía galega que votou de forma clara... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Tranquilidade. Perdoe un momento. Tranquilidade, por favor. Está falando o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista. Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, señor Vega, que xa ten unha chamada vostede. Silencio.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, para ser presidente da Xunta e conectar coa cidadanía, hai que escoitar os votos dos cidadáns. Os votos do Partido Socialista, os votos das forzas progresistas foron votos que sumaron o 54 %, e os votos das dereitas coa extrema dereita en Galicia, das tres forzas de coalición que gobernan onde lles dan os números, esas forzas acadaron o 44 % dos votos; o mesmo nivel que tiveron en abril. Vostedes simplemente conseguiron succionar parte do voto do afundimento de Ciudadanos. Esa é a realidade dun país que claro que quere progresar e quere avanzar, e quería un acordo en España para ter un goberno de progreso e de avance, fronte ao risco que ese Partido Popular que abandonou a centralidade supón para o noso país.

Claro que somos a centralidade, (*Murmurios.*) porque somos a esquerda de Galicia, pero somos a centralidade política porque representamos a maioría das galegas e dos galegos. A centralidade do 55 % que non queren ver nin a Casado nin os seus socios da extrema dereita controlando España, e que non queren en Galicia un presidente da Xunta que fai un discurso cínico, que di unha cousa un día e outra outro, pero que, cando o Partido Popular pactou con Vox en Andalucía, vostede dixo, señor Feijóo, que ese pacto o podía respaldar calquera. Vostedes si; nós, coa ultradereita, non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moi ben. Realmente eu non sei quen é o Tezanos do Partido Socialista en Galicia, pero anden con ollo, non teña o inimigo na casa. (*Risos.*)

Tras escoitalo hoxe, tras escoitalo incluso o domingo pola noite, cada vez hai máis galegos que se preguntan: ¿en que mundo vive vostede, señor Caballero? Nós estamos en Galicia, somos galegos, vivimos aquí, traballamos aquí e defendemos os galegos. O PSOE, certamente, foi a lista máis votada en España. En Galicia foi o Partido Popular. (*Aplausos.*) O PSOE en Galicia baixou máis que o Partido Socialista en España e o PP en Galicia subiu máis que o resto dos Partidos Populares de España. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, de corenta e dúas actas nas Cortes Xerais, o Partido Popular ten vinte e tres, e vostedes, quince. En vez de traer unha intervención prefabricada, fíxese que ben lle ía a vostede, señoría, se neste parlamento fixera outro tipo de intervencións. (*Murmurios.*)



Mire, hai que ser humilde na vitoria. Vostede non o foi en abril. O que é patético é ser soberbio na derrota, señor Caballero. (*Aplausos.*) Iso é patético, patético.

Vostede, eufórico, señor Caballero, nunha das tres comunidades autónomas de España onde o PP gañou as eleccións. ¿Que sería se vostede gañara estas eleccións? Humildade, señor Caballero, na vitoria, e cando perda, por favor, non faga o ridículo. (*Risos.*) Hai que ser humilde cando se gana, e non facer o ridículo nunca.

Pódollo asegurar. Mire, a axenda galega está aí, presenteina con independencia de quen votara, quen gañara, a axenda galega está aí, os problemas dos galegos están aí e nós imos seguir defendendo os problemas dos galegos fronte a calquera partido político que governe en España.

Mire, vén aquí falarme dun partido que non ten nin deputados no Parlamento, nin deputados provinciais, nin un só concelleiro no país. ¿Vén vostede falar disto? E dime non sei que dun pacto cun partido que di o mesmo que vostede: o obxectivo é botar a Feijóo. Xa coinciden, señoría. (*Risos.*) Entendo perfectamente que fixera de telonero no mitin que deu aquí en Galicia, porque teñen o mesmo obxectivo, que é botar a Feijóo.

Pero o problema non é Feijóo, señoría. O problema son os galegos que temos dereitos e os imos defender, e o señor Feijóo é un galego máis que vai defender os intereses de Galicia sempre, señoría (*Aplausos.*) Non teño máis compromisos que defender os intereses de Galicia, ningún outro, señoría.

Fala vostede de extremos, cando resulta que lle van mendigar o voto do BNG, mendigar o voto do BNG no Congreso dos Deputados. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señoría, vanlle mendigar o voto do BNG. Ben, vivir para ver. O BNG, Bildu e Esquerra Republicana van ser os seus socios. Iso é centralidade política pura, señor Caballero. (*Risos.*)

O que si lle digo, señoría, é que a Xunta é libre e seguirá sendo libre. Imos defender os intereses dos galegos por riba de calquera partido político, incluso do meu. E imos defender os intereses dos galegos sempre, porque para iso nos votaron os galegos, señoría, para defender os seus intereses.

E lamento profundamente que vostede, que é soberbio ata cando perde, perda o deputado mellor que ten o Grupo Parlamentario Socialista na Cámara (*Murmurios.*). Laméntoo profundamente, señor Caballero. ¿Sabe o que lle pasa? Que lle estorban os que saben máis que vostede. Ese é un problema, señoría, (*Aplausos.*) ese é un verdadeiro problema. (*Murmurios.*) Si, señoría, si, alá vostede.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Mire, a centralidade política consiste en aceptar as virtudes de parlamentarios que non están no noso grupo. E isto non é de agora. Xa aceptabamos a súa virtude cando vostede se adicaba a non vir ao Parlamento. Pois ben, teño que dicirle e despedirme do señor Leiceaga con respecto, e con admiración,





e dicirlle ao señor Leiceaga que ten o respecto e a admiración deste grupo, moito máis que o de vostede.

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Modificación no desenvolvemento da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha alteración da orde do día. Agora, como saben, é unha pregunta ao conselleiro de Sanidade.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar os impedimentos á prestación dun servizo de pediatría digno e con garantías ás crianzas de Ourense**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor conselleiro, despois de desmantelar a atención de cirurxía pediátrica xa no 2013, seguen vostedes facendo que ser neno ou nena na provincia de Ourense non supoña ter os mesmos dereitos que noutras partes do país *(Aplausos.)*, e iso é inadmisibile.

Mire, nas comarcas ourensás hai 30.686 menores de 15 anos que teñen os mesmos dereitos que calquera outro, e mire isto que teño aquí, *(A señora Presas Bergantiños mostra un documento.)* se é capaz de soste a vergonza. Acaba de coñecerse, pola prensa, que hai mil douscentas citas de pediatría do hospital de Ourense aprazadas, mil douscentos nenos e nenas que van estar sen atender, non sabemos canto tempo. E isto dío o xefe de Pediatría do CHUO, non o di o BNG, dío o señor Cebrián. Cando menos mil douscentos, porque non sabemos cal é a lista de agarda no hospital de Verín e no hospital do Barco.

Por iso, señor conselleiro, hoxe o primeiro que lle pedimos son explicacións e que diga a verdade. Dea aquí os datos de lista real de agarda do CHUO, do hospital de Ourense, do hospital de Verín e tamén do hospital de Valdeorras. Queremos saber a verdade. E, en segundo lugar, busquen solucións, paren de mirar para outro lado diante dun problema que, lonxe de resolverse, non para de agravarse.

Precisamos, señor conselleiro, outra política de atracción de persoal sanitario, porque sabe vostede que fracasaron na que están a facer, porque os pediatras e as pediatras de Ourense non se evaporan, moitos deles van traballar a outras partes de Galicia, xa nin sequera a outras partes do Estado ou a outras partes do mundo, senón que marchan porque hai mellores condicións e mellor organización, e iso é o fracaso da EOXI de Ourense. *(Aplausos.)*

Ademais, vostedes tapan recorrentemente os ollos diante dos problemas de relevo xeracional. Voulle poñer un exemplo. Hospital de Verín, ¿cantos anos hai que saben que ese persoal



se ía xubilar? Moitos anos, señor conselleiro, e foi advertido tamén neste parlamento, pero vostedes prefiren mirar a outro lado porque teñen unha axenda oculta, a axenda oculta de que nuns anos en Ourense, na provincia de Ourense, en concreto no hospital de Verín, nin se atendan partos nin se atendan nenos e nenas. Esa é a súa axenda oculta.

E hai problemas tamén no Barco de Valdeorras. Sabe perfectamente que hai tamén consultas programadas que están suspendidas e tamén que non funciona a súa organización de quendas. O propio Tribunal de Xustiza de Galiza tivo que dicirlles que de Ourense ao Barco non se chega en vinte minutos. Ese é o nivel que teñen vostedes de atención á pediatría en Ourense.

E, polo tanto, dicímoslle, señor conselleiro: basta xa, basta xa de listas de espera, basta xa de desmantelamento encuberto, basta xa de condicións abusivas sobre os traballadores e traballadoras. Queremos solucións, e por iso preguntámoslle hoxe: ¿que van facer para garantir que as crianzas de Ourense teñan unha atención pediátrica digna, señor conselleiro, propia deste século e non do Medievo? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Señor presidente, moitas grazas.

A verdade é que é certo que o feito de que non sexa a portavoz de sanidade a leva a cometer erros importantísimos, e ao falar ademais da medicina do Medievo creo que está atacando os trinta e oito mil profesionais que temos na sanidade galega.

No Servizo Galego de Saúde apostamos polo mantemento do actual modelo de atención pediátrica, tanto nos centros de saúde como nos hospitais, para os nenos e nenas galegas; un servizo equitativo, accesible e de calidade.

En España temos neste momento un problema de natalidade importantísimo, posiblemente un dos maiores desafíos. En Ourense, concretamente, pasamos de ter 37.608 nenos en 1999 a 30.686 no 2018, unha diminución do 18,6 %.

En atención primaria, o modelo de asistencia en atención primaria ten unha cobertura por pediatras en Galicia de case o 90 %; é dicir, do total de prazas, o 90 % están cubertas por especialistas en pediatría, unha porcentaxe superior á media de España, que está nun 75 %, ou de comunidades como Andalucía, que está ao redor do 70 %, ou Castilla-La Mancha, que está por debaixo do 60 %, e en Baleares, o 50 %.

No hospital, á parte das melloras nas instalacións —o último exemplo é o das obras nas urxencias pediátricas no Materno-Infantil da Coruña, a punto de rematar— ou da incorporación de novos equipamentos dese que di vostede que estamos querendo pechar, nestes momentos estamos levando a cabo a adquisición de material de equipos para os servizos de pediatría e cirurxía pediátrica de Ourense, por importe de case trescentos mil euros, entre



os que están dous respiradores para neonatos, outro de transporte, broncofibroscopios, dous cardiotocógrafos, dúas incubadoras para a unidade de neonatos e UCI pediátrica, equipos para espirometrías, etc.

Ademais, estamos tomando medidas para diminuír a incidencia doutro gran problema que hai en España, que é a falta de pediatras, que é un problema nacional. ¿E que fixo o Goberno galego, pioneiro neste feito de loita contra esta falta de profesionais? Pois o incremento na idade de xubilación, hai case catro anos, a estabilización da plantilla, OPE dende 2012 con 103 prazas para pediatras de atención primaria, creación de novas prazas no plan de atención primaria —haberá vinte prazas máis de pediatría de atención primaria en 3 anos—, e, por outra parte, a creación da categoría de enfermeira especialista en pediatría, dotando de prazas para unha mellora significativa de atención.

A falta de cobertura en baixas ou vacacións non se trata dunha cuestión económica. Estamos a falar de que se ofertaron vacantes, interinidades, como ben saben, o paso previo á obtención dunha praza en propiedade.

Tamén pedimos un MIR extraordinario ao ministerio, que foi rechazado. Pedimos a ampliación da formación do número de pediatras en formación, que este ano por fin nos deron. Incrementamos iso un 35 % máis.

Pedimos a eliminación...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...da taxa de reposición e, dende logo, seguimos pedindo a axilización e homologación de títulos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro. Rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

Réplica, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor conselleiro, claro que sei do que falo, primeiro porque eu veño aquí, ao Parlamento galego, cos deberes feitos, despois de falar con profesionais e con pais e nais afectados por esta situación. (*Aplausos.*) E, segundo, porque eu veño aquí, ao Parlamento galego, a dicir a verdade que vostedes ocultan e manipulan. E, dígame, señor conselleiro, entón, ¿mente o xefe de Pediatría do CHUO cando di na prensa ourensá que hai 1.200 citas aprazadas só no hospital de Ourense?, ¿si ou non? Diga cal é a lista de agarda real nos tres hospitais de Ourense, (*Aplausos.*) é o que ten que vir facer aquí.

Diga a verdade e poña solucións enriba da mesa. Se hai tantos problemas para buscar pediatras, eu fágolle unha pregunta: ¿por que aos que atopan lles ofrecen contratos de tres ou de seis meses? ¿por que non ofrecer unha carreira profesional atractiva? (*Aplausos.*)



¿Pensa vostede que con peonadas se pode solucionar todo? ¡Claro que non! Mire, de maio deste mesmo ano: condena do Tribunal de Xustiza de Galicia ao Sergas de pagar 15.000 euros a un pediatra ourensán por sobrecarga de traballo. Esta é a política laboral da que foxen os pediatras de Ourense, señor conselleiro. Esta é a súa responsabilidade.

A solución tampouco é que os médicos e médicas traballen ata os 120 anos, porque non son inmortais, señor conselleiro. A solución é outra política laboral, de atracción de persoal, e a solución é blindar tamén os hospitais do Barco e de Verín, porque os nenos e nenas desa parte do país tamén teñen dereito a unha atención de pediatría de primeira.

Polo tanto, menos desculpas e máis facer o seu traballo. E, desde logo, non me veña con desculpas das melloras que fai no hospital de Ourense, porque, se quere, falamos do que pasou esta fin de semana na cociña do CHUO. ¿Falamos dese forno que rebentou? ¿Falamos dese accidente laboral que houbo este fin de semana nesa cociña do CHUO? ¿Falamos de que os fornos da nova non teñen, sequera, a potencia eléctrica adecuada para estar en funcionamento e que están atrasando a apertura...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...da nova cociña do CHUO?

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non nos veñan con historias, señor conselleiro. Sabemos que a política...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas. Terminou o seu tempo. Grazas, señora Presas. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Grazas, señora Presas. Terminou o seu tempo.

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Grazas, presidente.

A verdade é que é curiosísimo que o seu grupo fale da KGB. Iso si que é curioso, a verdade que si. Grazas a Dios, desaparecida hai tempo. Non sei se queren recuperala.

Miren, a atención pediátrica especializada da provincia de Ourense está nestes momentos condicionada pola concorrencia dunha circunstancia simultánea que se produciu nos hospitais de Verín e O Barco de Valdeorras no período estival 2019. No caso do Hospital de Verín, o pediatra que asumía un gran número de gardas deixou de facelas por motivos de idade; e no caso do Hospital Comarcal de Valdeorras, o pediatra de plantilla está desfrutando dunha baixa paternal á que ten dereito, loxicamente, e estou facendo. En ambos os casos, sen posibilidade ningunha de substitución, ao non existir ningún especialista dispoñible.

Di vostede que nós ofrecemos contratos de tres meses. Curiosamente, convocamos dúas prazas vacantes de pediatría no Hospital de Verín, interinidades, o máis estable sen apro-



bar unha oposición, e quedaron desertas ao non presentarse ningún especialista. Non é certo que sexa un tema económico, non é certo que sexa unha política da Consellería, é que non hai especialistas, pero non é só en Galicia, tamén é en España. En España están utilizando médicos de familia para dar atención pediátrica en atención primaria, e nós non.

Ante esta circunstancia, o Servizo de Pediatría de Ourense asumiu a responsabilidade de efectuar a cobertura da atención pediátrica nos dous hospitais comarcais, sen a cal sería imposible a atención aos partos, o que supuxo sumar as gardas que se realizan, loxicamente, no hospital de Ourense. Este feito está a obrigar á realización dun excepcional esforzo da plantilla de pediatría deste servizo. Como consecuencia desta situación, foi preciso adiar 1.200 consultas —como ben dixo— correspondentes a consultas externas de subespecialidades, vendo previamente se a priorización era necesaria, se era posible ou se podían demorar. E, loxicamente, as que se poden demorar son as que se demoraron.

Novamente, o esforzo deste servizo está a permitir ir absorbendo esta actividade en xornadas extraordinarias —tamén o sabía vostede cando fala de peonadas, nós falaremos de xornadas extraordinarias—, e así se seguirá facendo os vindeiros meses. Nas próximas semanas esta situación mellorará, ao incorporarse da súa baixa paternal o pediatra do Barco, e de [...] a carga asistencial que, loxicamente, produce no Hospital de Valdeorras.

Desde o Servizo Galego de Saúde adoptáronse todas as medidas ao noso alcance para poder minorar o impacto desta circunstancia. Temos claro cal é o camiño: máis profesionais e máis estables; mellores instalacións e equipamento —creo que o que recordei anteriormente, a compra de material de última tecnoloxía para o hospital de Ourense o confirma—. Queremos unha atención pediátrica de calidade, accesible, equitativa, na que a seguridade sexa un elemento fundamental.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Retomamos a orde do día, volvemos ás proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Mos para facilitar a execución do proxecto de construción da Cidade Deportiva do Celta e dun centro comercial**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 57302).



Emenda de adición.

Engadir un novo punto co seguinte texto:

«4. Aprobar unha moratoria na construción de grandes superficies comerciais na área de Vigo».)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

¿Que imos esperar dun presidente da Xunta de Galicia que di –e non se pon colorado– que a subida do IVE en Galicia foi por responsabilidade dos concellos e non por un decreto asinado polo señor Rajoy —o dúo Rajoy-Montoro— e referendado en 2016 outra vez, actualización dos valores catastrais, coeficiente de actualización, ou que di que a subida da auga é debido tamén ao cobro por parte dos concellos, cando houbo unha lei de augas que instaurou o canon da auga, polo que teñen que pagar incluso á xente que fixo os seus pozos e as súas traídas veciñais sen que a Administración pública aportase nin un céntimo? ¿Que se pode debater cun home que mente tan descaradamente e non se pon colorado? Pois pouco.

Ben, imos co tema que nos trae hoxe aquí.

Mentres unha parella de Vigo con dúas fillas de 7 e 13 anos, que cobra a Risga, vai ser desaloxada sen que a Xunta de Galicia nin o Concello de Vigo lle dean alternativa habitacional porque non teñen vivendas públicas á disposición despois de anos e anos esquecendo esas políticas públicas para garantir o dereito á vivenda, mentres iso é así, prepárase en Mos un gran pelotazo que nos retrotrae ao peor do período da burbulla inmobiliaria.

Non hai solo para facer vivenda pública para a xente que o necesita, pero axiña se lle busca acomodo a un centro comercial de 140.000 metros cadrados. Despois de aprobar o Plan xeral de ordenación municipal no ano 2017, o Partido Popular dispónse a facer unha megarecualificación para que unha empresa privada, un empresario privado, faga un gran negocio a custa da ordenación sustentable de Mos, do monte veciñal, do comercio local, da mobilidade das augas de consumo e das propiedades dos veciños e veciñas de Mos.

O Partido Popular mostra, unha vez máis, a súa verdadeira faciana. Para o Partido Popular o urbanismo serve para especular, privatizando beneficios e socializando perdas.

Xa o ano pasado, por estas alturas, descubrimos *in fraganti* o Partido Popular tratando de mudar na lei de acompañamento o mecanismo de expropiación, para privatizar o proceso expropiatorio e que o Celta puidese actuar como axente urbanizador —famoso, desgraciadamente, en Valencia, e na costa do Mediterráneo, nos anos da burbulla inmobiliaria—. Non prosperou porque os pillamos nas patacas, pero o resultado non cambia moito.

O Concello de Mos —coa señora Arévalo á cabeza— pretende encargarse de expropiar os terreos de veciños e veciñas de Mos para entregarllos a Mouriño, amigo do Partido Popular. Un auténtico roubo que pretenden legalizar.



A operación especulativa ao estilo marbellí esconde graves irregularidades. Preténdese facer pasar por modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal o que debe ser unha revisión completa do Plan xeral de ordenación municipal. Debe considerarse como revisión do Plan xeral segundo o disposto no artigo 200.3 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia e do artigo 22.7 e da disposición transitoria cuarta do texto da Lei do Solo do Estado, porque, en efecto, a alteración do contido do Plan xeral de Mos supón a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio, especialmente da clasificación do solo, motivada por circunstancias de carácter económico que inciden sobre a ordenación. Isto é o que di o artigo da Lei do Solo, do regulamento da Lei do Solo de Galicia que vostedes aprobaron. Non son capaces de cumprir nin coas leis que vostedes aproban, fan e desfán e modifican unha e outra vez. Nin sequera lles dá para poder facer negocios cos amigos.

Neste sentido, ten que terse en conta que o Plan xeral foi recentemente aprobado, hai dous anos, e xustificábase que se destinaba solo adecuado e suficiente para actividades económicas e para usos residenciais, atendendo as necesidades da poboación. Ten que terse en conta que o novo sector urbanizable reclasificado, que son 980.000 metros cadrados, duplica o solo urbanizable que xa hai en Mos, que son 940.000 metros cadrados.

O investimento total para a execución do Plan xeral de Mos estaba en 71,8 millóns de euros, e isto vai custar 62,8 millóns de euros, o que implicaría un incremento de case o cen por cento dos investimentos que vai ter que facer o Concello de Mos, e, ademais, proximamente. E despois, que a reclasificación como solo urbanizable representa máis do 32% da superficie en solo urbanizado do termo municipal e supera o umbral do 20%, o que obriga a exercer de forma plena a potestade de ordenación. Iso é unha revisión completa do Plan xeral de ordenación municipal.

Ademais, non está xustificada, porque non existe o interese público da modificación. Non se considera xustificada a previsión de 125.000 metros cadrados para uso terciario, para uso comercial, porque a memoria xustificativa do Plan xeral de ordenación municipal xa ten unha xustificación onde especifica a idoneidade e a suficiencia da superficie para Mos, que ten en conta o Concello de Mos e tamén o comercio da área que circunda Mos, da área metropolitana de Vigo. Están xustificadas e feitos con cálculos tecnicamente apropiados. En cambio, nesta revisión non se xustifica e non se ten en conta o efecto que podería ter sobre os comercios da contorna ou sobre o comercio local do propio Mos. Non ten, tampouco, a análise polo miúdo dese impacto.

Terá un alto impacto paisaxístico, como se indica no informe do Instituto de Estudos do Territorio, dado o volume edificado, que concentra 125.000 metros cadrados, xa que se pretende facer, ademais, como escusa, unha cidade deportiva, que hai que dicir que son 12 campos de fútbol —creo— basicamente; 12 campos de fútbol edificados con varias alturas.

Por último, o principal argumento para implantar este centro comercial é facer viable unha operación urbanística para crear a cidade deportiva, e dise descaradamente no documento dos promotores. É dicir, eu, unha entidade deportiva privada, quero facer unha cidade deportiva, e para que a min me saia rendible e non teña que aportar ningún carto, tesme que recualificar 125.000 metros cadrados para que eu os venda, especule con eles, colla os cartos,



faga a cidade deportiva e me saia gratis. ¡Home, supoño que todas as veciñas e veciños de Mos quererán algo así! É dicir, eu vou facer unha casa nunha leira que teño aí, pero tesme que recualificar un monte que teño no concello para que eu o venda e facer así a miña casa. ¡É así de claro! E isto todo, ademais, cun sistema de expropiación onde o concello expropia aos veciños, incluída a comunidade de montes de Tameiga, cun instrumento de ordenación aprobado —que non nos sobran neste país— e con vontade de manter o uso forestal e de ocio que ten o monte, exprópiase a toda esa xente, para darllo nun concurso que disque non vai estar amañado para que lle toque ao Celta, ao mellor vai o Pontevedra ao concurso e tamén lle dan a cidade deportiva ao Pontevedra, ¿verdade? Creo que, se se fai, acabará sendo para o Celta, pero bueno. É un concurso, ¡vamos ser ben pensados!, un concurso onde casualmente vai ser o Celta quen presente a mellor oferta, porque os pregos xa os vai escribir o señor Mouriño. ¡É un auténtico escándalo!

Tampouco se tiveron en conta outras alternativas, nin aparecen descritas outras alternativas na modificación do plan xeral. Alternativas que poderían ser: a idoneidade de situar a cidade deportiva en Mos; a posibilidade de facer a cidade deportiva sen ese centro comercial de 125.000 metros cadrados; a posibilidade de situar a cidade deportiva en solos urbanizables non desenvolto, dos que hai moitos miles de metros cadrados no Concello de Mos. E non se estuda porque isto é un pelotazo.

E claro, non se pode situar a cidade deportiva en solo urbanizable porque custa máis e porque hai que aportar. O mellor é comprar barato e vender caro. Iso é evidente, ¿non? É unha conta que teñen feito vostedes moitas veces.

Polo tanto, é unha auténtica e enorme cacicada que non se xustifica desde ningún punto de vista; nin de xustiza coa veciñanza, nin a nivel paisaxístico, nin ambiental. Non se ten en conta o impacto que ten ese enorme centro comercial no resto do comercio de Mos e dos concellos limítrofes. Afecta tamén as augas subterráneas do concello de Mos, que están abastecendo a moitos veciños, e aínda encima non se garante a suficiencia dos recursos hídricos para os 980.000 metros cadrados que se pretenden urbanizar. E nós cremos, ademais —para rematar—, que esa proposta de expropiación e concurso a dedo para darllo ao señor Mouriño semella máis ben unha fraude de lei enorme.

Polo tanto, nós pedimos aquí un pronunciamento do Parlamento galego para dicir non á especulación, que provocou tantos danos neste país; para dicirlle si ao uso sustentable do monte de Tameiga; e para dicirlle si a unha veciñanza que vai ser atropelada se non o remediámos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Aos invitados ao mellor non os informaron, pero non se poden manifestar nin a favor nin en contra. Desculpen, pero son as normas que temos aquí no Parlamento. Perdón, é así. Acabo de dicirlles, creo que educadamente, que ao mellor non os informaron, pero non se poden manifestar nin a favor nin en contra. Son as normas que temos aquí establecidas. Grazas.





Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Bo día.

Por se non o sabían os convidados que están na tribuna, aos que lles damos a benvida, por certo, a este Parlamento, aquí aplícase unha particular lei mordaza, porque se pode vir pero hai que calar, non se pode nin exhibir unha camiseta. Esta é a concepción da democracia que ten o Partido Popular.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia a outros sitios, vaia a outros parlamentos, e ao mellor iso que acaba de dicir, con todos os respectos, teno que retirar.

**O señor BARÁ TORRES:** Na Deputación de Pontevedra paran os plenos. Aquí non pode falar o público que vén aos plenos.

**O señor PRESIDENTE:** Perdón, perdón, estou falando eu. Aquí si que se pode... Vou parar o tempo.

É que isto convén que se aclare. Hai unha norma sobre a tribuna, pero ninguén impediu unhas normas no que é o conxunto do Parlamento, sempre que non insulten a ninguén, quero deixalo claro. Polo tanto, non me dea agora, señor Bará, leccións dende a tribuna do que se aprobou aquí. Está perfectamente aprobado e hai absoluta liberdade neste Parlamento, cousa que non sucede noutros, e noutros concellos menos. ¡E noutros concellos menos! (*Murmurios.*) Polo tanto, non é este asunto para que ataque así o Parlamento neste caso, que creo que o fixemos convenientemente.

**O señor BARÁ TORRES:** Non, non estou atacando o Parlamento, estou denunciando o feito de que aquí se aplique unha lei mordaza e que non se permita que o público poida nin sequera aplaudir.

**O señor PRESIDENTE:** Non sei se coñece vostede o que pasa en Vigo, pero bueno.

**O señor BARÁ TORRES:** Por certo, non sei se sabe o Partido Popular que nos plenos dos concellos e das deputacións —citaron a Deputación de Pontevedra— o público pode intervir nos plenos. Pode intervir nos plenos, si, si. (*Murmurios.*) Hai un procedemento para pedir e...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non. Imos deixar este tema. Creo que os invitados entenderon perfectamente o que eu lles dicía. Esta é a norma que hai aquí. Entón, imos á cuestión, que é o asunto que nos trae hoxe aquí.

**O señor BARÁ TORRES:** Imos á cuestión.

Hoxe é día 13 de novembro, o día en que se afundiou o barco *Prestige*; un accidente convertido nunha catástrofe pola nefasta xestión dos Gobernos do Partido Popular na Xunta de Galiza e tamén no Goberno do Estado. Esa catástrofe tamén deu pé a unha gran mobilización do pobo galego baixo a bandeira de Nunca máis, que foi un exemplo para o mundo, para defender o medio e tamén para defender a dignidade deste país. (*Aplausos.*)



Estes días estamos falando de cambio climático, falamos onte, no Pleno, do cambio climático. Este tema serve para quitarlle a careta ao Partido Popular nas políticas que fai favorecedoras do cambio climático, porque non se pode chamar doutra maneira a enorme agresión ao medio ambiente —dino os seus propios informes, por certo— que se pretende perpetrar no concello de Mos e, sobre todo, na parroquia de Tameiga, e imos poñer todos os medios para impedila porque é unha enorme inxustiza, unha enorme agresión, unha aberración e un auténtico pelotazo, que se presenta como o proxecto dunha cidade deportiva pero que é unha tapadeira, en realidade, para construír un macrocentro comercial con graves afeccións.

Todo isto, todo este plan deseñado e preconcebido polo concello de Mos coa súa alcaldesa á fronte e o señor Mouriño, está sendo apoiado, avalado e aplaudido pola Xunta de Galiza, como fixeron nesa presentación pública do 15 de decembro do ano 2017 en Vigo, cando presentaron o proxecto dunha cidade deportiva, enganando a todo o mundo, porque o que realmente presentaron alí non o dixeron publicamente, sóubose despois, cando ao día seguinte asinaron un convenio co concello e era outra cousa. Era un gran negocio, un gran pelotazo, do que se van beneficiar, posiblemente, esas multinacionais que levan moito tempo intentando instalarse na área de Vigo.

A partir de aí, desenvolveuse todo ese plan, incluído ese intento de modificación vergonzosa da Lei do solo que lles descubrimos aquí, neste Parlamento, e que tiveron que retirar.

Resulta que o 16 de maio do 2018 fíxose pública unha resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental que poñía en evidencia a enorme desfeita que supón este proxecto, con informes da Xunta e doutros organismos.

A Dirección Xeral de Territorio e Urbanismo considera necesario xustificar axeitadamente a elección da expropiación como sistema de actuación, dado que o obxectivo da modificación puntual é a implantación de usos e dotacións privadas. O Instituto de Estudos do Territorio constata o impacto visual e paisaxístico e cuestiona a necesidade de implantar un centro comercial —o Instituto de Estudos do Territorio da propia Xunta de Galiza—. Di que se debería xustificar adecuadamente a necesidade de implantar unha área comercial a carón do complexo deportivo, e propón buscar ubicacións alternativas. Estállelo dicindo un organismo da propia Xunta.

O Concello de Vigo tamén presenta obxeccións, sobre todo, respecto das necesidades de uso da auga, que ten que proceder do concello de Vigo. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil tamén presenta obxeccións respecto dos usos da auga e das afeccións que vai ter nos recursos hídricos e as traídas veciñais.

A Demarcación de Estradas do Estado tamén presenta obxeccións respecto de como vai afectar este complexo á conexión dese vial alternativo do que falamos onte, precisamente neste Pleno, que está afectado por este proxecto. A Deputación de Pontevedra tamén. Tamén a Dirección Xeral de Patrimonio fala das grandes afeccións ao patrimonio cultural.

En definitiva, dise que esta modificación prevé a transformación dunha grande superficie de solo clasificado como rústico —dío un documento oficial da Xunta de Galiza—, cunha



importante incidencia sobre a variable ambiental, con importantes movementos de terra, efectos paisaxísticos significativos, impacto sobre o comercio de Mos e toda a súa área e impacto no cambio climático. Vostedes veñen aquí presumir de que teñen unha estratexia para loitar contra o cambio climático je perpetrar estas auténticas agresións! Son absolutamente..., ¡non merece ningunha credibilidade!

Vostedes, o Partido Popular, no Concello de Mos e na Xunta de Galiza, o que pretenden facer con este proxecto é facer pasar un dromedario polo ollo dunha agulla. E preténdeno facer camuflando o que é un macrocentro comercial como unha cidade deportiva. Preténdeno facer declarando a utilidade pública para desenvolver un proxecto que é de interese e de negocio privado, especulativo, dunha gran empresa internacional que está detrás desta operación. Pretenden forzar e violentar a lei, cun clarísimo desvío de poder. É un exemplo de libro de desvío de poder o que pretenden facer vostedes. E pretenden arrasar 1 millón de metros cadrados de terreos rústicos e forestais.

Polo tanto, o BNG non vai consentir esta aberración, esta desfeita, esta enorme agresión ambiental. Imos poñer todos os medios para impedi-lo, neste Parlamento e en todos os órganos nos que esteamos. Tamén por iso propoñemos unha emenda á proposta do Grupo Común da Esquerda, na que pedimos que se faga unha moratoria para impedir, durante un período de tempo, a instalación de grandes superficies comerciais na área de Vigo, que é o negocio que está detrás desta operación especulativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Benvidos, veciños de Mos.

A construción da nova cidade deportiva do Real Club Celta de Vigo no monte veciñal e comunal de Tameiga, pertencente ao Concello de Mos, xunto cun centro comercial de grandes dimensións, xerou protestas, xerou mobilizacións entre a veciñanza do lugar e deu lugar á creación dunha plataforma que xa se posicionou e leva traballando todo este tempo, dende o primeiro momento, en contra tanto do centro comercial como da cidade deportiva.

A primeiros do ano pasado, do ano 2018, as novas daban conta desta ocupación, que afectaría, en principio, a oitocentos e pico mil metros cadrados de superficie —hoxe xa falamos case dun millón—, dos que 240.000 terían uso deportivo, 140.000 sería a área comercial e 5.000 prazas de aparcadoiro, e 330.000 nos que se construiría, mediante reforestación, un espazo natural e de ocio.

A nova cidade deportiva do Celta tramítase polo concello mediante a modificación puntual do seu plan de urbanismo. Así, a maior parte deste monte quedaría en mans destas empre-



sas, que pretenden rendibilizar as instalacións deportivas coa construción dun gran centro comercial e a expropiación de terreos, por parte dunha entidade privada, a unha comunidade de montes en man común para o seu lucro persoal. E isto dío un siareiro celeste, ademais.

Os grandes centros comerciais afectan de xeito negativo o pequeno comercio; xa o dixó aquí o señor Sánchez e xa o dixó o señor Bará. Estamos falando dun pequeno comercio formado na súa meirande parte por autónomos e por pequenas tendas do conxunto da área urbana das zonas colindantes. Así, todas as zonas comerciais, o pequeno e mediano e comercio de Bouzas e do Calvario, do centro de Vigo, de Teis, do casco vello, da universidade ou das Travesas vanse resentir, e tamén se van resentir as dos concellos colindantes. Á parte de causar estragos no medio ambiente, sobre todo no referente aos recursos forestais da zona, nun proxecto cualificado de baixo impacto ambiental e non afección aos recursos hídricos. ¡Isto si que é de traca!

É importante sinalar que estes proxectos si que van afectar tanto ao medio ambiente como aos recursos, máxime cando se prevé a construción e o mantemento de instalacións deportivas, aproximadamente doce campos de fútbol.

Polo gasto de auga, as comunidades de augas de Petelos e Tameiga, unidas a outras como poden ser a de Casal, a de Sanguñeda e Baxiña, catro das seis comunidades de augas xa mostraron daquela a súa oposición á construción da zona comercial do Celta.

Porén, as diferentes instalacións de ocio e deportivas van ter que contar con recursos de auga, xa que o ano pasado por estas datas xa se manifestara insuficiente. Nun ano de seca non había auga, e coa muda climática, co cambio climático, este problema vai ser recorrente, sobre todo nestas comarcas do centro e sur de Pontevedra.

Ademais destes inconvenientes, temos que sinalar tamén a afección en canto ao ruído da zona, o que isto vai supor, posto que se incrementará moito a afluencia de vehículos, os niveis de contaminación no aire e no medio ambiente.

Pero claro, a finais de setembro deste mesmo ano, o Pleno de Mos aprobou cos votos favorables do Partido Popular a modificación puntual do seu PXOM, para facilitar así este proxecto de cidade deportiva e centro comercial do Celta de Vigo, o que supón a recualificación de máis de 864.000 metros cadrados de terreo, a metade deles en monte comunal e a maioría en chan de especial protección forestal, con instrumentos xa aprobados de ordenación.

Polo tanto, os señores e señoras do Partido Popular, se de verdade defenden o rural tal e como hoxe o seu presidente dixó aquí, teñan cabeciña e non permitan que a Xunta de Galicia lle dea o visto bo a esta modificación puntual do PXOM. Nós, dende o Grupo Parlamentario Mixto, dende En Marea, así o faremos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.



Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

E, por suposto, sexan benvidos os veciños de Mos que hoxe se achegaron ata aquí.

Desde o Partido Socialista imos manifestar o noso apoio a esta iniciativa, en liña coa defensa que sobre este mesmo tema xa se deu, en novembro do pasado ano, naquel caso do compañeiro Abel Losada.

Polo tanto, hoxe non podemos máis que incidir nas cuestións que xa se apuntaron nese día e, ¿por que non?, nalgunha máis. E é que neste asunto do pretendido complexo deportivo do Real Club Celta en Mos non é que haxa un tema que chirríe, senón que son moitos e moi variados.

Por suposto, comezo pola petición principal da iniciativa. Non se pode entender —ou polo menos custa moito— como pode ser que exista un PXOM con apenas dous anos de vida que, en tan pouco tempo, se vexa sometido a ter que afrontar unha modificación tan importante como é a recualificación dunha área dunha magnitude tan grande coma esta; unha modificación que pasa por recualificar terreos de man común que ocuparán a metade do pretendido complexo; e, por outro lado, a outra metade con protección forestal.

O curioso é que as proteccións teñan tan pouquiño valor como para, en tan só dous anos, xustificar a súa inutilidade. É máis, apúntase a que o cambio de uso mellorará o risco de incendio porque desaparecerán as árbores; un criterio que me pareceu —permítanme dicilo— unha xenialidade da retranca humorística galega. Segundo isto, poderíamos talar toda Galicia e resolveríamos dun plumazo os problemas dos incendios. Déanlle as voltas que queiran, pero toda esta operación urbanística, e as xustificacións varias que a amparan, é moi complicada de explicar, pero moito máis de comprender.

O pasado ano intentaron dotar dun corpo legal máis amplo este tipo de actuacións, e por iso mesmo prepararon unha modificación da Lei do solo na Lei de acompañamento dos orzamentos; unha modificación que no último momento, ante a alarma dos diferentes grupos, así como, por suposto, da resposta social, se viron na obriga de frear. E digo frear porque, realmente, o único que fixeron foi pospoñer unha intención que queda moitísimo máis clara e mellor explicada no anteproxecto da Lei de ordenación do territorio. Nesa lei teñen posto moito empeño en diversos artigos para que quede ben reflectido dentro dos proxectos de interese autonómico —leo textualmente—. O artigo 51.2 di: «Os proxectos de interese autonómico, que poden ser públicos ou privados...» —importante: ou privados— «...poderán desenvolverse en calquera clase de solo». E, si, leo ben: «en calquera clase de solo». E no mesmo parágrafo: «...comportarán a modificación directa das correspondentes determinacións do planeamento municipal». É curioso porque, por un lado, os concellos protexen; e, por outro lado, a Consellería abre a porta a desprotexer; iso si, con informes favorables. Insisto, todo isto é moi difícil de dixerir e de explicar, e, desde o punto de vista da ética urbanística, roza a cualificación de escandaloso.



Este exemplo de Mos é un claro exemplo dun uso perverso das leis para dotar de legalidade un negocio encuberto, porque o interese autonómico aquí é claramente o que marca don diñeiro. E non o di este grupo, dío o propio informe técnico municipal, que fai mención a eses 6 millóns de persoas que conformarán o mercado potencial das instalacións comerciais que van anexas ao complexo, onde se xustifica o maior número de postos de traballo.

E, por outro lado, porque son moitas as fronteiras que amosan os informes. Apúntase a existencia, por exemplo, de xacementos arqueolóxicos e a afectación coa futura actuación das áreas de cautela. ¿E cal é a resposta a esta cuestión arqueolóxica? Pois que xa se irá vendo sobre a marcha; unha práctica que, por desgraza, non é anecdótica, e disto sabe ben non só a veciñanza de Mos, senón, por exemplo, moitas zonas de Galicia. Sen ir moi lonxe, os veciños do Morrazo, que ¡moito tiveron que pelexar para a correcta conservación do castro de Montealegre coas obras do corredor do Morrazo!, conseguindo o cambio do proxecto orixinal por parte da Xunta de Galicia nas últimas fases. Unha administración que, polo tanto, se sente cómoda saltando esas cautelas que conteñen as leis e provoca o contrario, que sexa a cidadanía a que teña que asumir o papel de garante da protección do patrimonio natural, do patrimonio arqueolóxico ou do cultural. O mundo ao revés, diso falamos hoxe.

Por todo isto, e por moitas máis cousas como as que apuntaron os diferentes voceiros, como os diferentes informes de reparo, do Instituto de Estudos do Territorio, dese impacto da actuación a nivel ambiental; e tamén a nivel das comunicacións con esa futura conexión da A-55. Como pregunta de fondo, nós preguntámoslles —e preguntámoslles a todos vostedes—: ¿está de verdade o desenvolvemento estratéxico de Galicia en mans da Xunta ou está esta lanzando —con exemplos como o de Mos— unha mensaxe clara de delegación de funcións unicamente na iniciativa privada? A Plisán lémbrolles que permanece paralizada, ¿como poden explicar que onde hai solo dispoñible, por outro lado, non se use?

Entenderán que nos preocupe moito a resposta a este asunto, porque con este caso de Mos se constata que agora xa non se venden só terreos nos polígonos industriais, Galicia enteira está en venda. Galicia enteira é máis vulnerable ca nunca.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Eu quería empezar esta intervención pedíndolle un favor á Presidencia da Cámara e tamén aos portavoces de todos os grupos. Pídlles que valoren a posibilidade de substituír o Regulamento desta Cámara polo Regulamento que funciona na Deputación de Pontevedra. Tamén lles fago unha advertencia. Cando se fixo ese intento nun concello —mira ti por onde—, o de Mos, os representantes do PSOE, os representantes do BNG e os representantes da Marea



local votárono en contra por ditatorial e abusivo. Iso si, só cando llelo aplican a vostedes. *(Aplausos.)* Aí si, ditatorial e abusivo. *(Aplausos.)*

Eu quero comezar esta intervención pedindo respecto: respecto para Mos, respecto para a súa corporación, respecto para a súa alcaldesa e, sobre todo, respecto para os mosenses, que son cidadáns informados, intelixentes e libres para tomar as súas propias decisións, no ámbito das súas competencias, sen tutelas de ningún.

Miren, o territorio de Mos soporta cargas e afeccións moi importantes: dun aeroporto, da AP-9, da A-55, dunha liña de tren, sofre a ameaza da futura A-59 e dunha futura liña de AVE a Porto, infraestruturas que partiron o territorio de Mos para darlle servizos a Vigo, a unha gran cidade. Mos sempre foi comprensivo e sempre foi solidario con esas necesidades, pero ¡que ninguén se confunda!, Mos non é a vía de servizo de ningunha gran cidade, Mos é un concello autónomo que aspira a darlles un futuro aos seus veciños. E o que non pode ser é que Mos teña que tragar co cemento cando é para favorecer a outros e despois veñamos aquí rasgarnos as vestiduras cando se pretende favorecer os veciños de Mos. *(Aplausos.)* Isto non vale. E disto vai este tema, *(Aplausos.)* de darlle futuro a Mos.

Vostedes poden non o compartir, iso é lexítimo. Pero, home, terá o mesmo dereito Mos a abrir un centro comercial e unha cidade deportiva que o veciño do lado, ¿non?, que está a punto de abrir Vialia, Valadares, Recaré e Porto Cabral. ¿Ou é que os de Mos son menos?

Miren, Mos está tramitando —porque ademais de respectar a Mos hai que respectar a lei— a primeira modificación puntual do seu PXOM seguindo escrupulosamente os trámites legais previstos na normativa, e a Xunta garantirá que siga sendo así. E agradecería que non se me insultase durante a miña intervención.

Hoxe este Parlamento o que nos traslada é unha proposta para incumprir a lei, antepoñendo os intereses dun grupo político sobre a vontade dos veciños de Mos. A proposta que o señor Sánchez quere tumbar a calquera prezo —e, por certo, na que se dará resposta a todas as alegacións e observacións que vostedes dixeron— conta co informe favorable da secretaria municipal do Concello de Mos, da Intervención municipal do Concello de Mos, do arquitecto municipal do Concello de Mos, e incluso do Ministerio para la Transición Ecolóxica —que debe ser moi sospeitoso de estar participando nun pelotazo argallado polo Partido Popular—. Eu preguntolles aos voceiros, ¿estes técnicos que son?, ¿cómplices do pelotazo ou parte da trama corrupta? Porque hai que vir aquí dar a cara e dicírllelo.

Hai que falar ben claro. A proposta que o señor Sánchez quere vetar, sen máis apoio legal que a súa propia opinión, debe ser fiscalizada polos servizos técnicos da Xunta de Galicia, e así será; e se non cumpre escrupulosamente a legalidade, esa cidade deportiva non se fará.

A proposta que hoxe criminalizan —como fan sempre, por certo— foi ratificada polas urnas, porque foi o eixo central da campaña electoral municipal en Mos. Diría máis, esa campaña electoral foi un auténtico referendo sobre a cidade deportiva do Celta en Mos. *(Aplausos.)* Resultado do referendo, porque os mosenses faloron, e faloron claro: gañamos. Os seus representantes, os que pretendían tumbar isto, 1.000 votos menos, 2 concelleiros menos; o Partido



Popular, 500 votos máis, maioría absoluta. (*Aplausos.*) ¡Respecten os veciños de Mos! (*Aplausos.*) ¡Respéctenos! (*Aplausos.*)

Os veciños de Mos tomaron unha decisión, que foi apoiar o proxecto da cidade deportiva do Celta. E tomaron esa decisión a pesar dos intentos de intoxicación informativa que se levaron a cabo, utilizando métodos propios de organizacións criminais e dos que ningún de vostedes falou hoxe aquí. ¡Ningún!

Falaron da destrución de monte, e ocultan que se ofreceu por cada metro de monte afectado reforestar con especies autóctonas dous metros de monte, dous por cada un. Mentiron co tema das captacións de auga. Pero foron máis alá, inventouse unha empresa municipal de augas ficticia, suplantando o Concello de Mos. Crearon recibos falsos de auga, inflando os seus importes, para enganar, alarmar e manipular os veciños de Mos. Enviáronse aos domicilios estas cartas sete días antes das eleccións; iso si, pagando cos cartos dunha comunidade de montes, por certo, onde están representados veciños de todas as cores políticas. (*Murmurios.*) ¿E quen son os responsables desta estratexia mafiosa? Pois, segundo os candidatos, segundo as testemuñas —porque disto si que hai un expediente xudicial aberto, nós non facemos actuacións porque si—, un dos seus candidatos en Mos, o número 8 da candidatura de Gañamos. (*Murmurios.*) E vostedes ¿que dixeron aquí? ¡Absolutamente nada! Vostedes, señorías, habitan nunha realidade paralela.

Nesa lista, na que está representada a asociación que se opuxo a este tema de maneira principal, na súa lista electoral hai seis representantes desa asociación.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ¡Seis!

Quen apadriñou esa lista foron vostedes, señorías. Foron vostedes, aquí están. Así que vostedes teñen que abandonar esa realidade paralela, señor Sánchez. Porque vostede, en contra do que dixo aquí nas preguntas, vostede non é Goberno, vostede é oposición. Vostedes, neste caso, non son *Os intocables*, non, vostedes son a [*mafia*] (*Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) E vostede non é Eliot Ness, non, vostedes son... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non, esa expresión...

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...os padriños... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, ¡silencio!

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...dunha asociación... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Esa expresión...

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...que se dedicou... (*Murmurios.*)





**O señor PRESIDENTE:** Non, non... Silencio.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...a manipular... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Termine xa, señor Pazos. Imos retirar esa expresión.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...o correo para intentar sacar rédito electoral. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor PAZOS COUÑAGO:** E seguen calando. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! (*Murmurios.*)

Non, non, perdón...,

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Ínstooos a que veñan aquí... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ...aquí non hai mafias.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...e condenen publicamente eses actos. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non, non... ¡Silencio!

**O señor PAZOS COUÑAGO:** E, se non, a nós non nos van dar leccións de nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Terminou. ¡Terminou!

**O señor PAZOS COUÑAGO:** A nós non nos dan leccións de nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Señor Pazos, (*Murmurios.*) un momento, por favor. Voulle pedir que retire a expresión «son unha mafia». Voulle pedir que a retire. (*Protestas.*)

Non, non, eu pido que retire esa expresión porque creo que aquí ninguén é mafia. Eu non o vou consentir. (*Murmurios.*)

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Eu exixo que se aclare nesta Cámara se o único que non pode utilizar estas expresións é o Partido Popular, que está recibindo permanentemente...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non...

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...acusacións de delinquir nesta Cámara con absoluta impunidade. (*Fortes murmurios.*) ¡Non a retiro! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¿Non?

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ¡Non a retiro! (*Aplausos.*) ¡Sostéñoa aquí e sostereina no xulgado as veces que faga falta! (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Chámoo á orde, señor Pazos. Eu non quero... *(Aplausos.)* Eu non quero este tipo de expresións. ¡Non as quero! *(Murmurios.)* Non, non. Eu non. *(Murmurios.)* *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

Eu neste debate non vou consentir que se utilice a palabra «mafia», nin neste lado nin neste. *(Protestas.)* Non, non, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿quen a utilizou? Non, eu non o oín. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* Eu non oín a palabra «mafia». *(Protestas.)* Non, eu non escoitei esa palabra. *(Protestas.)* Non, non a escoitei... *(Protestas.)* Eu non a escoitei... *(Protestas.)* Non, non escoitei a palabra «mafia». *(Murmurios.)*

En todo caso, ninguén debe utilizar a palabra «mafia». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto, iso retíroo. E, a partir de agora, xa saben como vai o debate, queda retirada esa expresión. Non consinto que se utilice esa palabra por parte de ninguén de ningún grupo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos ter un Parlamento normal, *(Protestas.)* ¡normal! *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, ¡xa está! *(Protestas.)* ¡Terminou! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Este debate terminou. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Terminou! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, se estou eu no debate non o consinto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Síntoo! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Non, por favor. *(Murmurios.)* ¡Por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Por favor! Non. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Prado, xa estou eu. Eu sei moi ben o que digo. Non consinto ese tipo de expresións. Ata onde chegue o meu sentido común, non o vou facer. Se se me escapa algunha, colaboren vostedes para que a min non se me escape o raciocinio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Punto. ¡Xa está! *(Murmurios.)* ¡Colaboren todos!

Señor Sánchez, o seu turno de peche.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** O clan dos Corleone tamén se poñía moi nervioso cando vía temblar a posibilidade de que... *(Murmurios.)* *(Protestas.)* *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)*

Que se tranquilice. Chámeme á orde.

**O señor PRESIDENTE:** Non imos enturbar este debate... Non imos consentir ningún...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Pedía respecto.

**O señor PRESIDENTE:** Eu pido respecto para todo o mundo, para todos.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Non, non. Pedía respecto o señor Pazos e chamoulles aos veciños e ás veciñas que se mobilizan porque lles van roubar as súas terras... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Podo falar?, que vostede falou e ninguén o interrompeu. *(Murmurios.)*



**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** As veciñas e os veciños que están loitando porque lles van roubar as súas terras, vostede dixo que utilizaban métodos propios dunha organización criminal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vindo estas palabras do portavoz do partido dos papeis de Bárcenas, dos sobres en B, do diñeiro negro, das reformas pagadas en B, (*Murmurios.*) o partido da corrupción.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Quen foi cualificado como organización criminal foi o Partido Popular polos xuíces e polos fiscais, non nós. (*Protestas.*) ¡Vostedes son a organización criminal! (*Aplausos.*) Vostedes son os que aplican a violencia contra a xente do común, desde o poder que lles dá a xente a vostedes para traballar polo interese público. E non xustifican o interese público porque o que é público é o interese de Nidia Arévalo, do Partido Popular e do señor Mouriño, de dar un pelotazo. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Déixenme falar...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio. Non hai...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ¿Non lles parece ben escoitar aos demais...?

**O señor PRESIDENTE:** Señor Sánchez, non hai sospeitas sobre ninguén, non hai intereses de ninguén.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Por agora, mentres non triunfen vostedes con Vox, eu podo dicir aquí o que me pareza e a realidade, ¿verdade? E vostedes teñen que escoitar. Polo menos escoiten, ¿verdade? Demasiados anos facendo negocios e nin sequera ter que escoitar aquí as verdades. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vostede dixo: *los informes técnicos*. Mire, en todos os pelotazos que houbo neste país, que causaron tanto dano, nos que vostedes foron protagonistas, había informes. (*Murmurios.*) Na Marbella de Jesús Gil había informes. E vostede dixo...,

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...ademais, que esta posición está ratificada polas urnas. Vostedes, entón, de Vigo non falen nada aquí, non veñan falar nada aquí, que tamén ratificaron algo as urnas en Vigo, ¿verdade? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Entón, os votos...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Espero que o tempo... porque non me están deixando falar.



Pide respecto quen apoia unha operación fraudulenta modificando as leis á medida de quen quere roubarlles aos veciños. E pide respecto quen defende unha operación que vai utilizar o interese público para expropiar á xente do común e entregarllo de xeito fraudulento ao señor Mouriño para que se faga de ouro cos terreos da veciñanza. Vostede pide respecto, señor Pazos, ¡por favor! ¡É unha falla de respecto absoluta a súa intervención! ¡É unha falla de respecto absoluta á xente de Mos esta operación, operación mafiosa!

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Retirada esa expresión e chamada á orde, señor Sánchez.

Sobre a emenda.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Xa está descontada.

¿Sobre a emenda? Aceptamos a emenda. (*Aplausos.*)

(*O señor Pazos Couñago pide a palabra.*)

**O señor PRESIDENTE:** Si, señor Pazos, ¿para que quere a palabra?

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Simplemente, para que se retiren todas as expresións relacionadas co «roubo» que se fixeron nesta intervención, que suporá eliminar máis ou menos a metade da mesma.

**O señor PRESIDENTE:** Xa lle chamei á orde pola cuestión final. Morreu o debate. Non, non, morreu o debate. Silencio, ¡morreu o debate! Non, non vou dar máis palabras. Este debate creo que xa estivo suficientemente enturbiado. Terminouse, terminouse, terminouse. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa está, acabou. Non, non, por favor. Silencio, ¡silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non quero chamalos á orde aos dous outra vez. silencio, ¡silencio! Paren, paren, porque, se non, chámoos aos dous outra vez á orde e non quero. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio!

Continuamos co pleno.

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a dotación polo Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para posibilitar a negociación dun plan de estabilidade laboral na mesa sectorial**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

(*O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei (doc. núm. 57356).*)

*Emenda de adición.*



*Débase engadir un novo punto co seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a publicar, antes de tres meses, desagregado por EOXI e centros, o número de persoal, diferenciando fixo e eventual, así como as previsións de xubilación.»*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición, ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

¡A ver quen intervén agora, despois desta tensión e deste lío!

Hoxe vimos cunha iniciativa sobre a que xa se deu, certamente, un debate de maneira parcial no debate dos orzamentos, pero consideramos que debemos afondar máis nesta cuestión.

Temos un problema bastante evidente de precariedade, dentro do Servizo de Galego de Saúde, que nos ten ocupado neste pleno e na Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego de maneira eu creo que profusa.

Debatemos sobre esta cuestión tamén onte, nalgunha outra iniciativa, e hoxe solicitamos nesta Cámara, neste Pleno, que se dote o Sergas dos recursos económicos suficientes para poder negociar un plan de estabilidade na mesa sectorial que cumpra coas ratios axeitadas e permita convocar as ofertas públicas de emprego, coa finalidade de rematar co abuso na contratación temporal e na sobrecarga de traballo.

Xa comentamos esta cuestión na comisión hai escasas semanas, e consideramos que é necesario reiterar, porque, a pesar das ínfulas, dos anuncios por parte do Goberno do Partido Popular dun incremento ou dunha mellora no persoal sanitario, o resultado é que os orzamentos arroxan unhas cifras que non garanten, cun 4 en atención hospitalaria e cun 5 en atención primaria, unha suba que permita incrementar o número de prazas. De feito, se se atende ás prazas que están orzadas dentro do orzamento do ano 2020, en realidade non hai nin unha soa praza de nova creación, e nin tan sequera se crearán, se sacarán a oferta, a totalidade das prazas que están pendentes por mor das taxas de reposición aplicadas durante anos e que nestes momentos se seguen a cubrir con persoal eventual.

É unha petición que xa fixen no seu momento, e aínda que hoxe está o hemiciclo pouco corrido a estas horas, solicitamos unha vez máis, porque non se fixo aínda, que o presidente da Xunta pida desculpas ao persoal do Sergas porque nesta Cámara se fixo unha afirmación que aínda non obtivo unha desculpa oficial por parte da Presidencia da Xunta, cando se trasladou que máis do 80 % do persoal era fixo na nosa comunidade autónoma. Unha comunidade autónoma na que arredor do 40 % do persoal é precario, eventual, persoal que non ten a condición de fixo e que, polo tanto, non pode planificar correctamente a súa vida familiar e conciliar. E, seguramente, en breves días comezará ese traballo acerca da Lei de demografía e, desgraciadamente, non estamos nin sequera atendendo a posibilidade de conciliar do persoal da Administración pública. Se non cumpre a Administración autonómica co seu persoal, ¿como se vai pretender que as persoas neste país, homes e mulleres, poidan conciliar vida familiar e laboral? E, dende logo, iso incide na situación demográfica que ten este país, entre moitas outras cousas.



Xa temos descrito neste pleno a situación, a problemática, que sofren persoas, profesionais, que teñen unhas vidas nas que se concatenan contratos durante décadas. E eu, aproveitando este momento e esta intervención, quero non só solicitar desculpas por esa cuestión, senón por outra. En primeiro lugar, en relación co que ten que ver co persoal, xa o dixemos no seu momento. O Consello de Contas explicaba perfectamente que unha redución de 582 efectivos medios propietarios; é dicir, que se incrementan cada ano —e isto é referido ao último exercicio—, as prazas eventuais e se reducen as prazas en propiedade. Nunha comunidade autónoma que leva perdidos 380 millóns de euros en termos reais dende o ano 2009 e que ademais acumula múltiples sentenzas pola situación en fraude de lei de moitas das contratacións do Servizo Galego de Saúde. Cito palabras que veñen en moitas ocasións nas propias sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falan de fraude de lei, de abuso de dereito, de desviación de poder, de casos que raian na prevaricación ou incluso de carácter fraudulento dos nomeamentos eventuais. Temos acumuladas un montón de sentenzas en relación coa concatenación de contratos, en relación con problemas cos dereitos dos traballadores e traballadoras públicas no Servizo Galego de Saúde, e, a pesar diso, non se senta a Administración pública a deseñar un plan que evite continuar con esa situación; a pesar diso, preséntansenos unhas contas que o único que fan é darlle continuidade a unha situación, a un problema, que non ten visos de resolverse.

Ao que me refería agora, doutro elemento no que deberían pedir desculpas, pero non solo iso, senón que debería haber dimisións dentro da Consellería de Sanidade, é público e coñecido, probablemente, por todas as deputadas e deputados desta Cámara. A revelación de datos persoais dunha traballadora do Servizo Galego de Saúde nun programa en directo nunha canle privada que se emite en España é unha absoluta desvergoña. Non se poden facilitar datos persoais dunha traballadora para intentar denigrala nun programa de televisión. ¡Iso é unha barbaridade!, e alguén debería dimitir na Consellería de Sanidade, ben o xerente do Sergas, ben a directora de Recursos Humanos, (*Aplausos.*) porque ¡iso non se pode facer! Pódese intentar argumentar, pódese explicar unha posición política, pero non se poden facilitar datos privados porque iso é un delito, e ademais é intentar denigrar a unha traballadora que leva 400 contratos acumulados en 14 anos de profesión, e esa é a situación de milleiros de profesionais, neste caso unha enfermeira eventual que, por certo, onte unha vez máis, seis meses despois daquela grande concentración en Silleda, no proceso de oposicións, volveron saír á rúa en todos os centros para denunciar que a precariedade se mantén nos seus postos de traballo. E, en troques de trasladar un mínimo elemento de comprensión, de informar ou de dicir que se vai traballar para reducir esa precariedade laboral, atácaselles individualmente, que é o único que saben facer.

Eu quero solidarizarme con ela porque sei que é a situación de milleiros de compañeiras, e gustárame que aquí se pedisen desculpas por parte do Partido Popular. Certamente, quen ten que facelo é o Goberno, pero deberían solicitarse desculpas porque creo que esta actitude é de todo punto inadmisibile.

E os elementos que reclaman estes profesionais, que ademais tamén os están a reclamar os profesionais médicos, os auxiliares de enfermería, os celadores e celadoras e outras categorías profesionais no noso país, corresponden a unha falta de previsión e, ademais, a unha intención de non devolver os acordos de melloras no emprego acadados.



Cando comezou a crise económica, existían unha serie de acordos retributivos para os profesionais do Servizo Galego de Saúde que implicaban unha serie de melloras nos seus salarios a través dos diversos complementos: do específico, do complemento de atención continuada, dos diversos complementos relacionados coas características do seu posto de traballo, que estaban planificados de xeito anual. Significaban que no ano 2009 ía haber unha suba, no 2010 unha posterior, no 2011 unha seguinte, e que paulatinamente se ía actualizar a masa salarial. Iso nunca se recuperou, e aquí se dixo por activa e por pasiva que existía unha recuperación económica, recuperación que —insistimos— nunca chegou ao peto das galegas e dos galegos.

Neste caso, o que está a acontecer é que as traballadoras e os traballadores públicos que coidan da nosa saúde son precisamente os máis maltratados pola Administración autonómica, e non se lles devolven os acordos retributivos. Parece que os acordos sindicais non serven de nada perante o Partido Popular, e o que acontece e o que se pode xustificar de parálise deses acordos durante a crise económica non se recupera cando o Partido Popular afirma que xa rematou esa fase de recesión da economía. Non sabemos que vai acontecer cando volvamos ter un problema en relación coa economía do país e se recomende que se volvan practicar recortes na Administración pública, porque estas persoas parece que non van poder nunca recuperar nin os seus salarios nin a súa vida, pois a precariedade laboral, dende logo, continúa a pesar deses anuncios de recuperación e de melloras que nunca chegan nuns orzamentos que aínda non están aprobados, pero que —insisto— o único que ofrecen é máis continuidade.

Onte demos algún exemplo de centros de saúde e puntos de atención continuada onde segue habendo problemas. Segue habendo problemas en toda a provincia de Ourense en pediatría, en toda a área de Ferrolterra, na maioría dos centros de saúde do noso país, e consideramos que en realidade a falta de estabilidade no emprego, a falta de cobertura das necesidades en materia sanitaria, non se pode resolver de maneira máxica, e necesita dunha planificación que, dende logo, inclúa os propios representantes dos traballadores e das traballadoras e, por suposto, o orzamento. Porque esa ladaíña que levamos escoitado dende que o Partido Popular entrou no Goberno, de que se fai máis con menos, evidenciouse absolutamente falsa, e a perda de máis dun milleiro de postos de traballo no Servizo Galego de Saúde materialízase posteriormente no sufrimento, ¡sufrimento!, das persoas que ven atrasadas as súas citas en atención primaria e en radioloxía. Por certo, temos moitos problemas na área de Vigo ou na atención hospitalaria.

Consideramos, dende o Grupo Común da Esquerda, que é hora xa de que se tomen en serio estas cuestións, que se devolvan os dereitos que foron retirados aos profesionais e, dende logo, que se planifiquen de xeito responsable as necesidades en materia de persoal sanitario. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Novamente falamos de estabilidade laboral, porque é realmente un dos problemas máis acuciantes na nosa sanidade pública, e os sindicatos e grupos polí-



ticos levan demandando unha negociación para rematar coa eventualidade; eventualidade que —como se acaba de dicir— o propio Consello do Sergas sinala que medrou, e desmente así, ademais, as afirmacións tanto do presidente como do xerente do Sergas que falaban de que o 85 % ou o 88 % —non se poñían de acordo— do persoal do Sergas tiña un nomeamento definitivo, cando eses informes confirman que a temporalidade aínda é elevada e está ben lonxe dese 5 % prometido, ese 40 % de temporalidade en atención especializada, e 28,1 % en primaria.

Así pois, como xa falamos nos debates de onte, os recortes en investimento público aplicados coa excusa da crise —non para rematar coa crise, senón coa excusa da crise— supuxeron, sobre todo, unha precarización do persoal dos servizos públicos. Podemos falar do Sergas, pero como falamos onte tamén, podemos falar da Consellería de Política Social e, en xeral, de todo o sector público. Ao final o que se fixo foi precarizar e cargar sobre o persoal unha inasumible carga de traballo, valla a redundancia, con esa imposición das taxas de reposición, ese estrés laboral que provoca, e comprometendo á postre a calidade asistencial; e ademais —como xa en numerosas ocasións se explicou aquí—, mesmo incorreu o Sergas en prácticas laborais fraudulentas.

As supostas propostas e cantos de serea do Sergas en forma de contrato de continuidade para as enfermeiras eventuais poderíase dicir que son un chiste, son un mal parche, e non van solucionar a cuestión de fondo, a conciliación imposible para gran parte do persoal, xa o sinalou a proponente. Hai mulleres, sobre todo, que son as que están nesas listas para contratación eventual, ás que lles é literalmente imposible conciliar a súa vida familiar e persoal, e moito menos para moitas delas, mozas menores de 35 anos, poder pensar en ter un fillo ou unha filla se o desexan.

É infame, ademais, é tremendamente infame, o que se fixo con esa compañeira da que falaba a proponente, de desvelar datos persoais nun programa. Ademais, dá igual que fose nunha televisión pública ou nunha privada, pero deuse o caso de que foi nunha televisión privada, e é realmente delirante que isto suceda. Deberían pedir non só unha desculpa, senón tamén algunha dimisión.

Pero indo aos orzamentos, que é onde se plasma a realidade do compromiso coa estabilidade do persoal, no 2020 non hai esa partida específica que propón o Grupo Común da Esquerda para dita negociación, pero tampouco significa un aumento importante do persoal. Ese 3,5 % de incremento do gasto en persoal que comentabamos no debate de orzamentos, que nos trasladaba o conselleiro, débese en gran parte á aplicación da suba do IPC e ao abono do recoñecemento da carreira profesional, polo tanto, estamos falando de dereitos do persoal, polo que moitas das prazas anunciadas como novas —e isto sucedeu, por exemplo, no Hospital de Verín—, realmente era simplemente consolidar algunha praza que se estaba cubrindo como acúmulo de tarefas. Fan falta máis prazas e fai falta que realmente se aposte polo aumento de persoal e por esa negociación.

Así pois, sen máis, apoiamos a proposición non de lei. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.





Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Efectivamente, a situación laboral dos profesionais da sanidade pública de Galiza ten sido obxecto de múltiples debates neste Parlamento, e cando se dan múltiples debates arredor dun tema non é por casualidade, é que existe o problema, primeira cuestión que sería bo que por parte do Partido Popular e por parte do Goberno da Xunta asumiran; e como non está resolto o problema, por iso temos que seguir, insistentemente, traendo a este Parlamento a denuncia da situación e a demanda de solucións para dita situación.

O que está a facer o Partido Popular é, primeiro, a improvisación, unha falta de planificación, co cal ten totalmente desprotexida a poboación, e tamén unha falta total de respecto e consideración para cos profesionais, máis alá desas recorrentes chamadas a que temos un persoal magnífico —que efectivamente o temos—, a que son o mellor da sanidade —que efectivamente é así—, pero, despois desas soflamas, o que sería necesario son medidas para mellorar a súa situación laboral, mais, despois desas declaracións, nunca veñen as medidas.

Son precisas fórmulas para dar estabilidade, non fórmulas para perpetuar a precariedade; e o que ten posto en marcha o Partido Popular só son fórmulas para perpetuar a precariedade, contratos de continuidade que ninguén quere, que teñen unha aceptación baixísima por parte dos profesionais porque significan non solucionar a precariedade, senón perpetuala. A consecuencia disto é que os profesionais están ao límite, están ao límite da súa resistencia, porque o maltrato continuado dá estas consecuencias.

Houbo moitos profesionais —téñennolo recoñecido en moitas reunións— que ao principio creron o discurso de que había que apertarse o cinturón, había que aceptar renuncias, había que aceptar incluso baixada de salarios, había que aceptar traballar por encima das posibilidades, porque era unha situación concreta, había unha crise, non había cartos e entón entre todos iamos arrimar o ombro. Houbo xente que de boa fe creu que ese era o escenario, mais realmente non o foi, e no BNG denunciámolo xa en múltiples ocasións.

A crise foi a escusa para deteriorar a sanidade pública polo elemento fundamental que ten a sanidade pública, que é o seu persoal, e, pasada a crise, estamos nun momento de aumento do produto interior bruto, nun momento de orzamentos expansivos, e resulta que non se está solucionando o problema porque non se quere solucionar o problema, porque esa era a folla de ruta. É agora, en pleno debate dos orzamentos, vemos —como xa dixemos onte— que non hai absolutamente ningunha medida, non hai aumento de recursos para solucionar esa cuestión.

Vou dar un par de datos. O Partido Popular non quere solucionar a situación, e non quere eliminar esa práctica do maltrato na contratación dos profesionais do Sergas. Nos primeiros sete meses do ano 2019, 68 facultativos e facultativas de Galiza solicitaron o certificado de idoneidade, que sabemos que é o certificado preciso para colexiarse ou traballar fóra, e subiu o 20 % con respecto ao ano 2018, e a tendencia non deixa de medrar desde o ano 2012. Re-



sulta que temos escaseza de profesionais, non hai médicos, non hai pediatras, e resulta que seguen marchando fóra. Se tiveran aquí unhas condicións laborais dignas, se houbera aquí un mecanismo de contratación digno, ¿a xente ía marchar fóra a desenvolver proxectos de vida fóra? Non, quedaría aquí, e os que están fóra volverían. Mais estes datos demostran, efectivamente, que o Partido Popular non quere solucionar a situación porque a súa folla de ruta é facilitar a sanidade privada.

Xa se mencionou, pero o informe do Consello de Contas desmentiu dun xeito rotundo as declaracións do Partido Popular en xeral, e en concreto as do presidente Alberto Núñez Feixóo. O Consello de Contas, no seu informe de fiscalización, indica que os índices de temporalidade continúan sendo altos, cunha media do 40 % en atención especializada e do 28,1 % en primaria, que dá unha media do 30 %.

Esa é a realidade, eses son os números, non a publicidade, a propaganda, as soflamas. Esa é a realidade dos números; igual que a realidade dos números son as cuestións que publican e que denuncian os traballadores e traballadoras da sanidade. A asociación de Enfermeiras en loita, ten denunciando e colgado nas súas páxinas cal é a situación. Fixeron unha enquisa onde sae que máis do 80 % dos profesionais se consideran precarios porque levan anos nas listas de contratación, por encima dos dez anos, e algúns levan catorce; porque levan contratos dun xeito... Fíxose aquí mención a un caso extremo, un caso que podemos poñer nun lado do abano, pero é que esa situación é máis que abundante.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Polo tanto, agora, no debate de orzamentos, sería o momento de solucionar as cuestións. Igual que sería o momento de solucionar a cuestión de por que no ano 2010 o Partido Popular suspendeu o acordo retributivo co persoal do Sergas, e dez anos despois, pasada a crise, non se dá recuperado ese acordo retributivo que fai que o persoal do Sergas estea nunhas condicións salariais inferiores en moitos conceptos ao resto do persoal da Xunta.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado. Terminou o seu tempo.

**A señora PRADO CORES:** A cuestión é que o Partido Popular non quere solucionar o problema do persoal sanitario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Por un día compartimos que o da sanidade vai ser o debate máis tranquilo do día. Está o ambiente un pouco crispado, é moito mellor os abrazos que a crispación. Os abrazos sempre traen moita máis tranquilidade.



Nós imos apoiar a iniciativa, cremos que é pertinente. É un debate case eterno que debemos ter e, dende logo, éo porque é unha realidade evidente, probablemente a máis grave que ten o noso sistema sanitario, o problema de persoal, e, especialmente, dentro do persoal, o problema da precariedade.

Antes de dar a nosa visión, que compartimos basicamente os puntos de vista, queriamos tamén sumarnos a esa mostra de afecto e de respecto aos profesionais. É moi fácil subir aquí dicir —como escoitamos moitas veces—: é que vostedes, cando discrepan, están atacando aos profesionais. Podemos entrar neses debates nalgún momento, pero é indigno, é indigno que un organismo público como a Xunta de Galicia utilice datos persoais dunha profesional para atacala en directo nun programa de televisión e que use os seus datos para intentar menoscabala cando está evidenciando unha realidade, coa que se pode discrepar ou non, pero as realidades obxectivas son as que son. Utilizar os datos persoais de alguén, difundilos publicamente, ademais de ser, probablemente, un delito, é absolutamente indigno. Se alguén ten que acudir a iso, e a iso acudiu o Sergas, é que está bastante perdido e está caendo nunha situación bastante dramática.

Dende o noso punto de vista —como dicíamos—, esta iniciativa ten que ver con tres cuestións nas que levamos insistindo moito tempo, e é que a eventualidade é un problema en tres niveis, digamos. É errónea dende o punto de vista político; podemos discrepar de se o noso punto de vista é erróneo. É fraudulento en termos de xestión; iso parece bastante obxectivo. E ademais é inasumible dende un punto de vista ético.

Explicamos. É erróneo politicamente porque provoca unha perda de calidade no sistema. Cando os profesionais son eventuais, o que ocorre nunha porcentaxe elevadísima, dende logo non nese 10 % ou 12 % que di a Xunta, aínda que o Partido Popular despois aquí, cando ofrece algúns datos, aínda que sexan manipulados, acaba recoñecendo que supera o 20 % —como recoñeceu aquí algún voceiro da área de sanidade do Partido Popular—, por tanto, están xa desmentindo o propio presidente cando afirma algunhas outras cousas.

Pois iso provoca unha perda de calidade do sistema. Que os profesionais traballen en inestabilidade permanente provoca que teñan que estar hoxe nun servizo, mañá noutro, entrar novos, tardar tempo en adaptarse, que os procedementos en equipo se demoren máis e sexan máis ineficientes; por tanto, obrigamos ao sistema a estar en permanente día novo e non conseguimos que exista unha continuidade asistencial.

Ademais, hai unha condena a anos vista do sistema, porque a eventualidade é moito máis fácil de implantar que de reverter, por tanto, estamos condenando ao sistema a isto. Pensemos unicamente no tempo que tardamos en formar profesionais: os exames MIR que se acaban realizando e os procesos finais que acaban dando un profesional ao cabo de nove ou dez anos dende que empezou a súa formación. Polo tanto, incluso nos próximos anos tere-mos máis problemas, porque levamos dez anos e medio de absoluto erro político na planificación sanitaria en Galicia.

É fraudulento en termos de xestión, dino os xuíces. Contratación fraudulenta, litera, en sentenzas xudiciais. Pero xa sabemos que a posición de recursos humanos da Consellería é: non



sempre contratamos de maneira fraudulenta. Non sempre. Non sempre. Bueno, ¡pois está moi ben! E a posición do conselleiro é: «Éche o que hai», que está ben, sendo irónico está moi ben. «Éche o que hai». Ademais, ninguén soubo contestar. O outro día, debatendo os orzamentos —bueno, debatendo..., expoñendo a súa opinión, porque debater non debateu nada— na comisión, toda a dirección da consellería falou sobre o fondo de continxencia sobre o que nós preguntabamos. Fíxense, seguro que saben todos os que estiveron vendo os orzamentos, especialmente cada deputado na área que máis traballe, que o fondo de continxencia é unha área que está á parte, é un programa específico en cada área. En sanidade non; sanidade está todo dentro dos programas asistenciais. Unha excepcionalidade que o Consello de Contas di que hai que explicar pero que ninguén explica. E está todo aí porque está pagando a eventualidade, ¡todo o fondo de continxencia do Sergas! Unha absoluta ineficiencia, e un recoñecemento de que están utilizando outras partidas para pagar a eventualidade que non queren recoñecer por outra vía. Ineficiente, fraudulento, esas son as cualificacións de organismos como os xuíces ou como o Consello de Contas.

E dicíamos que é inasumible para a ética, basicamente polo que empezamos a falar. Non se pode estar atacando, disparando, indo contra os profesionais que teñen unha crítica ao sistema e que poñen papeis enriba da mesa. É absolutamente inaceptable que o sistema se dedique a disparar ao discrepante. E iso —e non vou entrar noutras cualificacións, que hoxe estivo o día un pouco crispado—, iso é lamentable. E alguén debería dar algunha explicación.

Que se autobuses e bocadillos, que se están atacando o sistema, que se o poñen en risco, que se poñemos os contratos na rúa, que se ensinamos o que cobran, que se dicimos o que tal, que se o xerente ou exxerente da EOXI de Vigo di que os dimitidos non teñen razón e non teñen nin idea do sistema... A cadaquén que discrepa, ¡hachazo!, e así non se pode sostener un sistema. Está esta consellería conseguindo o consenso en contra, polo tanto, necesitan cambiar polo menos a actitude. Hoxe falaba o presidente de soberbia, e a verdade é que debería empezar a mirar pola súa casa. Hai que coidar a quen nos coida, que o din moitas enfermeiras ultimamente e parece un lema tremendamente...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...axeitado para esta situación. Coiden a quen nos coida. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Bos días. Moitas grazas, presidente.

Eu voume centrar na proposición, non me vou centrar en acusacións nin... Non vin aquí para isto, vin para falar da proposición.

Señorías, o certo e ademais verificable é que, a pesar das políticas de control do gasto público do período da crise económica, reflectidas nas leis orzamentarias e derivadas das limitacións



das taxas de reposición efectivas impostas pola Administración estatal, que produciu unha redución das porcentaxes de estabilidade laboral no Sistema nacional de saúde na súa globalidade, a pesar disto, señores da oposición, na nosa comunidade autónoma o Sergas, en plena crise, ano tras ano, continuou convocando oposicións, non deixando de executar cada ano ofertas públicas de emprego, desde o 2012 ata o presente ano 2019, sempre esgotando a taxa máxima de reposición.

Señora Solla, é verdade que nunca chove a gusto de todos. ¡Ten valor falar de escasa planificación! Neste mesmo ano que estamos, no 2019, ofertáronse 1.314 prazas da OPE. Estes son os números da planificación da estabilidade e da política laboral do Sergas. Preto de 6.000 prazas a oferta pública de emprego para converter a 6.000 traballadores temporais en persoal estatutario fixo.

Hai poucos días, o conselleiro de Sanidade anunciou, na comparecencia de presupostos, unha nova OPE cunha convocatoria de 1.057 prazas no Sistema sanitario galego para o próximo mes de decembro do presente ano, e onte mesmo adxudicáronse 241 novas prazas de médicos de atención primaria.

Pero as OPE non foron a única medida que se adoptou por parte do Sergas en favor da estabilidade laboral para os seus profesionais. En abril do 2017 aprobouse o Plan de estabilidade de emprego e provisión de prazas de persoal estatutario, cunha dotación de máis de oitocentas prazas para unha maior estabilidade das plantillas. Estes compromisos executáronse na súa totalidade, polo que oitocentos profesionais eventuais convertéronse en interinos e as súas prazas foron ofertadas nas OPE para consolidar a condición de persoal fixo.

No ano 2016 asinouse pola maioría das organizacións sindicais da mesa sectorial: CIG, Comisións Obreiras, CESM, Omega e UXT a negociación do novo pacto de selección temporal, así como un pacto específico asinado polos mesmos sindicatos no mes de novembro de 2018, que incorpora os facultativos especialistas da área ao sistema de listas de selección temporal.

Vostede falaba de conciliación. Pois mire, hai medidas como descansos voluntarios anuais; refórzanse tamén as garantías de intervalos mínimos entre o chamamento e a incorporación efectiva de prestación de servizos; elección da área sanitaria. E pódolle dicir outras medidas. A mesa sectorial do persoal estatutario asinou con organizacións sindicais o acordo sobre as bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

Señores da oposición, ¿saben vostedes cantas convocatorias de selección de facultativos especialistas de área para a cobertura interina e de longa duración se realizaron no que vai de ano nas xerencias do Sergas? Foron 167 convocatorias, e séguese convocando. Estes son datos reais e constatables en Galicia. En Galicia, dende o minuto un, estanse a adoptar medidas para favorecer a estabilidade laboral, é o Goberno central quen non está adoptando as medidas que reiteradamente está a solicitar o Servizo Galego de Saúde na Comisión de recursos humanos do Sistema Nacional de Saúde para paliar o déficit de profesionais. É imprescindible que o Estado elimine a taxa de reposición, de tal maneira que poidan ser



ofertados en cada comunidade todos os postos que as necesidades asistenciais están a demandar. Non hai outra maneira.

Señores da oposición, reflexionen, pensen e sexan críticos, pero con crítica construtiva, facendo achegas, non desprestixiando a excelente sanidade que temos os galegos, como nos veñen tendo acostumbrados.

Non hai nada que lles veña ben. Un plan de estabilidade de emprego cunha dotación real de oitocentas prazas; preto de seis mil prazas a oferta pública de emprego; un nomeamento temporal como de continuidade cunha garantía de tres anos de duración; unhas organizacións sindicais que maioritariamente apoian estas medidas con acordos asinados na mesa sectorial. Hai poucas comunidades autónomas que dediquen tantos recursos á sanidade pública.

Podemos falar do Plan galego de atención primaria, do Plan de hospitalización a domicilio, e non só se seguirán tomando medidas, estas lévanse adoptando ao longo de todos estes anos de goberno do PP e seguiranse adoptando no futuro. O realmente preocupante é que o Goberno central non exerza as súas competencias nin adopte accións que axudarían ás comunidades autónomas a afrontar o déficit de profesionais e acadar maiores taxas de estabilidade.

Señor Torrado, señores de Podemos e demais posibles socios do goberno, se os seus partidos finalmente chegan a acordos de goberno, poderían suxerir a eliminación da taxa de reposición imposta no ano 2010 polo Goberno do señor Zapatero, isto é competencia exclusiva do Estado. Desde o Goberno galego é un tema que se vén exixindo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...de maneira reiterada na Comisión de recursos humanos do Sistema Nacional de Saúde, e, desde logo, a devolución dos 700 millóns que a Administración estatal debe a Galicia por cumprimento do déficit sería unha importante fonte de financiamento para a atención dos servizos públicos dos galegos e das galegas. A cada un o seu.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Eu son máis de a cadaquén segundo as capacidades, que é un pouco máis leninista.

Quero agradecer o apoio dos grupos da oposición a esta iniciativa... —¿rin?, ¿failles graza?— e trasladarlle á señora Amigo que lamento, lamento profundamente, que vostede utilice a iniciativa para botar balóns fóra. Se a cadaquén hai que exixirlle a súa responsabilidade, hai



que lembrar que as competencias en materia sanitaria son da Comunidade Autónoma e están transferidas. Eu tampouco estou a favor da taxa de reposición, señora Amigo, levámolo defendido dende que entramos neste Parlamento, pero vostedes non poden articular todo o seu discurso baseándose neste elemento, entre outras cousas, porque vostedes non levan moito tempo pedindo que se elimine a taxa de reposición; levan pedindo que se elimine a taxa de reposición dende que non gobernan vostedes, ¡dende que non gobernan vostedes!, esa é a realidade. E a eliminación da taxa de reposición hai que pedila cando o Goberno é amigo e cando non é amigo, ese é o traballo que hai que facer.

Os voceiros de sanidade, as voceiras de sanidade, temos a obriga de pelexar para que se elimine esa taxa de reposición, ¡claro que si!, pero tamén cando goberna o Partido Popular.

Pero miren, nin sequera ese elemento —que, por suposto, é importante— xustifica os recortes que vostedes practicaron en materia de orzamentos e as contratacións fraudulentas. Perdeu vostede a oportunidade, aínda que vostede non é Goberno, para pedir desculpas ou para trasladar que estaba de acordo con que o Goberno debería de pedir desculpas e dimitir algunha responsable ou algún responsable porque o que aconteceu o outro día na televisión é absolutamente inadmisíbel. E cando un político ou unha política erra, ten que asumir as consecuencias dese erro. Non pode ser, non se pode atacar aos profesionais da sanidade pública e, dende logo, negar unha realidade que está aí e á que hai que poñerlle freo.

Volvo repetir, non hai OPE anuais. Que vostedes pinten nun papel o anuncio dunha OPE non significa que haxa exames todos os anos nin que esas persoas se incorporen ao sistema. É falso, non é certo. Despois da entrada do Partido Popular, na miña categoría só fixemos dous exames, e para iso, dunha cantidade de prazas absolutamente insuficiente para cubrir a necesidade. Polo tanto, dá igual que vostedes o repitan. Se eu digo cada ano que vou sacar dez prazas e non as convoco e se van acumulando, é evidente que digo todos os anos que vou sacar prazas, pero a realidade é que non hai oferta pública de emprego cada ano. E vostedes ségueno repetindo. E, por favor, ¡descanso voluntario anual...! A min paréceme unha burla aos profesionais, pois hai xente que non pode decidir cando vai descansar porque continúan facendo vostedes contratos en fraude de lei, e aínda hai unha semana unha compañeira estaba trasladando que se lle estaba facendo un contrato e outra vez a volvían despedir os días libres. ¡Por favor, que continuamos nesta situación! Que hai persoas que concatenan tantos contratos temporais de días que non teñen tempo nin posibilidade de descansar. Creo que debería caérselles a cara de vergoña de falar desta cuestión.

E, por suposto, se unha persoa —e remato xa, que xa non me queda tempo— se apunta á posibilidade de que non se lle chame, non come, ¡non come! E esa é unha realidade. E en vez de vir aquí afirmar cousas que non son, dende logo, que non manteñen o respecto aos profesionais...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** ...deberían afirmar que teñen que sentarse a traballar cos representantes sindicais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. ¿Acepta a emenda?



**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Perdón, agora mesmo lla traslado, vou... (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a mellora polo Goberno galego da atención ás emerxencias sanitarias na comarca de Deza, coa dotación en Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Quero, en primeiro lugar, darlles a benvida a este pleno ás persoas que nos acompañan, representantes veciñais dos concellos de Deza que están afectados por este grave problema.

Hoxe falouse pola mañá, neste pleno, da atención ao rural, e eu penso que este é un magnífico exemplo do abandono, da desatención e da discriminación que sofren moitas comarcas do rural en moitos ámbitos, especialmente no ámbito sanitario e no da atención ás emerxencias.

E quero comezar léndolles o testemuño dunha médica de emerxencias que di o seguinte: «Traballei cinco anos nas urxencias de Deza. Atendiamos os concellos de Lalín, Dozón, Rodeiro e A Golada: 40.000 persoas, 1/3 do territorio da provincia de Pontevedra e unha poboación dispersa con lugares a unha hora ou máis do hospital. Creo que nunca pasei tantos apuros serios na miña vida profesional. Atendiamos accidentes agrícolas e de tránsito, infartos e patoloxías graves de todo tipo e tiñamos que trasladar as emerxencias ata Santiago ou ocasionalmente a Ourense desde Dozón. Nunca agradeceréi o suficiente a profesionalidade e a solvencia dos técnicos da ambulancia con base en Lalín, curtidos en mil situacións dificultosas. Pero tamén lembro o difícil que era tomar a decisión de mobilizar esa ambulancia, porque, se a usabas con alguén que non a precisaba estritamente, a poboación quedaba máis de dúas horas sen vehículo de transporte urxente e había que recorrer á de Silleda-Cruces ou xa ás da provincia de Ourense, que cubrían outras áreas. Creo que o Deza sempre estivo necesitado de reforzar a súa atención ás emerxencias».

E outro testemuño recente, da semana pasada, tamén dun técnico de ambulancia de Lalín, dedicado ao transporte non urxente, ao transporte programado, di: «Estamos saturados. En vez de pacientes parece que trasladamos gando». E fai referencia ao caso dunha señora da Golada, que tardou máis de cinco horas en chegar á súa casa en ambulancia desde o Hospital de Santiago, a onde acudira para recibir tratamento oncolóxico. Máis de cinco horas para voltar á casa despois da dura experiencia de pasar por un tratamento oncolóxico no Hospital de Santiago.

Esta é a realidade da que falan os feitos da atención sanitaria e da atención ás emerxencias na comarca de Deza, onde hai un gravísimo problema que ten que ver coa falta de cobertura,





coa grande extensión xeográfica e territorial que ten esta comarca, coa dispersión de poboación, coas enormes distancias e cos tempos, polo tanto longos, para chegar a eses puntos.

Nesta comarca hai unicamente dúas ambulancias de soporte vital básico, unha en Silleda e outra en Lalín. A de Lalín atende os concellos de Lalín, Rodeiro, Agolada e Dozón, e a de Silleda, Silleda e Vila de Cruces. Pois ben, referíndonos á ambulancia de Lalín, hai que ter en conta que atende unha área de 580 quilómetros cadrados, o que supón tempos de resposta en condicións normais que son moito máis longos e dilatados do que sería a resposta deseable, que debería de ser de en torno aos 20 minutos. E isto vese agravado, ademais, pola obriga de ter que trasladar pacientes tanto ao hospital de referencia, que é o Hospital de Santiago, como tamén de recoller persoal sanitario no PAC de Lalín, tendo en conta, ademais, que teñen que facer traslados urxentes de enfermos graves e accidentados, especialmente con politraumatismos, ou que sufriron graves doenzas, como infartos ou ictus.

A realidade é esta, que a comarca ten esta deficiente cobertura, ten estas dúas únicas ambulancias, e non ten ningunha ambulancia medicalizada, que é unha discriminación evidente con respecto a outras comarcas do país, non só ás cidades, senón a outras comarcas que teñen este servizo.

En resposta a esta situación, a esta deficiente cobertura, hai unha gran mobilización social e tamén institucional —ou houbou nos pasados meses— reclamando a dotación desta ambulancia medicalizada para o Deza. Quero recordar, entre outras cousas, que houbo un acordo plenario do Concello de Lalín no mes de xullo deste mesmo ano, unánime, de todos os grupos políticos, a favor da dotación desta ambulancia medicalizada; tamén do Partido Popular, que despois non sabemos por que razón —ou si sabemos por que razón— cambiou de posición.

Pois ben, con esta situación, o pasado 13 de outubro produciuse unha desgraza, o falecemento dun home en Dozón, logo de agardar case unha hora pola chegada da ambulancia, o que puxo unha vez máis en evidencia, de maneira dramática, a insuficiencia de medios coa que conta esta comarca. A pesar das reiteradas chamadas, non había ningunha ambulancia dispoñible nese momento para poder atender esta situación, e cando chegou a ambulancia esta persoa xa falecera.

Esta persoa chamábase Jesús Pérez García, e, pola súa memoria, en nome da súa memoria, pedímoslles que poñan os medios para evitar que se volva repetir unha situación coma esta e moitas situacións tamén que se producen habitualmente como esta, que non acaban en traxedia moitas veces grazas á sorte, á casualidade, e sobre todo ao grandísimo traballo dos profesionais das emerxencias sanitarias.

E, miren, díxollelo clarisimamente a familia desta persoa falecida, que ademais deron un exemplo de responsabilidade e de prudencia. Está na prensa. Moi pouco tempo despois da morte do seu familiar dixeron publicamente: «Se volve pasar, que haxa un mínimo de servizos que con el non tivemos». Atendan o clamor e a demanda desta familia, que acaba de sufrir unha situación tan extremadamente dramática como a morte dun familiar. *(Aplausos.)*

E, claro, logo desta traxedia —o señor Núñez Centeno cabecea, pero é a realidade. Acáballo de dicir a familia, señor portavoz do Partido Popular—, resulta que o BNG pregunta aquí



pola mellora deste servizo, e o señor presidente da Xunta pronunciou aquí unha mentira como unha catedral, porque dixo publicamente, en sede parlamentaria, que o Deza ía ter unha terceira ambulancia, cousa que falta á verdade, porque non vai ser unha terceira ambulancia, como está claro e xa tivo que corrixir, ademais, o propio 061; é un vehículo de apoio, que non é un vehículo de transporte sanitario. Non se utiliza para o transporte de emerxencias. Ademais, xa existiu ata o ano 2018 e deixou de funcionar porque o persoal sanitario non quería traballar con ese vehículo porque non tiña as condicións mínimas para o transporte sanitario de emerxencias.

A conclusión, despois de todas estas semanas de debate, é que o Goberno da Xunta non ten ningunha intención de dotar a comarca do Deza de ningunha ambulancia, nin de ambulancia convencional, nin de ambulancia, por suposto, medicalizada.

E miren unha cousa, os recortes en sanidade matan, esta é unha realidade, e levámolo comprobando en todo este tempo, pero tamén as mentiras, como as que se pronunciaron aquí, degradan a democracia e este Parlamento, e sobre todo degradan a quen mente e a quen xoga coa vida e coa saúde das persoas. É un feito moi grave.

Pois ben, o pasado 26 de outubro o BNG presentou unha nova moción no Concello de Lalín, e neste caso a posición do Partido Popular foi votar en contra da petición á Xunta de Galicia dunha ambulancia medicalizada. É dicir, tres meses despois desdízose do que votara. Primeiro apoiou a ambulancia medicalizada e despois votou en contra, porque xa sabemos a quen serve o Partido Popular de Lalín, serve as ordes que lle dan desde Santiago, non serve o pobo de Lalín. (*Aplausos.*) Polo menos, o concello de Dozón, gobernado polo Partido Popular, tivo un pouquiño — polo menos un pouquiño — de decencia e votou a favor de pedir esa ambulancia medicalizada. Así é que póñanse de acordo porque votan unha cousa e a contraria con poucos quilómetros de distancia.

E, claro, o tema aínda é moito máis grave, porque non se trata só das emerxencias sanitarias, o que está en auténtico estado de emerxencia na comarca do Deza é a propia atención sanitaria; cousa, por certo, que ocorre en gran parte do país, sobre todo nas zonas rurais, onde vemos como se están recortando servizos, persoal en atención primaria e tamén nas urxencias, mesmo onde entra a auga, que se ten que recoller con caldeiros. Isto pasou recentemente no centro de saúde de Lalín.

Xa o colmo foi o que aconteceu esta fin de semana no PAC de Lalín, que estivo o pasado domingo hora e media sen ningún persoal médico porque os dous médicos estaban atendendo urxencias fóra do centro. ¿E saben quen tivo que atender as urxencias durante ese tempo? ¿Saben quen foi? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Quen foi? Pois foi un celador, que tiña que poñerse en contacto co 061 para poder resolver as situacións. (*Aplausos.*) Isto non é propio dun país avanzado, dun país decente, dun país que teña uns servizos sanitarios dignos.

Polo tanto, isto non o podemos consentir. Por iso traemos aquí esta denuncia, e sobre todo por iso traemos aquí esta proposta, que recolle o sentir, o clamor maioritario e unánime da comarca do Deza de acabar con esta discriminación e de dotar esta comarca dunha terceira



ambulancia medicalizada; polo tanto, de dotar de medios esta comarca para unha sanidade digna, para unhas emerxencias sanitarias con máis medios para salvar vidas, que é, definitivamente, do que se trata.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Un saúdo ás persoas que están na tribuna para acompañar esta xusta reivindicación, e teoricamente unánime, de todas as forzas políticas da Cámara. Nós, dende logo, concordamos en que o Deza precisa unha ambulancia de soporte vital avanzado, con base en Lalín, as 24 horas. Consideramos, ademais, que o novo concurso do 061 é evidente que non solucionou todos os problemas de déficit de ambulancias no país, porque, igual que se precisa esa en Lalín, as novas ambulancias de soporte vital avanzado de Monforte e do Salnés precisarían un técnico de emerxencias sanitarias máis en cada quenda, igual que o resto do país. E tamén se debería recuperar o que perdeu A Mariña, que tiña dous en cada quenda.

No caso do Deza e no sur de Lugo, ademais coincide en que estamos a falar, como foi exposto aquí, dunha situación que revela o déficit de atención sanitaria urxente no rural, porque, falando co persoal do 061, vemos que estas situacións de que hai determinadas parroquias, determinados lugares que superan os tempos de intervención axeitada son habituais. A comarca do Deza é un exemplo dos máis acuciantes do país, porque é un extensísimo territorio, e pasa tamén no sur de Lugo, como pode ser en Taboada. Hai lugares do país nos que se superan os tempos axeitados de intervención.

¿Que sucedeu? Sucedeu esa desgraza, sucedeu que unha persoa faleceu agardando case unha hora por unha ambulancia. Deuse a circunstancia de que nese momento os dous vehículos con base na comarca estaban atendendo outros servizos. E queremos recoller que o testemuño que leu aquí o propoñente sobre esa médica de urxencias é significativo de que esta situación na comarca de Deza non pode continuar.

No mes de xullo —efectivamente, xa se sinalou— o Pleno do concello de Lalín aprobou unha moción na que instaba a Xunta á dotación de Lalín cunha nova ambulancia de soporte vital avanzado. Esa ambulancia foi anunciada aquí polo presidente da Xunta, pero vemos que simplemente se quedaba nun vehículo de apoio.

Estamos a falar dunha comarca cunha extensa área, que compromete, polo tanto, eses tempos de intervención que son vitais en múltiples ocasións. A nós pareceríanos moi sinxela esta proposición non de lei, porque se trata simplemente de respectar os acordos acadados por unanimidade no Concello de Lalín e de atender unha reivindicación esencial dunha comarca tan extensa cun recurso máis, e no conxunto do orzamento tampouco suporía un gran desembolso.

Así pois, sen máis, imos apoiar esta proposición non de lei. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Pido desculpas á Presidencia e á emendante, que quedei en branco na anterior iniciativa. Aceptamos a emenda da anterior iniciativa á proposta do Grupo Común da Esquerda.

E, indo a esta cuestión, que ademais xa debatemos na Comisión de Sanidade, nós imos apoiar esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. Quero saudar tamén a presenza das persoas que veñen atender este debate, porque, ademais, estamos falando dunha cuestión que é fundamental.

A verdade é que, á petición dos propios técnicos e técnicas, levamos moitos anos reclamando, por parte dos grupos, nos distintos orzamentos diversas propostas de incremento das necesidades de ambulancias de soporte vital básico e de soporte vital avanzado en todo o territorio, porque existe un déficit no noso país. Isto, ademais, tal e como se explicou aquí por parte do propoñente, se acompaña dunha situación na que, desgraciadamente, os puntos de atención continuada deste país, como é coñecido por todos os grupos, están a sufrir unha serie de problemáticas que orixinan descubertos no persoal, e iso non facilita que cando son as ambulancias de soporte vital básico as que se teñen que dotar dese persoal existan equipos suficientes, porque, evidentemente, xa non está o persoal suficiente para atender as propias urxencias dentro dos puntos de atención continuada.

Polo tanto, é lóxico e normal que se solicite, atendendo a como se trasladou esa poboación, unha poboación que eu creo que non é nada desdeñable, e ademais nun territorio que ten unha dispersión poboacional e de diferentes grupos eu creo que tamén bastante valorable neste sentido.

Esta cuestión foi trasladada tamén, xa digo, no debate da comisión, e a pesar desta situación e dese desgraciado evento no que faleceu unha persoa agardando por esa asistencia, non houbo nin sequera a sensibilidade para entender que isto significaba que parecía máis que evidente que xa había probas suficientes de que existía a necesidade de dotar deste recurso. E, tal e como se expuxo nese novo concurso, o lote que aparece dentro desa área de Lalín-Santiago o que reflicte é, como unha suposta mellora, unha ambulancia de apoio.

O noso grupo leva eu creo que varios anos —practicamente dende o inicio desta lexislatura— advertindo dun elemento que teñen denunciado os técnicos de transporte e de emerxencias sanitarias, que é que, efectivamente, as ambulancias de apoio deberían ser un elemento individual, pero, desgraciadamente, continúanse utilizando para a asistencia ordinaria das urxencias. Son, ademais, vehículos que non contan coa cantidade de persoal suficiente porque, como saben xa as súas señorías, contan só cun técnico neses vehículos e, polo tanto, non poden proporcionar a mesma atención que o resto das unidades. Esa é a mellora que se establece nese lote para esta área sanitaria, para esta zona sanitaria. Sen em-



bargo, parece que se entendeu, pola intervención do presidente da Xunta hai dous plenos, que se ía dotar esa zona dunha ambulancia de soporte vital avanzado. Iso non existe nos orzamentos deste vindeiro ano. E vimos tamén de ver e de discutir como esas supostas melloras no concurso significaban que noutras zonas se retiraban profesionais desas ambulancias. Eu non vou insistir neste tema aquí, pero falamos de Foz e falamos das diversas zonas que quedan sen un técnico nas súas ambulancias de soporte vital avanzado.

Polo tanto, eu creo que parece bastante razoable que se solicite para a comarca do Deza, tendo en conta as necesidades que se veñen de expoñer aquí e a cantidade de poboación existente no concello de Lalín e nos concellos adxacentes, ese vehículo.

Eu creo que fai falta un debate sereno sobre as necesidades do transporte no noso país. O noso grupo ten solicitado que se reverta a situación actual e que se comece a proporcionar este servizo dende a asistencia pública. Pero, máis alá diso, cando os técnicos e técnicas, os profesionais sanitarios —tamén do 061—, levan anos trasladando que a dotación actual é insuficiente e que ademais se acumulan os recortes que se efectuaron no número de ambulancias nos primeiros anos dos gobernos do Partido Popular, creo que fai falta que senten a deseñar unha planificación que se faga cos profesionais e, por suposto, atendendo ás demandas veciñais. Creo que teñen datos suficientes en relación coas isócronas das atencións e, por suposto, co número de atencións que se dan nos concellos. Creo que esa debería de ser a base coa que se traballase o novo mapa do transporte sanitario no noso país, e non se está a facer.

E as melloras que traslada o Partido Popular que se adoptaron son realmente insuficientes, porque eu creo que xa levamos moitos anos reclamando que se incremente o número de recursos. Neste caso non é unha excepción, e, desgraciadamente, ás veces teñen que pasar cousas como a que aconteceu co falecemento desa persoa para que os gobernos se dignen...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** ...a tomar algunha medida neste caso. Agardamos que sexa así e que aconteza o mesmo que no Pleno do Concello.

Nós imos apoiar esta proposición non de lei. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Saudamos tamén os veciños e veciñas da comarca que acoden hoxe a observar este debate.

Nós, de antemán, imos, evidentemente, anunciar o noso apoio á iniciativa, como o fixemos xa no Concello de Lalín, e, como non podía ser doutra maneira, imos votar a favor porque é unha necesidade evidente. Evidente non só porque o poidamos debater aquí —que podemos



ter as nosas informacións e plantexamentos—, senón porque os profesionais o ditaminan e porque, ademais, os criterios habituais utilizados para establecer os vehículos evidencian que é necesaria unha ambulancia medicalizada —incluso ese é o debate posible nesta co-marca—.

E, ademais, non o dicimos só aquí, senón que xa houbo unha moción no mes de xullo no Concello de Lalín, a proposta do Partido Socialista, que contou co apoio de todos os grupos. E, especificamente, houbo intervencións que exixiron e que reincidiron nesa necesidade da ambulancia medicalizada. Probablemente unha das máis contundentes ou das máis claras foi a da portavoz, da voceira que falou nese momento do Partido Popular, insistindo na necesidade da ambulancia medicalizada. Foi moi clara nese punto e, por tanto, entendemos que é unha demanda do Partido Popular tamén. A pregunta é: ¿por que non poñela? Ten que ver probablemente iso, fíxense, co que vou ler aquí, cun pequeno extracto que di: «negociaremos a mellora da cobertura asistencial coa dotación dunha ambulancia medicalizada», cousa coa que estaríamos todos de acordo. Debe de estar tamén de acordo o Partido Popular porque é o seu programa electoral en Lalín.

Sen embargo, non moito tempo despois, anuncian unha mellora que non é unha mellora, que é poñer un vehículo de apoio; por certo, que xa existía e que o quitaron. É tremendo retirar un vehículo, volver poñelo e anunciálo como unha mellora. Isto foi o que ocorreu, o que anunciou aquí o señor Feijóo, deslizándoo e probablemente intencionando que algúns medios o trasladaran como que fora unha ambulancia medicalizada, porque, ao final, a única preocupación do Partido Popular nisto, polo de agora, foi o titular dos periódicos; a preocupación polo caso, cero.

Polo tanto, se o demandaron e o expresaron en campaña electoral, se o votaron a favor no Concello, votarán a favor; e, o máis importante, poñerano en marcha, e, por tanto, poñerán en marcha de verdade esa ambulancia medicalizada, que din que é necesaria. Iso evidenciará, primeiro, que non é o que estaba plantexado; e, segundo, que aquí o señor Feijóo dixo algo que non era certo. En todo caso, se ao final conseguimos entre todos plasmar a evidencia, diante do Partido Popular, desa necesidade, benvida sexa. Pero si que queremos incidir en que é importante que non teñan que ocorrer —díxose aquí— casos así para ter este debate.

E non vou entrar nas cuestións que xa foron moi debatidas, pero existiu un caso tamén dunha atención urxente na Estrada hai un pouco máis de tempo que tivo un fatal desenlace. Mire, sobre o que quero poñer o foco é sobre que é unha zona moi próxima, e cando existe unha demanda, como a que ocorreu ese día en Dozón, se tivera sido posible, tería chegado algún vehículo dende a Estrada, pero estaba ocupado nese momento. Por certo, unha das explicacións que se deu é que os vehículos estaban ocupados; claro, pois iso evidencia que fai falta algún máis, porque normalmente están moi ocupados.

Pero, volvendo ao caso da Estrada, é un contorno que ten algunhas condicións. En Galicia hai unhas condicións moi comúns a todo o territorio, especialmente no rural, pero neste faise moi evidente porque son lugares poboados, con moitas distancias, con carreteras moi complicadas, especialmente en inverno —aínda que nalgúns casos pode ocorrer tamén perfectamente en primavera ou no verán—, e ademais de moi difícil tránsito. Por tanto, as dis-



tancias non se poden medir nun despacho en San Caetano cun *Google Maps*; é dicir, hai que ter en conta o que din os profesionais, que din que non é o mesmo facer 15 quilómetros no Deza que facer 15 quilómetros bordeando A Coruña ou Vigo. Non é o mesmo; polo tanto, temos que ter en conta esas cousas, que non se están tendo, e por iso pasa o que pasa.

Hai que intentar saír do titular e non facer unha campaña electoral dicindo que un vai demandar, ademais da ambulancia medicalizada, tamén o centro integral de saúde. Pero iso dá para expediente para outro día e, curiosamente, só aparece nos orzamentos cando goberna o Partido Popular en Lalín; despois desaparece. Pero, bueno, ese é outro debate.

Polo tanto, vexamos que esa é unha comarca especialmente necesitada dunha ambulancia máis; medicalizada sería unha gran decisión, como ocorreu noutros casos, que tiveron que estar persistindo. Incluso a algúns aínda lle puxeron ese novo invento, que é a sanitizada, que non leva médico. Polo tanto, non é medicalizada, pero leva sanitario, é sanitizada — inventando termos intermedios—.

Os vehículos de transporte urxente sanitario son un sistema que está ben pensado, ben deseñado, pero mal aplicado, porque non ten recursos suficientes.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** E nós o que demandamos é que, para que se aplique ben, teña os recursos necesarios. Por iso votaremos a favor desta iniciativa, que, como xa foi votada por todos, entendemos que a votaremos todos a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día ás persoas que veñen de Lalín.

«Instar o Goberno de España a eliminar do ordenamento legal as restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no sistema nacional de saúde, cando estas afecten postos de traballo de carácter estable». Señora Solla, foi aprobado no Pleno do Parlamento de Galicia o 22 de marzo de 2017 —entendo que, se se aprobou, foi co voto do Partido Popular—. Non dixo vostede a verdade na súa anterior intervención.

Señor Bará, é vidente que vostede de atención primaria non sabe moito; é evidente. E cando hai 2 médicos ou 3 médicos nun PAC e hai tres demandas de asistencia, ¿vostede cre que un



médico pode quedar no PAC? Iso é un delito. Eu traballo nun centro onde hai só 3 médicos de garda, e en situacións puntuais saímos os 3 médicos de garda, ningún pode quedar alí, porque iso é un delito.

Hoxe debatemos aquí unha iniciativa en relación co falecemento dunha persoa no concello de Dozón por un cadro de gravidade, coincidindo coa presenza das dúas ambulancias do 061 da comarca en senllas emerxencias. E, con base neste suceso, o Bloque Nacionalista Galego reclama dotar a Lalín dunha ambulancia medicalizada. Eu entendo que se debería dicir unha ambulancia de soporte vital avanzado, porque todas as ambulancias, señoría, se poden medicalizar, e medicalízanse. Recollen o persoal do PAC ou do centro de saúde correspondente. Faíse en infinidade de ocasións, e eu mesmo, como médico, teño acudido nesas ambulancias a múltiples urxencias.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia fai unha análise continuada da evolución da rede de transporte urxente e valora o número de servizos, o tempo de ocupación deses recursos terrestres e aéreos, os tempos de resposta ás emerxencias e, asemade, outras variables como poden ser cambios demográficos ou actividades ou situacións de determinados concellos. E, con base en todos eses datos, elabóranse as previsións de necesidades e os pregos para os concursos de transporte. O actual estase a poñer en marcha nestas datas; por certo, cun incremento do 50 % no custo do mesmo.

Ese novo contrato contemplou un incremento do número de ambulancias de soporte vital básico e avanzado —1 de básico e 6 de avanzado— e o incremento tamén do horario doutras tres ambulancias que xa estaban incluídas no concurso. E, ademais, comportou a contratación de 24 enfermeiros, 12 médicos e preto de 100 técnicos en emerxencias sanitarias.

No caso que contemplamos nesta iniciativa, na comarca do Deza, na actualidade, as urxencias e emerxencias sanitarias extrahospitalarias son atendidas polas ambulancias de Lalín e Silleda —como se dixo—, algunhas parroquias de Vila de Cruces reciben asistencia dunha ambulancia de Arzúa e outras do concello de Agolada, en Pontevedra, son atendidas pola ambulancia de Melide.

O novo contrato, señorías, redactouse en función dos datos dos servizos prestados en cada comarca. E aquí falouse de moitas cousas, pero non se falou de datos. No caso da ambulancia de Lalín valorouse a utilización das ambulancias nos anos 2017 e 2018, e a media rolda as 6 atencións diarias; no caso da ambulancia de Silleda, rolda arredor de 5 atencións diarias. Eses son datos.

As cifras de servizos e tempos de ocupación do ano 2019 son estritamente equivalentes ás dos anos 2017 e 2018. No caso concreto do concello de Dozón, o concello de Dozón utilizou as ambulancias do Sergas en 69 ocasións no ano 2018, unha media de 0,18 atencións por día; e no que levamos do ano 2019, 57 atencións, o que fai unha media de 0,19 atencións ou utilizacións da ambulancia por día.

Esa empresa, efectivamente, que é a empresa que adxudicou ese novo contrato para esta comarca, incluíu como mellora unha nova ambulancia de apoio con base en Lalín, que será





mobilizada nos casos en que estean ocupados os recursos da zona. E esas ambulancias de apoio, ¿para que se utilizan? Utilízanse cando os medios propios do 061 están ocupados en traslados de pacientes que xa foron vistos polo seu médico de cabeceira ou de urxencias e teñen que ir ao hospital con cadros de non excesiva gravidade ou para recoller e trasladar aos domicilios os profesionais dos centros de saúde cando sexa demandada a asistencia polo 061, medicalizando esa ambulancia. Eu non sei, aquí díxose que son transportes, que son vehículos de apoio, que son ambulancias de apoio. Son ambulancias de apoio e existen en moitos concellos de Galicia.

Na comarca do Deza e no resto de comarcas dispoñen dos medios necesarios para a atención inicial de pacientes que sufriran unha parada cardiorrespiratoria e contan con persoal técnico con formación en reanimación cardiopulmonar e con desfibrilador semiautomático, cumprindo a lei e as normativas en vigor. Esa nova ambulancia que vai agora no contrato tería acudido —medicalizada—, despois de recoller os profesionais no centro de saúde, a calquera urxencia ou emerxencia como a ocorrida na madrugada do día 13 no concello de Dozón. En todo caso, o 061 facilitou a información e está investigando, estudando e analizando o caso.

Eu creo que ninguén ten dúbida de que o conselleiro de Sanidade...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** ...—remato, presidente— poñerá os medios que fagan falta, en calquera caso, se os datos de utilización na comarca do Deza ou de ocupación son superiores.

Estes días pasados coñecemos a triste nova do falecemento dun rapaz en Burela na entrada do colexio.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Nin a rápida actuación dun profesor cun desfibrilador nin a chegada dunha ambulancia en cinco minutos, nin a presenza no mesmo concello dun hospital...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** ...foron suficientes para evitar o fatídico desenlace. ¡O que teríamos escoitado neste Parlamento, señorías, se este incidente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** ...se producise noutro concello calquera de Galicia! Nós pedimos que non fagan demagogia con situacións tráxicas como esta.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Centeno. Xa acabou o seu turno.



**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo grupo autor da iniciativa ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Pois, señor Núñez Centeno, vostede veu aquí dar leccións, pero non desmentiu ningunha das gravísimas acusacións e denuncias que fixo o BNG nesta tribuna respecto das carencias e ineficiencias que ten o servizo de emerxencias, de atención primaria e de urxencias en Lalín e na comarca do Deza; non foi capaz de dar ningunha réplica a estas acusacións.

E dixo vostede que cando hai emerxencias e hai dous médicos teñen que saír —fíxome esa pregunta—. Pois, loxicamente, teñen que saír. Pero fágolle eu a vostede unha pregunta: ¿e ten que atender as urxencias un celador? ¿Esa é a resposta que ten o Partido Popular e a Xunta de Galiza para atender as emerxencias, (*Aplausos.*) que un celador atenda as persoas que poden ir alí con doenzas graves? ¿Este é o modelo de atención sanitaria de urxencias que ten o Partido Popular? Debíalles caer a cara de vergoña, porque, se só hai dous, resulta que terá que haber máis, porque estamos a falar dunha comarca que ten unha situación particular e que ten graves carencias na atención ás emerxencias. Por certo, tamén porque vostedes estiveron boicoteando durante anos unha solución para esa comarca por unha motivación estritamente partidista. Paralizaron un proxecto de mellora da atención sanitaria na comarca do Deza e no concello de Lalín porque cambiou o Goberno, cando xa o Concello tiña un investimento feito para poñer os terreos e facer o novo centro; novo centro que está nos orzamentos do ano que vén, pero xa veremos cando se executa, porque, desde logo, a partida que hai é para *largo me lo fiais*.

Mire, voulle aclarar tamén unha cuestión. Nós non pedimos agora este recurso porque houbera unha morte, desgraciadamente; xa llo pedimos no mes de xullo, xa o dixemos aquí. (*Aplausos.*) Houbo un acordo plenario unánime do Concello de Lalín no que estaba tamén o Partido Popular. Os demagogos son vostedes porque naquel momento votaron a favor dunha iniciativa, efectivamente, do Partido Socialista, que foi emendada polo BNG para poñer no acordo a ambulancia medicalizada, que non estaba —teño aquí o acordo, señor Torrado, despois doulle unha copia—. Non estaba esa ambulancia de soporte vital avanzado nesa proposta que fixera, pero é igual, é un acordo de toda a corporación, tamén do Partido Popular, e vostedes agora bótanse fóra dese acordo. ¿E sabe por que? Porque aos de Lalín, ao PP de Lalín, déronlle a orde de Santiago de que non conviña agora apoiar iso. Pero era un acordo de antes de que acontecera esta desgraza, e están pasando situacións parecidas a esta de maneira habitual, por desgraza. Non é algo ocasional, é algo habitual, como pasou tamén no PAC de Lalín este domingo. Polo tanto, trátase de buscar unha solución definitiva a estes problemas, e por iso nós propoñemos un acordo.

Por certo, con respecto ao que di do vehículo de apoio, teño aquí a resolución do 061. E aquí pon: dispoñibilidade de vehículos adicionais, un vehículo para realizar servizos de apoio á rede de transporte sanitario urxente. Non é un vehículo de transporte sanitario urxente, é un vehículo de apoio.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.



**O señor BARÁ TORRES:** Ademais, ten unha dispoñibilidade temporal do 70 %, nin sequera está todo o tempo dedicado a estas necesidades, cando hai todos estes problemas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** Por iso propoñemos un acordo que o que di é demandarlle á Xunta —esperemos que vostedes o apoiem— unha ambulancia medicalizada —sabemos dicir tamén de «soporte vital avanzado»...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...sabémolo dicir, pero enténdese mellor «medicalizada» — para esta comarca, que é moito o que a necesita.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Saudamos os alumnos do CEIP Plurilingüe da Ribeira, do Porriño, alumnos de 5º e 6º de primaria. Benvidos a esta sesión do Parlamento en nome de todos.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro de longa duración**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Presentáronse dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 58006).

*Emenda de adición.*

*Engadir o seguinte texto in fine:*

*«Asemade, o goberno galego promoverá a creación dunha bolsa de vivendas baleiras para alugueiro social mobilizando para este fin as vivendas propiedade da banca e dos fondos de investimento especulativos.»)*

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Jaime Castiñeira Broz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de substitución.*

*Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*



«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver, antes do primeiro trimestre do 2020, un programa específico de axudas para a mobilización de vivendas baleiras para o seu alugamento para todas as vivendas de titularidade privada que cumpran os requisitos e que se atopen baleiras ou con contrato vencido e se vaian destinar ao alugueiro de longa duración, e que contemple como mínimo:

- A cobertura, que podería ser total, dun seguro multirisco que cubra como mínimo o risco de impago das rendas, reparacións por vandalismo ou desperfectos, defensa xurídica ou gastos de cerraxería.

- Axudas económicas limitadas para as obras de posta a punto da vivenda previa a súa posta en aluguer.

- Establecemento no 20% da porcentaxe de incremento do prezo máximo de alugueiro das vivendas, sempre que así o solicite o concello e se acorde na comisión de seguimento”.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pierres López.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Benvidos os alumnos do Porriño e tamén benvidos os representantes dos concellos de Santiago e tamén de Marín; ambos concellos, ademais, son representativos das diferentes problemáticas que en materia de vivenda se están a dar en Galicia e para eles esta iniciativa podería supoñer un pulo moi importante.

Témolo manifestado en diferentes ocasións e, mentres siga acontecendo, seguiremos alertando sobre esta cuestión, e é que a política de vivenda do Goberno Feijóo nos demostra ano a ano como permanece allea á realidade da xente e é incapaz de dar respostas eficaces aos problemas reais, porque os problemas de vivenda en Galicia non son imaxinarios, non se poden maquillar, reflíctense perfectamente nas cifras, esas das que hoxe podemos perfectamente falar.

Por un lado, medra a demanda de vivenda pública a prezo asequible mes a mes, exactamente en orde a 140 demandantes novos ao mes, preto de 5 demandantes novos ao día desde maio de 2018, cun incremento en todos estes meses de practicamente 2.500 demandantes novos, que resulta un total de 14.332 demandantes a día de hoxe.

Son varias, polo tanto, as vías que se deben de traballar para resolver as necesidades destas familias demandantes, e unha delas —talvez a máis urxente— é a mobilización do parque de vivendas baleiras de toda Galicia, non só para dar resposta, ademais, aos colectivos máis vulnerables, que entendemos que teñen que ser, por suposto, unha prioridade máxima para calquera goberno, senón para resolver as necesidades de toda a sociedade galega, porque obviar —repito— a día de hoxe que existe falla de oferta de vivendas de alugueiro de longa duración no mercado libre é obviar non só un problema actual senón tamén un problema de



futuro. E é que as dinámicas que se están dando, como a conversión das ofertas nos centros urbanos de alugueiros de longa duración en alugueiros con fins turísticos, como acontece na cidade de Santiago, ou a reticencia ao alugueiro fronte á venda, como ocorre no concello de Marín, e a persistencia tamén dos alugueiros non declarados, estannos anunciando un recruceamento desta situación e a cronificación, ademais, da mesma: o anuncio, por un lado, do incremento, como dicía, do número de demandantes, que sobe día a día, con esas 14.332 familias —porque estamos falando de familias—, e, polo outro, esa disposición de tan só 3.900 vivendas para alugueiro de longa duración en toda Galicia a mes de agosto deste ano. É dicir, non só non hai vivenda pública suficiente, senón que, ademais, está en marcha tan só un 1 % —nin sequera un 1 %— do total preciso. E nin sequera coa oferta de vivenda libre se cubriría o 30 % da demanda global existente de vivenda social e que afecta a todas e todos os que se atopan, ademais, en proceso de busca de vivenda para formar unha familia, para traballar, para emanciparse ou para desenvolver, en definitiva, o seu proxecto de vida.

Mentres isto acontece, vemos como as nosas cidades si contan cun parque de vivendas que debería ser capaz de absorber esas demandas e, sen embargo, son moitos os inmobles que figuran como baleiros. Sen ir máis lonxe, e segundo os últimos datos facilitados polo INE, en Santiago serían unhas 9.000 as vivendas baleiras; en Pontevedra —poño exemplos—, preto de 7.000; na Coruña, unhas 19.300; e en concellos medianos, como pode ser o caso de Marín, unhas 2.000. Son cifras representativas da alta porcentaxe de vivendas baleiras en Galicia, que acada a totalidade dunhas 300.000. Pero o problema non é pequeno e incluso é máis grave se se atende á realidade dos consumos de subministracións neste tipo de vivendas; uns consumos que amosan como nas principais cidades de Galicia preto dun 40 % das vivendas supostamente baleiras non o son, revelando así unha suposta situación de ocupación non comunicada dunha porcentaxe moi elevada de vivendas, que, ao noso modo de ver, é tamén francamente preocupante, porque detrás de moitas delas hai contratos en precario de arrendamento, polo tanto, desprotección nos dereitos das persoas inquilinas e evasión tamén de impostos.

Pero, máis alá desta cuestión, que merecería en si mesma outra iniciativa que apele a unha maior vixilancia e control, entendemos que hai que acudir directamente á razón principal que impida ou free ás persoas propietarias introducir a súa vivenda no circuíto do mercado de alugueiro, que, como temos indicado, é unha porcentaxe elevadísima, e hai que facelo, por suposto, desde o incentivo e non desde a sanción. Porque, non nos equivoquemos, non sexamos inxenuos e pensemos que a decisión que parece terse cronificado e estendido entre moitos propietarios e propietarias de non incorporar a súa vivenda á oferta do mercado de alugueiro ten unha explicación que pode ser caprichosa ou de simple inapetencia. Hai un principio básico que todas e todos penso que entendemos ben, e é que calquera persoa propietaria desexa obter unha rendibilidade xusta para a súa vivenda, (*Aplausos.*) e non sempre co fin de obter ingresos extra de apoio á economía familiar, que é totalmente lícito, senón que son moitos os pequenos propietarios que recoñecen aspirar tan só e contentarse con cubrir os gastos suficientes para garantir o mantemento da súa vivenda no tempo, agardando así a que sexa nun futuro herdada por un familiar; unha situación que, por certo, en Galicia é moi, moi habitual.

Por tanto, teñamos claro que ter unha vivenda baleira e fóra do mercado non só significa renunciar a ingresos, senón que conleva gastos de mantemento e, polo tanto, tamén de perda



do patrimonio. Entón, ¿por que acontece isto? ¿Que leva a tomar esa decisión a tantas e tantas persoas propietarias? Pois desde o noso grupo temos claro que unha das grandes razóns que se agocha detrás disto é a inseguridade xurídica fronte ao impago. Isto, sumado ao medo de asumir o custo, por exemplo, de desperfectos que poidan sufrir os inmobles, son as máximas reticencias e prudencias que se alegan por parte das persoas propietarias. A realidade é que son varias as comunidades autónomas que xa teñen posto en marcha medidas neste sentido, e contemplan axudas para os propietarios de vivendas baleiras co fin de cubrir o 100 % do importe dun contrato de seguros fronte ao impago e fronte tamén a cuestións básicas como posibles desperfectos, reparacións por vandalismo, impagos de recibos das subministracións da vivenda, defensa xurídica ou gastos tamén de cerrallería. E contemplan tamén axudas para as obras de acondicionamento destas vivendas, que precisan dunha posta a punto.

En Galicia somos conscientes de que este tipo de medidas se contemplan no Programa de vivendas baleiras, pero as restricións deste programa, coa súa limitación da renda nun prezo máximo, desmotivan a moitas persoas propietarias das vivendas, que, ou ben pola calidade ou ben pola superficie da súa vivenda, consideran que poderían aspirar a rendas superiores ás sinaladas, porque o di simplemente o mercado, e que no mellor dos casos roldarían os 450 euros nas principais cidades de Galicia. Un redondeo de prezos que ignora —e por iso falabamos da falla de realidade deste goberno— a realidade dese mercado real e as diferenzas entre zonas nas cidades, sendo as áreas centrais, ademais, as que máis sofren eses incrementos e a perda de vivendas que se destinan directamente ao alugueiro turístico.

Desde o noso grupo fixemos unha análise de mercado de moitas desas vilas e cidades, sabendo que o Goberno non o facilita. E a realidade é que na cidade da Coruña tan só un 7,8 % das vivendas ofertadas actualmente cumpriría os requisitos básicos do Plan de vivendas baleiras; na cidade de Pontevedra tan só un 8,5 %; en Santiago de Compostela, unha media do 21 % e no concello de Marín, un 20 %. Algo que evidencia como as cidades máis poboadas de Galicia están máis alonxadas na súa realidade deses límites de renda marcados polo Plan de vivendas baleiras, e que as que cumpren con estes prezos son vivendas, ademais, de dimensións reducidas, incluso estudos. Isto é algo que non valora o propio Plan de vivendas baleiras, pensado máis para alugueres de tipo social e para familias que precisen axudas ao alugueiro.

Por iso o que hoxe propoñemos é basicamente mobilizar todo o parque de vivendas galego para atender as necesidades de todas e de todos e garantir, por outro lado, ademais, a sustentabilidade das nosas cidades, cun mantemento moito máis pautado no tempo e de todo o parque inmobiliario, evitando as degradacións masivas e equilibrando tamén dun modo natural os prezos do mercado libre de vivenda de alugueiro. E propoñémolo abrindo as axudas do Plan de vivendas baleiras a todas as vivendas que se demostren baleiras, sen a limitación das rendas que marca este plan e que limita claramente o acceso ás vivendas de prezos medios.

Porque este plan, do que xa manifestamos a súa ineficacia en repetidas ocasións e que tan só conseguiu mobilizar unha decena de vivendas en toda Galicia, obvia a realidade das nosas vilas e cidades. E é que son moitas as persoas que entenden máis atractivo incorporar as



súas vivendas non tanto ao alugueiro de longa duración, senón máis ben ao alugueiro como vivenda turística, pola rendibilidade, pero tamén pola mellor dispoñibilidade de vivenda.

Polo tanto, parece necesario e urxente tratar de desprazar o interese das persoas propietarias polo alugueiro turístico e reducir principalmente os riscos que asumen cando ofertan a súa vivenda para alugueiro de longa duración. Por iso solicitamos a posta en marcha deste plan específico de axudas para a mobilización...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...de vivendas baleiras e para o seu alugamento para todas as vivendas de titularidade privada que, tendo unha condición previa demostrada...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...de vivenda baleira, se vaian destinar ao alugueiro de longa duración, e solicitamos que contemplan, como mínimo...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...a cobertura dun seguro multirrisco que cubra, como mínimo, o risco de impago das rendas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...ou reparacións por vandalismo, desperfectos, a defensa xurídica e gastos de cerrallería...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...—e xa remato, presidente— así como axudas económicas limitadas para as obras de posta a punto da vivenda previas á súa posta en alugueiro.

Nada máis polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Temos que volver dicir nesta tribuna que é absolutamente escandaloso, que é absolutamente pornográfico, que un dereito fundamental, como é o da vivenda, que ademais está recoñecido na Constitución —a vostedes só lles interesa a Constitución para darlles con ela na cabeza aos demais—, se estea convertendo nun escandaloso negocio nas mans da banca e das grandes empresas, dos fondos de investimento internacionais, que están levando millóns e millóns de euros de beneficio a costa do sufrimento da xente, que é expulsada das súas casas e que non ten acceso á vivenda, sobre todo da xente nova, porque



non pode dedicar o 40 % da súa renda á vivenda, ou dese estudantado, que é expulsado da cidade de Santiago para favorecer o negocio dos pisos de alugueiro turístico. Porque, claro, se deixamos a vivenda nas mans do mercado, o mercado quere o máximo beneficio, e o máximo beneficio está na vivenda de alugueiro turístico. Por iso se produciu o incremento desmesurado de prezos dos últimos anos, que chega ata o 30 %, e tamén a contracción da oferta, que foi absolutamente brutal nos últimos tres anos ou dous anos, porque o 60 % dos pisos que estaban no mercado de alugueiro pasaron ao arrendamento turístico. E temos neste momento —son datos do Observatorio— 3.500 vivendas en toda Galiza na oferta de pisos de alugueiro.

Se a isto lle sumamos a drástica redución dos investimentos públicos en materia de vivenda, sobre todo por parte da Xunta do Partido Popular, e outro factor do que nunca se fala, do que moi pouco se fala, que é a precariedade, a baixada dos salarios, a redución das rendas da clase traballadora e da xente nova, explicamos esta absoluta tormenta perfecta, pornográfica, da que falamos ao principio.

E, claro, vemos como pasa isto mentres esas grandes empresas multinacionais, eses fondos de investimento, esa banca —a banca que recibiu 60.000 millóns de euros—, marcha con eses beneficios millonarios e presume, ademais, deses beneficios millonarios na bolsa; esas Socimi premiadas e potenciadas polos gobernos de turno que neste momento teñen arredor de 40.000 pisos en propiedade no Estado español.

E aquí hai que dicir que fracasaron todas as políticas públicas levadas a cabo polos gobernos do Estado, polos gobernos da Xunta, porque non aplicaron o principio básico das políticas públicas sociais de vivenda, que é que ten que haber unha intervención pública masiva neste mercado e que non pode ser no libre mercado onde operen estes auténticos piratas que veñen saquear aquí as rendas e levar o diñeiro para, por certo, paraísos fiscais, que é onde teñen a súa sede.

Hai que falar, en primeiro lugar, da causa deste problema, que son as reformas lexislativas que fixo o Partido Popular, como a reforma da Lei de arrendamentos urbanos, que tivo ese efecto durante os pasados anos da subida das rendas ao reducir os prazos do alugueiro; esa lexislación sobre as Socimi que aprobou o Partido Socialista e despois perfeccionou aínda o Partido Popular; a redución do investimento público; os baixísimos niveis de construción de vivenda pública en Galiza; ou as insuficientes axudas ao alugueiro, incrementadas agora co novo Plan estatal de vivenda, cando moitos especialistas din que teñen un efecto contrario coa subida dos prezos do alugueiro, porque esas axudas públicas, ao final, trasládanse ao prezo final do alugueiro. E xa non digamos o fracaso estrepitoso —hoxe pola mañá falou o presidente da Xunta do «triumfo estrepitoso»; ¿este é un novo concepto, o da utilización da antítese, non?, porque, que se saiba, o que son estrepitosos son os fracasos— do Programa de vivendas baleiras, presentado polo Partido Popular como a gran medida estrela desta lexislatura para resolver este problema, e onde primeiro fracasou foi onde primeiro se aplicou, no concello de Ourense, gobernado polo Partido Popular.

En definitiva, temos que dicir que nos xera bastantes dúbidas esta proposta que fai..., aínda que a imos aprobar. Temos certas cautelas e certas dúbidas, porque lle vemos demasiadas





semellanzas co Programa de vivendas baleiras, precisamente fracasado, que contemplaba varias ou parecidas medidas destas para garantir... Desde logo, parécenos absolutamente irreal pretender sacar ao mercado esas 300.000 vivendas baleiras que hai, porque aí hai situacións moi diversas, e para nós o prioritario debe ser poñer no mercado —o que din os especialistas— arredor de 20.000 vivendas, que permitirían realmente afrontar con garantías e con certa axilidade unha solución a este problema e atacar aí o núcleo duro da especulación...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...que é a vivenda que está en propiedade da banca e en propiedade deses especuladores, dos grandes fondos de investimento, e facer con esa vivenda un plan social...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...de vivenda de alugueiro, e facelo posible...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...para esa gran maioría da poboación que agora non ten acceso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra o señor Castiñeira Broz.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pierres, teño que dicir que dunha parte da análise que vostede fixo xa falamos fóra e, mirando o que era a propia emenda que nosoutros presentamos, dígolle que coincido con vostede nunha parte. Si, coincido, porque é unha realidade, e, cando hai realidades que se din, eu creo que as debemos reconecer. Hai unha problemática, especialmente nas cidades do Eixo Atlántico, en canto aos alugueiros; é unha realidade. E é unha realidade que o incremento do uso turístico dunha serie de vivendas que antes eran residenciais e agora se están dedicando a este uso, loxicamente, está incrementando os prezos da vivenda. Pero tamén —e hai que dicilo— os concellos, neste caso todos gobernados pola esquerda progresista —superprogresista, segundo Pedro Sánchez—, teñen unha responsabilidade clarísima nestes temas, porque todos sabemos, e vostede sabe coma min —se hai representantes do Concello de Santiago eu alégrome moito de que estean aquí, aos cales vostede saudou, e eu tamén os saúdo—, que sinxelamente teñen que aplicar as ordenanzas municipais para que ese desvío de uso residencial non vaia a uso turístico. Son usos totalmente distintos. Un uso residencial non pode ser un uso terciario, e iso establéceo a Lei do solo e establéceo claramente. Se os



plans xerais ou plans especiais que regulan isto dos concellos non contemplan esa ordenanza —eu non coñezo o de Santiago, neste caso, porque o puxo vostede de exemplo—... Pasaría o mesmo na Coruña, en Vigo ou en Pontevedra —ben, en Pontevedra, xa case non o teñen, non sei nin se ten ordenanzas, porque é do ano catapum e, aínda que levan moitos anos, ¿para que o imos actualizar?—. Pero, loxicamente, é unha problemática que corresponde aos concellos, e non podemos dicirle á Xunta que organice o que é a reestruturación e a distribución residencial dos concellos. Iso é do concello e é unha competencia —ademais eu sempre a defenderei— de autonomía municipal. Polo tanto, si hai unha parte que corresponde aos concellos.

Hai outra que, loxicamente, corresponde á Xunta, e neste caso, como moi ben dicía vostede, o Programa de vivendas baleiras; programa de vivendas baleiras que vostede quere estender a todas as vivendas, sen límite. ¡Home!, eu creo que, vindo da esquerda, despois do que escoitamos aquí... Se o chega a propoñer o Partido Popular, diríannos que o que queremos é facer un pelotazo cara aos máis ricos, que teñen as vivendas, e darlles cartos para que as arreglen e logo as aluguen por 2.000 euros, por exemplo, ao mes.

Se non poñemos límite de renda, dígame vostede como se vai evitar iso. Si ten que haber límite de renda. A nosa emenda vai no sentido de aumentar ese límite. Si, si podemos falar diso. De feito, teño entendido que si se está falando por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo incluso co Concello de Santiago para ver como se axustan eses límites de renda, porque creo que iso si se debe facer. De feito, non son os 450 euros dos que aquí se fala; pódense incrementar a petición dun concello xustificadamente neste momento ata un 15 %. Pero é que iso poderíamos elevalo máis se se xustifica que, efectivamente, non son... O 15 % serían 517 euros. Na nosa emenda propoñemos elevalo ata o 20 %, co cal, iríamos a 540 euros. Ao mellor, queda escaso incluso, pode ser, mesmo se podería estudar de elevalo máis. Pero un límite entendemos que ten que haber e, de feito, haino en todas as cidades ou comunidades autónomas de España que teñan axudas directas desta maneira.

¿Que hai o dos seguros? Si. En canto a outro tipo de vivendas para un mercado máis amplo, xa lle comentei, e coméntolles, señorías, que a Xunta está neste momento facendo estudos para ver como se pode ampliar esa captación de vivenda baleira, do parque de vivenda baleira. E tamén lle quero dicir unha cousa, e é que vostede fai referencia aquí na súa proposición, por exemplo, a que «...o seu alugamento para todas as vivendas de titularidade privada que, tendo unha condición previa demostrada de vivenda baleira, se vaian destinar a alugueiro». ¡Home!, hai unhas vivendas que poden estar alugadas. Se nun determinado momento remata o contrato de alugamento, esas vivendas en principio non terían a condición de vivendas baleiras —para o que normalmente falamos de vivenda baleira e desocupada permanente, por así dicilo—, pero esas vivendas terán dereito a algunha axuda, neste sentido, de seguros, etc., igual que as outras. Non podemos suprimilas.

Por outro lado, vostede plantexa os impagos das subministracións da vivenda. As subministracións póñense a nome do inquilino, excepto o da auga e basuras, que eses si que son municipais e, polo tanto, aplícanse sobre o propietario en caso de que haxa impago do inquilino. Pero para iso non hai seguros neste momento —ou, polo menos, eu non coñezo ningún— multirrisco que cubran eses impagos. Temos que ser realistas.



E logo o que lle dicía, axudas económicas limitadas para as obras de acondicionamento dunha vivenda, si, pero sempre e cando teñamos límites de renda; se non poñemos límites de renda, non podemos falar diso. Por iso a Xunta ten o Programa de vivendas baleiras, si, con límites de renda e, fundamentalmente, para aquelas familias máis vulnerables, para aquelas ás que se lles aplica a maiores o Bono alugueiro social...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...—remato xa, señor presidente—, onde se pode chegar a ter unha axuda económica de ata o 50 % do que custa o alugueiro. É dicir, estamos a falar de que se un alugueiro custa 450 euros, por exemplo, tería unha axuda durante seis anos de 225 euros ao mes, a maiores dunha axuda para...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...o inicio, formalización de contrato, etc.

Moitas grazas.

Eu sinto que non chegamos a un acordo coa nosa emenda. E, loxicamente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...xa lle dicimos que nosoutros non estamos dispostos a dar axudas económicas e a arregar todas as vivendas, *a caño libre*, e as vivendas daqueles propietarios que as poden arregar eles perfectamente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Castiñeira.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Villares Naveira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ¿Que tal? Bos días.

Señorías.

Señor Castiñeira, estou parcialmente de acordo co seu discurso. A pena é que os resultados da política de vivenda da Xunta de Galicia non sexan outros e a práctica os desminta, pero, desde logo, compartimos unha parte do que acaba de dicir, unha parte do seu discurso, con relación tanto a que riscos é necesario que asumamos entre todas e todos mediante este tipo de estímulos e se eses riscos deben estar condicionados ou limitados en función das características das persoas propietarias. Parécenos unha situación elemental.



En xeral, a política de vivenda do noso país é unha política de vivenda insuficiente, por non dicir fracasada. Demóstrao o feito de que —e recordeino esta mañá á primeira hora— haxa 13.000 persoas demandantes de vivenda no Instituto Galego de Vivenda e Solo que, tendo dereito, cumprindo todos os requisitos legais, non poden acceder a unha delas e, polo tanto, buscando os cauces públicos para satisfacer un dereito fundamental, como o do artigo 47, o do acceso a unha vivenda digna —un dereito básico—, non poden facelo. Tamén o feito de que Cáritas informase no último ano de que existen en Galicia case 1.400 persoas sen fogar rexistradas e que, polo tanto, serían susceptibles de seren aloxadas en calquera dos pisos dos que a Administración pública se puidese facer cargo, pois evidencia esta situación. Finalmente, o feito de que a emancipación media das mozas e mozos galegos se estenda ata os 31 anos revela, desde logo, unhas insuficiencias de carácter estrutural.

Nós estamos de acordo cunha parte da iniciativa no que se refire á necesidade de mobilizar o uso de vivenda baleira. Estamos de acordo, e para iso hai varios tipos de medidas, as medidas que supoñen un estímulo positivo e aquelas que supoñen un estímulo impositivo, ademais tamén dunha mellor regulación legal de todo o sector. E digo de todo o sector porque parece—e incluso se dá a entender— que se fala dun cambio de uso desa vivenda que está baleira para desincentivar, dalgunha maneira, ese uso turístico para un uso de vivenda residencial para terceiras persoas. É algo que non acaba de estar conectado despois causalmente —e tamén coas limitacións ás que fixo referencia o señor Castiñeira— con relación ás medidas que se propoñen.

Nós consideramos que esta proposta contempla soamente de forma parcial o problema, contempla a vía do incentivo nun aspecto moi concreto. Pero nós pensamos que isto é necesario complementalo e que habería que facer unha formulación integral, cunha mellora da regulación dos usos diversos, porque se está establecendo —aparece na exposición de motivos— un uso alternativo, o de uso turístico, ou o de vivenda habitual para terceiras persoas, e, polo tanto, estase buscando un réxime fiscal apropiado para ese uso alternativo, para desincentivalo, para baixar porcentualmente o número de vivendas dedicadas a ese uso alternativo de carácter turístico, mellorando tamén integralmente o seu réxime legal e, finalmente, facendo aflorar mediante unha mellor inspección os alugueiros non declarados. A propia proponente falou dun 40 % de vivenda supostamente baleira que realmente non era tal, o cal supuña un problema non soamente para o fisco, senón tamén para os propios dereitos das persoas que están ocupando esas vivendas e que por medio desa ocupación satisfán un dereito básico, como é o do artigo 47.

Nós entendemos que, ademais, a carón disto todo, é necesario falar do problema fundamental, que é o da conformación dun verdadeiro parque público de vivendas que permita que determinados colectivos especialmente vulnerables saian completamente do mercado da vivenda e que, polo tanto, poidan acceder a el por unha vía distinta e non polo simple mercado da oferta e da demanda.

Por esta razón, nós, tal e como está formulada, non a imos apoiar porque entendemos que é unha medida insuficiente que só contempla unha parte. Non nos opoñeremos a que siga para adiante, pero, desde logo, parécenos que se contempla dunha forma incompleta e dunha forma que non é completamente coherente cos principios —como foron anunciados— de xustiza fiscal, que debían ser o estímulo á utilización de vivendas baleiras.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Villares.

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Ás veces dá a sensación de que cando debatemos sobre vivenda é unha cuestión técnica e non política, coma se non estiveran pasando cousas que están pasando acotío neste país.

Eu o venres pasado estiven en Vigo nunha concentración para defender unha familia, un pai e unha nai con dúas fillas, unha de 7 e outra de 13 anos, que perciben unha Risga e que van ser desaloxados, se ninguén o impide, a próxima semana. Esa parella vai ao Concello de Vigo e vai á Xunta de Galicia e o que recibe son contestacións que para min son de rirse das persoas, de desprezar completamente o sufrimento das persoas. O Concello de Vigo dilles que lles dá unha axuda para o alugueiro de tres meses se conseguen unha casa de alugueiro. Cobrando unha Risga e nunha situación que lles impide pagar un alugueiro na cidade, pois vaia solución! E, por outro lado, a Xunta de Galicia dilles ou que vaian a Vila de Cruces a unha vivenda de promoción pública —a Vila de Cruces, a máis de 100 quilómetros—, ou que busquen en Salvarerra de Miño, que son máis baratas as casas que en Vigo.

E isto está pasando —non é un feito illado— todos os días neste país, e non pasa de casualidade. E pasa non porque non haxa técnicos que saiban o que hai que facer, pasa porque hai vontade política de beneficiar uns intereses fronte a outros. (*Aplausos.*)

Onte publicábanse os datos da Axencia Tributaria e dicían —e isto tampouco é casualidade— que as grandes construtoras, aquelas que facturan máis de 1.000 millóns de euros, pagan un tipo impositivo medio do 0,63 %. E isto tampouco é casualidade, é porque durante lexislatura tras lexislatura dende os gobernos se lexislou a favor destes intereses. Non é casualidade, non pasa dun día para outro, pasa porque lexislan a favor deses intereses.

E tamén vén aquí o señor Castiñeira coma se non fose membro dun grupo que apoiou un goberno que fixo as políticas nefastas de vivenda durante todos estes anos e di que a culpa é dos concellos. Os concellos teñen a súa parte de responsabilidade, vostede asuma a súa. Se non se poden regular os salarios —segue habendo unha gran parte de salarios que non dan para vivir—, se hai xente que leva no paro máis de dous anos, se hai xente que está cobrando unha Risga que non chega aos 600 euros cando os alugueres soben e non se poden regular os salarios, ¿que fixeron vostedes para regular o mercado do alugueiro? Dígame unha medida. Hai varias, non son partidarios de regularlas por lei, como se fai en Alemaña, en Francia e en moitos países europeos. Non son partidarios da promoción pública de vivenda, hai 3.600 vivendas da Xunta de Galicia en todo o país, a todas luces insuficiente. Non son partidarios da vivenda de protección oficial, paralizada dende que chegaron ao Goberno: no 2015, 5 vivendas en toda Galicia de protección oficial, 4 en 2016, 5 en 2017. Ese é o ritmo de construción de protección oficial dende que o señor Feijóo chegou e mandou parar a política de vivenda pública.



Tampouco foron partidarios de aplicar unha lei de facendas locais do ano 2004, que posibilitaba, se se definía o concepto de vivenda baleira dos grandes posuidores, que se lle aplicase un recargo para que non lle saíse igual de barato ter unha vivenda baleira para especular que poñela no mercado. Entón, o que vostedes non queren é tomar ningunha medida que regule os prezos porque significaría afectar os beneficios destas empresas que dixeran que pagan o tipo impositivo do 0,63 % e que dobraron no ano 2017 os seus beneficios. E o resto son excusas de mal pagador, son políticas de publicidade e propaganda para tratar de evitar o desgaste electoral que lles poida supoñer. Pero vostedes son capaces de invisibilizar este drama, de invisibilizar o problema de xente como esta familia de Vigo. Xa están satisfeitos, non lles importa nada, e por iso nunca fixeron nada por eles.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Si, grazas, presidente.

Primeiramente, por suposto, quero agradecer o apoio explícito do BNG; non me quedou claro se do Grupo Común. En todo caso, sabemos que esta proposta sería mellorable e complementaria de moitas outras que habería que poñer tamén en marcha, por iso tamén lamentamos que non se teña dado o apoio expreso do grupo de goberno especialmente a esta proposta.

De feito, son varios os grupos que parecen alegar certas reticencias; o “caño libre”, que definiu o señor Castiñeira. E a verdade é que nós tamén temos reticencia a ese “caño libre” porque entendemos que un tipo de axudas deste tipo podería estar dentro dunha convocatoria de réxime competitivo á que optasen os propietarios con menores rendas de alugueiro, algo tan sinxelo coma iso.

Dáme mágoa que se obvien este tipo de ferramentas das posibles convocatorias que podería haber para este tipo de axudas e, o que é peor, que, opinando iso, non se presente nin sequera unha emenda. Iso é o que a min me dá realmente moita mágoa.

Nós, o Partido Socialista, imos seguir facendo gala dun talante propositivo —por suposto que si— e seguiremos concretando medidas que cremos que benefician a cidadanía galega, e ademais medidas que non son cantos de sereas, senón que están cuantificadas e, si, están meditadas. Unha meditación que, francamente, eu non vin na súa proposta de emenda, señor Castiñeira, na que tan só con ese incremento do 15 % ao 20 % do que falou e que propoñían se favorecería a mobilización do 1 % a maiores de todo o parque que precise ser mobilizado. ¿Sabe cantas vivendas optarían ás axudas coa súa proposta de aumento? Tan só 12 na Coruña, 2 en Marín, 4 en Pontevedra e 14 en Santiago. A min iso paréceme pírrico. Non sei o que lle parece a vostede, a min paréceme pírrico. ¿Dáse conta da baixa incidencia do que propoñen e do pouco reflexionada tamén que é a súa proposta? Vostede dime que xa se está traballando nese sentido, e eu non podoo evitar pensar que agardo que sexa con algo máis de realismo



que o que me amosa a súa proposta de transacción, francamente inasumible por desvirtuar totalmente a nosa proposta.

Coa nosa iniciativa, aberta a todas as vivendas baleiras de Galicia para que puideran optar —é do que estamos a falar— a esas axudas e non só a unhas poucas, poderíase favorecer, con tan só 1 millón de euros, a mobilización de 3.000 vivendas; 1 millón, 3.000 vivendas, Non parece, de verdade, un esforzo orzamentario excesivo, coincidirá comigo, francamente, señor Castiñeira. A nós, desde logo, parécenos que sería un destino moito mellor ese millón de euros que o que se lles deu aos 21 millóns de euros non executados no 2018 en materia de vivenda.

Por iso eu lle recomendo que fagan os deberes, porque cada día son máis as persoas que precisan de vivenda e é menor a oferta. Cada día é máis complicado atopar unha vivenda por menos de 500 euros nas principais cidades de Galicia, e cada día vostedes nos demostran que están máis alonxados —e diría incluso que sobrepasados— por unha realidade que vai sempre 100 pasos por diante deste goberno. Collan o ritmo, deixen de dicir que están facendo, porque ese facer que fan non tranquiliza nin a este grupo nin aos preto de 45.000 galegos e galegas que agardan para acceder a unha vivenda a prezo asequible.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

¿Sobre as emendas? A do PP non a acepta, pero a do Bloque, ¿acéptaa?

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Si, imos aceptar a emenda do BNG, que cremos que complementa tamén esta iniciativa...

**O señor PRESIDENTE:** Si. Grazas.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...e, por suposto, rexeitar a do Partido Popular.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Daniel Vega Pérez e catorce deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa proposta de Estatuto para os Consumidores Electrintesivos elaborada polo Goberno galego, así como as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Mixto, coas oportunas formulacións que lle fai a Mesa a esa emenda.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 58181).



*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto co seguinte texto:*

*«Así mesmo, o Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a traballar nunha proposta de redución das peaxes de transporte que sexa extensiva para os pequenos e grandes consumidores galegos nos que se compense por esta vía os custos sociais e ambientais do papel de Galiza de produtora de enerxía por medio dunha tarifa eléctrica galega.»*)

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que, unha vez constituído, revise as alegacións presentadas e aprobe de xeito prioritario o Estatuto de Consumidores Electointensivos.»*)

*(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.*

*Emenda nº 1, de substitución.*

*Debe substituírse a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«1.- O Parlamento de Galicia apoia a proposta de Estatuto para os Consumidores Electointensivos tendo en conta as alegacións elaboradas polo goberno galego, as empresas, os sindicatos e todos os partidos políticos de Galicia representados no Parlamento de Galicia, e insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para solicitarlle que asuma estas propostas.»*

*Emenda nº 2, de engádega.*

*Deben engadirse os seguintes puntos a parte resolutiva:*

*«2. Instar aos Ministerios de Industria e de Transición Ecolóxica a recoller dentro do Estatuto a necesidade de quitar a produción nuclear e hidráulica do Pool de poxas diarias para que poda ser comercializada mediante PPA'S a prezo taxado para as industrias electointensivas.*

*3. Instar aos Ministerios de Industria e de Transición Ecolóxica a solucionar todas as posibles trabas para garantir que a poxa de interrumpibilidade do mes de decembro decembro de de 2019 se poda realizar no prazo previsto cunha duración mínima de aplicación dun ano.*





4. Instar a empresa ALCOA a desenvolver a acometida de gas a planta de aluminio para quentar os fornos de fundición que nestes momentos aliméntanse de fuel.

5. Instar a empresa ALCOA a realizar inversións para mellorar os procesos e os produtos para producir aluminios de calidade para a industria aeronáutica, para o automóbil, etc. e así poder vender os de maior valor engadido, cousa que non está a suceder nestes momentos.

6. Exixir a Alcoa que na próxima poxa de interrumpibilidade solicite bloques polo total de 385 Mw que necesita a factoría para funcionar a plena capacidade.

7. Condicionar todo tipo de axudas estatais ou autonómicas ao mantemento ou incremento dos postos de traballo, incorporando aos traballadores eventuais a plantilla fixa da compañía.

8. Instar aos Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica e a propia Xunta de Galicia a vixiar e regular a entrada de aluminio producido fora de UE polos portos españois.

9. Instar a UE a desenvolver aranceis medioambientais baseados na pegada de CO<sub>2</sub> dos produtos que entren na UE procedentes de países terceiros. Non pode ser que o aluminio das factorías que Alcoa desenvolveu, como por exemplo a de Ma'aden en Arabia Saudita, cos beneficios obtidos nas plantas de Galicia e Asturias e cos 1.000 M€ de axudas que saíron do peto de todas as persoas consumidores de electricidade, lle fagan a competencia as factorías locais. O aluminio de Ma'aden entra masivamente polo porto de Vigo, un aluminio producido a partir de enerxía eléctrica que queima fuel e auga obtida en desalinizadoras que tamén queiman fuel, é dicir cun nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro masivas. Este é o verdadeiro motivo estrutural que manexa Alcoa e non a falsa falta de competitividade da factoría de San Cibrao.

10. Comezar a traballar xa, en colaboración coa empresa, nos traballos técnicos e medioambientais para desenvolver unha nova balsa de barros xa que a balsa actual podería chegar a colmatar no ano 2025 poñendo en risco o futuro da factoría de Alúmina de San Cibrao.>>)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Nóvoa.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Lamentablemente, señoras e señores deputados, toca volver falar da industria electrointensiva nesta Cámara. Dende logo que para este grupo parlamentario resulta imprescindible volver falar de Alcoa, porque, despois de que se cumprira un ano do inicio do conflito das fábricas de Alcoa na Coruña e en Avilés, non hai enriba da mesa ningunha solución que permita resolver o grave problema destas industrias, as máis electrointensivas da nosa comunidade.

Señorías, temos a sorte de contar en Galicia cunha industria punteira, Alcoa, que fabrica aluminio primario e que neste momento só se produce xa na planta de San Cibrao; unha industria clave que produce un metal indispensable e que cada ano aumenta a súa utilización



por ser, ademais de lixeiro, 100 % reciclable, e indiscutiblemente con innumerables aplicacións na vida diaria. Unha industria —a do aluminio— que compite a nivel europeo, pero tamén a nivel mundial con China, a maior produtora deste importante metal, coa que, evidentemente, o temos máis difícil para poder competir.

O hándicap, señorías, que presenta esta industria, de marcado carácter electrointensivo, pero especialmente Alcoa, é o consumo inxente de enerxía; enerxía necesaria para a obtención, primeiro, da alumina e despois, mediante electrólise, do aluminio líquido, así como na fase final, nos fornos, tras a aliaxe con outros elementos, de placas, lingotes e tochos que posteriormente se venden a outras importantes empresas galegas, tales como Cortizo ou Extrugasa, así como as correspondentes exportacións.

Con esta introdución, señorías, quería pór de relevancia a importancia desta empresa, única en España, e que dá emprego a máis de 1.100 persoas de forma directa e a outras 5.000 de forma indirecta na provincia de Lugo. Empregados, señorías, sumamente preocupados ante a falta de resposta dun goberno, o Goberno central, que, tras un ano da orixe do conflito, non aportou ningunha solución.

Decía antes que o hándicap desta industria é o consumo de enerxía porque, señorías, representa o 40 % dos seus custos. E para que se fagan unha idea, as tres plantas que antigamente pertencían a Alcoa —incluída a de Avilés— gastaban case 1 millón de euros ao día en electricidade.

Señorías, esta empresa, ademais da súa importancia produtiva por xerar un dos metais máis empregados actualmente, tamén proporciona unha importante seguridade na subministración eléctrica, xa que participa da interrompibilidade, que a obriga a desconectarse do sistema eléctrico cando lle sexa requirido pola seguridade da subministración, facilitando así a integración segura das enerxías renovables no sistema eléctrico, que non son almacenables e aínda son pouco predicibles.

Por todo isto, señorías, este grupo amosou dende o primeiro momento a súa preocupación pola solución do problema desta industria cuxa orixe está no prezo da electricidade. Por mal que lles pese aos señores socialistas, é o Goberno do Estado o único que ten a súa competencia, e, por tanto, o único responsable de atopar a solución a este importante problema. O Goberno da Xunta mostrou dende o primeiro minuto, en outubro do 2018, ante o anuncio do peche das plantas de Alcoa na Coruña e en Avilés, a súa absoluta colaboración. Aí están as reunións coa ministra de Industria, as primeiras alegacións a aquel pésimo borrador e xa, por último, o de pasarlles hai unhas semanas a redacción dunha proposta de estatuto consensuada co sector e cos sindicatos, en consonancia con outros que hai en países europeos próximos a España e que están permitindo que as súas industriais electrointensivas teñan prezos de electricidade 25 euros máis barato o megavatio, é dicir, moi inferiores aos de España.

Señorías, o certo é que a planta de Alcoa xa atravesou por problemas noutros momentos, pero a resposta daquela foi moi diferente. Adoptáronse medidas concretas que rapidamente solucionaron o conflito. A subasta de interrompibilidade, tan criticada por algún grupo, per-



mitiu axudar a mitigar o gasto enerxético destas empresas; este sistema que a Unión Europea puxo en alerta que había que ir modificando, pero para o que deu un amplo prazo, de feito, hai varios países que van seguir convocando as súas subastas ata o 2022.

En vías de mellorar ese sistema de interrompibilidade estaba o Goberno do PP no 2018, ata que chegaron vostedes e todo se paralizou. No 2017 os pagos de interrompibilidade foron de arredor de 500 millóns de euros para todas estas industrias. No que vostedes levan de goberno, señores socialistas, no 2018, 316 millóns de euros, pero é que para este 2019, tan só 196 millóns, e 196 millóns son menos que 500 millóns.

E xa llo anticipo, aínda que vostedes e o seu delegado do Goberno nos queiran confundir coas axudas por compensacións de emisións de CO<sub>2</sub>, que convocaron próximos á convocatoria electoral, non se acercan nin de lonxe a eses 500 millóns que se asignaban para toda a industria electrointensiva en España ata o 2018.

Señorías, falemos en serio, que os traballadores de Alcoa o necesitan, non os enganen. Vostedes, co problema de Alcoa enriba da mesa, convocaron poxas de interrompibilidade un 40 % inferiores ás que se convocaban no 2018. E non se compensan cos custos, coas axudas de emisións por CO<sub>2</sub>. Sábeno os traballadores, e dixéronllo tamén o domingo pasado cando na convocatoria electoral perderon moitos votos, señora Otero, na comarca da Mariña.

Señorías, o problema está no prezo da electricidade, e o Goberno do señor Sánchez recoñeceu, a finais do 2018, que esta circunstancia levou á industria electrointensiva a ter unha perda de competitividade. Por iso decidiron aprobar o Real decreto de decembro do 2018, no que se dicía que aos seis meses estaría aprobado o Estatuto da industria electrointensiva. Pero, once meses despois da súa entrada en vigor, nin está aprobado o estatuto, e o que é máis grave, non o queren mostrar.

Señorías, se non modificaron aquel primeiro borrador no que non valía para nada baixar o prezo da electricidade, xa verán que non valerá para nada.

O Goberno da Xunta, señores deputados, pasoulles a todos os grupos con representación no Congreso, e tamén ao BNG, unha proposta de estatuto con medidas clave, que, xunto coa poxa, repercutirían directamente na baixada do prezo da enerxía para estas industrias, ata poñelas en igualdade de condicións co resto de Europa, situando o prezo do megavatio/hora en 35 ou 40 euros o megavatio. Medidas, señorías, que pasarían, en primeiro lugar, por regular a caracterización de consumidores electrointensivos. É imprescindible, señorías, contemplar diversas categorías, pero, dende logo de forma irrenunciable, a de consumidor hiperelectrointensivo. Medidas, señorías, de marcado carácter fiscal, como sería, a supresión do imposto do 7 % da xeración eléctrica a todos os consumidores; a todos, sexan grandes, pequenos, pemes ou particulares. Outra medida fiscal sería suprimir o imposto especial sobre o carbón, ou o céntimo verde; medidas de redución de cargas e peaxes recollidas nas tarifas de acceso, de forma similar ao que se fai noutros países europeos. E, señorías, medidas que fomenten a contratación a longo prazo da enerxía eléctrica, con contratos bilaterais de enerxía que permitan asegurar o prezo do mercado eléctrico para un determinado volume.



Tamén se propón a ampliación das axudas compensatorias por emisións indirectas de CO<sub>2</sub>, ata o de agora claramente insuficientes, así como favorecer o dereito á compensación do custo de financiamento das enerxías renovables para as distintas categorías de consumidores electrointensivos.

Señorías, moitas destas medidas xa están implantadas nos países europeos do noso contorno. Alemaña, Francia, Holanda, Bélxica ou mesmo Reino Unido presentan potentes sistemas de apoio á industria electrointensiva, en modo de compensación por CO<sub>2</sub>, con sistemas de xestión de demanda ou con prezos de enerxía específicos para grandes consumidores de enerxía.

Por tanto, esta proposta, que agardo que todos apoiem, situaría o prezo da enerxía entre 35 e 40 euros, permitindo que a industria electrointensiva en xeral, e a galega en particular, poida competir en igualdade de condicións co resto de Europa.

Insisto, señorías, a situación é moi grave, levamos once meses agardando por un estatuto que solucionase esta grave crise; crise que no mes de marzo o señor Pedro Sánchez dixo que estaba solucionada, e mentiu. Mentiu a todos os galegos.

Señores do PSOE, houbo tempo para posicionarse como organizadores dunha cumbre do clima, para incluso ofrecer transporte gratuíto a unha activista, pero non para dar solución aos problemas de Alcoa ou da central das Pontes. O que é indubidable é que non se pode un fiar do señor Sánchez, que hai uns días non durmía pensando en que o señor Iglesias formase parte do seu goberno e no día de onte se abraza e aínda por encima lle ofrece ser vicepresidente.

É evidente que nos preocupa este posible goberno, porque a súa aleación —e nunca mellor dito— coa extrema esquerda, que están en contra de toda a iniciativa privada, (*Murmurios.*) . (*Risos.*) que só quere pechalas..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio!

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...preocupa a todos os traballadores de Galicia.

E remato, señorías.

O que máis nos preocupa... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...ao Goberno da Xunta e a este grupo é que este problema se solucione e que muden a política enerxética...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. Hai que respectar a quen está no uso da palabra, dun lado e de todos. (*Murmurios.*) A todos, a todos. Non, non, por favor, respecto a todos.

Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



Non, non, non diga nada, xa está. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio. Non fagamos bromas, que estamos nun debate serio.

Remate, señora Nóvoa.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...—e remato—. O que máis nos preocupa ao Goberno da Xunta e a este grupo é que este problema se resolva e que muden a política enerxética e industrial, que só leva xerado incerteza e desconfianza.

Dende este grupo non imos deixar de insistir nos compromisos que o Estado debe ter con Galicia e con todos os traballadores galegos.

Señorías, falamos de crear unha transición enerxética ordenada e xusta, e tamén dun estatuto que ofrezca competitividade e estabilidade á industria galega electrointensiva.

Agardo, señorías, que aproben esta proposta e, xa que van gobernar todos xuntos en Madrid, señores da oposición, que presionen para que dunha vez se aprobe un estatuto con medidas axeitadas para a industria electrointensiva galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Nóvoa.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Bo día.

Se un partido que está na oposición se dedica exclusivamente a protestar ou a increpar o Goberno, sen aportar solucións a nada, é difícil que consiga o apoio da cidadanía, pero é moitísimo máis grave que un partido que está no Goberno ou un goberno non aporte solucións e simplemente busque culpables.

Se pensan que con ese tipo de accións de goberno, ou de inaccións, que levamos vendo de maneira reiterada no sector industrial, van vostedes gañar as eleccións, pois o teñen moi mal. (*Murmurios.*) Non, ao mellor, desde a oposición, deberíamos dicir: sigan así. Porque así van perder as eleccións, seguro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Sigam así, que así van perder seguro; ou, ao mellor, xa as dan por perdidas, e por iso non fan nada. Pero a realidade é que mentres o Goberno non fai nada, a xente sofre, os traballadores sufren, e as industrias pechan. Esa é a realidade. Por iso queremos ir máis alá de deixar que vostedes coa súa inacción leven a toda a industria galega ao desastre antes de que marchen deste goberno.

Falaba a señora Nóvoa de que antes se daban 500 millóns e de que agora non chegan a 200. Si, pero hai unha diferenza: vostedes daban moitos millóns, pero, ¿quen os pagaba? Páganos nós no recibo da luz, e o resto de empresas. Eses 500 millóns saían dos cidadáns,



das pemes, que lles traspasaban eses 500 millóns a estas empresas. Iso era totalmente inxusto, e a Unión Europea deixouno moi claro. Esa non era a solución.

Efectivamente, a interrompibilidade é necesaria, e ten un custo razoable, que é o que se está aplicando agora. Pero non os 500 millóns que pagabamos o resto da cidadanía.

Despois fala de que baixe o prezo da luz. ¡Hala, que baixe, que baixe! E unha das propostas é quitar os impostos medioambientais. Ou sexa, quen contamina, que non pague. ¡Vaia proposta, tamén! ¡Vaia proposta máis acertada!

Ademais, vostede seguro que debería de saber que quitar o céntimo verde rebaixa o prezo do megavatio en 2 ou 3 euros por megavatio/hora. ¿Como vai baixar os 25 que plantexa vostede? Porque o resto das cousas que plantexa son regalos, e non é o que hai que facer realmente para baixar o prezo da luz, porque parece que iso non o mira vostede nin en Francia, nin en Alemaña, nin en Bélxica, nin en Dinamarca, nin en Noruega. ¿Cal é a solución en todos estes países —e vostede sábeo—? Quitar a produción nuclear hidráulica do *pool* diario, sábeo de sobra. (*Murmurios.*)

Bueno, se quere, pásolle toda a documentación para que a revise algún día, porque ¿para que serven os contratos bilaterais se previamente non se forza un prezo regulado a todo o que é a produción por sistemas de produción amortizados? ¿Para que serven? ¿Para que serve que Alcoa poida contratar bilateralmente con Endesa ou con Iberdrola, se Endesa e Iberdrola van dicir: se estou vendendo o megavatio a 60 euros, ¿por que cho vou vender a ti por menos? Son propostas absurdas.

Despois, por aí van as nosas emendas. A primeira é que vostedes non poden dicir que este Parlamento apoie o que plantexou o Goberno da Xunta de Galicia no que respecta ao Estatuto da industria electrointensiva, porque as aportacións son moito máis completas, dos traballadores, dos sindicatos, das empresas, e tamén da maioría dos grupos desta Cámara.

A proposta que fixo o Goberno é totalmente incompleta e insuficiente. Se vostedes aceptan que se inste o Goberno para que se acepten as alegacións de todos os grupos, dos sindicatos e dos traballadores, votaremos a favor, se non, non poderemos votar a favor, porque a súa proposta non soluciona o problema. Ao mellor, é que o que non queren é soluciónalo.

Pero, ademais, hai máis cousas que a Xunta de Galicia tería que facer, porque di vostede que Alcoa está vendendo moito aluminio a Cortizo. Pois non é verdade, Cortizo xa non compra aluminio maioritariamente, que era o maior cliente de Alcoa. ¿Sabe por que? Porque a calidade do aluminio que se está producindo nestes momentos en Alcoa non é suficiente. ¿Sabe por que? (*Murmurios.*) Non, non, iso é a realidade. Pregúntelles vostede aos traballadores de Alcoa, ou aos empresarios, se quere.

¿Por que, ademais, non se optimiza o custo de produción en Alcoa, metendo o gas para quentar os fornos de fusión na factoría de aluminio? A Xunta de Galicia gastou moitos millóns en levar o gas á porta, e agora non lle pide a Alcoa que utilice ese gas para fundir nas cubas de fundición, que baixaría os custos. Porque as cousas van por baixar os custos de enerxía, pero



tamén por baixar outro tipo de custos e por mellorar a produtividade, por mellorar a calidade. ¿Sabe vostede que Alcoa non vende nin á industria aeronáutica, nin á industria automobilstica, que precisan aluminios de moita máis calidade? ¿Sabe vostede que non lles vende? Pois diso deberían de enterarse, e instar tamén o Goberno, a acción de industria do Goberno da Xunta, que ten as competencias, a que a vía non sexa só baixar o prezo da luz, senón tamén vender mellores produtos.

Todo isto está nas nove ou dez propostas que nós fixemos, que probablemente vostedes non as acepten, porque a realidade é que o Goberno da Xunta de Galicia non quere gobernar, quere só buscar culpables.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día a todos e a todas.

A señora Nóvoa empezou así, moi suave, moi conciliadora. Entón, eu o primeiro que vou facer é traducir, facer unha tradución, da iniciativa que nos traen vostedes aquí, señores do Partido Popular, porque a iniciativa que traen aquí é: déannos o «si, bwana» ao Goberno galego, dígnannos que o facemos todo moi ben, déannos a razón...; ou sexa, a Consellería de Industria non consulta nin ten en conta as achegas dos grupos parlamentarios e o Grupo Parlamentario do Partido Popular sistematicamente vota en contra das achegas dos grupos parlamentarios. E veñen aquí dicirnos que lles digamos que si a unha proposta que vostedes presentaron publicamente, en rolda de prensa da campaña preelectoral, o 22 de outubro e que, no mellor dos casos, nos chegou o 24 de outubro, despois de pedirla ao conselleiro de Industria na comparecencia de orzamentos. Iso, señora Nóvoa, chámase ter moita cara e pouca vergonza. Esa é a actitude coa que vén o Partido Popular a este debate.

Porque o único que queren vostedes é que lles digamos que non, que lles digamos que non estamos con vostedes, pero non lles imos dar ese gusto; non llelo imos dar. O que si lles imos pedir é un pouco de seriedade, señora Nóvoa, teñen que ter un pouco de seriedade, primeiro, porque é totalmente extemporáneo. Veñen a estas alturas cunha corrección das alegacións que vostedes mesmos presentaron ao Estatuto de electrointensivas —e recórdolle tamén que outros grupos, outros colectivos, alegamos tamén a iso— e veñen vostedes, pois iso, cunha proposta refrita, collendo parte das alegacións dos traballadores e traballadoras e algunhas cuestións que tamén trasladaron os sindicatos e das que no seu día se rían. Veñen dicir agora que, claro, esta é a solución máxica; claro, a solución máxica uns días antes da campaña electoral.

¿Sabe o que lle dixeron os traballadores? ¿Sabe o que lle dixo o presidente do comité de empresa cando lle preguntaron? Dixo: ¡Home!, mal, mal, non nos parece, moitas das cousas son as que levamos dicindo dez meses. Claro, é que esa é a cuestión. Iso é o que lle debería dar un pouco de vergonza, señora Nóvoa, porque, efectivamente, máis de 2.000 postos de



traballo directos e indirectos darían para tomar isto un pouco máis en serio, e iso é o que lles queremos aclarar hoxe aos señores e señoras do Partido Popular, porque aspiramos a que este Parlamento, a que esta teórica democracia, sirva para algo máis que para dicirlle permanentemente que si ao Partido Popular, que moi ben as súas propostas, que moi ben o seu traballo.

Pero é que a valoración non é esa, señora Nóvoa, porque a valoración é que hai un problemón en Alcoa, si, e o Goberno galego non contribuíu a resolvelo nun ano. Efectivamente, vostedes mesmos se retractan. Pero é que hai un problemón en xeral na industria, e acabamos de coñecer o índice de produción industrial, que volve baixar, señora Nóvoa. Entón, non poden vir aquí con esa actitude de que non hai ningún problema na industria galega, agás dúas ou tres cousas que causa o Goberno central, cando, ademais, vostedes foron parte do problema. Porque ¿quen deseñou o sistema eléctrico? Lei do 1997, Lei do 2013; o Partido Popular. As poxas de interrompibilidade claro que as volvemos criticar nesta Cámara. Incerteza, inseguridade e cartos sen control, a mans abertas, ás empresas sobre se modernizaban ou non... (*Aplausos.*) e se garantían ou non os postos de traballo. (*Aplausos.*) ¡Claro que si! (*Aplausos.*) ¿E quen engadiu máis incerteza sobre as poxas de interrompibilidade? O señor M. Rajoy. Estaban vostedes no Goberno cando reduciron as súas poxas. Reducíronas —era un problemón— a un ano vista e, por riba, reducírono a seis meses vista. (*A señora Nóvoa Iglesias négao.*) Non negue coa cabeza porque está o *Boletín Oficial do Estado* para que o poidamos consultar, se é preciso.

Efectivamente, claro que criticamos esas poxas de interrompibilidade porque o que é necesario é unha tarifa industrial estable e que haxa negociación nas peaxes de transporte. Porque, claro, agora veñen vostedes coma se descubriaran a pólvora pedindo rebaixas nas peaxes de transporte, cando o Bloque Nacionalista Galego presentou dúas leis xa neste Parlamento pedindo rebaixa nas peaxes de transporte. Agora ben, nós tamén dicimos: negociemos iso co Estado, pero negociemos tamén que nós aí temos unha condición de produtores que ten que ter algo a cambio. Acaben de caer da burra e asuman non só sumarse a propostas como a da CIG e a do BNG de rebaixas nas peaxes de transporte, que inclúen parcialmente na súa proposta, e asuman que iso tamén hai que negocialo para consumidores e para o resto de empresas da nosa industria.

Nós lamentamos, realmente, que vostedes non aproveitaran esta ocasión para, por exemplo, referirse a algo que temos traído unha e outra vez a este Parlamento, que é esa batería de medidas que o comité de empresa de Alcoa trasladou aos grupos parlamentarios en marzo de 2019, señora Nóvoa. Porque con meses de atraso recollen, por exemplo, a cuestión dos contratos bilaterais a longo prazo; sen especificar anos, iso si, non vaia ser que pillaran as mans e que por unha carambola tiveran gañado as eleccións o pasado domingo e puideran formar goberno. ¡Non fora ser! Entón, non concretaron demasiado, non fora ser.

Colleron algunha cuestión desas, pero moitas outras non as colleron. ¿E por que? Porque seguen obedecendo a ese centralismo ramplante e ao que lles diga o señor Casado, en lugar de facer o que vostede di que fan pero que non fan, que sería poñer a Galiza e a industria galega en primeiro lugar.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.





**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Polo tanto, lamentamos que unha vez máis neste tema, en lugar de ter cumprido aquel acordo ao que si chegamos o 25 de setembro sobre unha mesa de traballo específica de Alcoa San Cibrao, non tiveran traballado estas propostas nin cos grupos, nin cos concellos, nin co comité de empresa de Alcoa San Cibrao...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...que, ao final, é quen debería determinar a folla de ruta...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...e que vostedes ignoran cando lles apetece e acordan con el propostas parciais...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...cando lles convén simplemente pola axenda electoral.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señora Nóvoa, eu non sei se a urxencia coa que o Partido Popular presentou esta proposición non de lei é tal urxencia a día de hoxe. Explícome. O señor Feijóo, nun almorzo celebrado co seu club de fans, nun acto de campaña electoral en Lugo, anunciou que el asumiría a responsabilidade de solucionar a situación de Alcoa. ¿Pero cando? Se gañaba o Partido Popular. E, claro, todos sabemos o resultado das eleccións do pasado domingo: o Partido Socialista ganou e o PP perdeu; 120 fronte a 88. ¡Eu creo que a cousa está bastante clara! *(Aplausos.)* Iso foi o que dixo o presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)*

Pois ben... ¡Tranquilícense! *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Tranquilos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Depende de a onde se mire. *(Risos.) (Murmurios.)* Silencio.

¡Xa está! *(Risos.)*

Depende de a onde se mire, ¡hai para todos! *(Murmurios.)*

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** El presentábase ás eleccións, quero dicir.



**O señor PRESIDENTE:** ¡Xa está! *(Murmurios.)* Depende de a onde se mire. ¡Veña, xa está! *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Depende de a onde se mire; se se mira para Galicia, non é así. Pero, bueno, ¡veña! *(Murmurios.)* ¡Sigamos!

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Bueno, pero quen se presentaban eran o señor Casado e o señor Pedro Iglesias... *(Murmurios.)* *(Risos.)* Perdón, perdón, perdón... *(Aplausos.)* ¡Pedro Sánchez! *(Murmurios.)* Certo, certo... *(Murmurios.)* Quería nomear os tres, escapoume... *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*

Ben, todos sabemos o resultado do pasado domingo... *(Murmurios.)* Pois ben, das verbas do señor... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Por favor!

Pare, pare un momento. *(Murmurios.)* Perdoe, vou parar o tempo.

*(Murmurios.)*

¡Silencio! *(Murmurios.)* Silencio, por favor.

*(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! *(Murmurios.)*

Un erro teno calquera. Silencio. *(Murmurios.)* ¡Xa está, por favor!

Prosiga.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Das verbas do señor Feijóo podemos extraer dúas conclusións: unha, que o Goberno da Xunta de Galicia non estivo a facer nada polo mantemento do emprego de Alcoa San Cibrao. Era algo que xa dicía o Partido Socialista. E o que lle pediamos daquela era que, xa que o Goberno da Xunta de Galicia non ía facer nada polo mantemento dos empregos de Alcoa San Cibrao, polo menos deixara de poñer paus nas rodas a un goberno socialista que si que estaba a traballar por un marco enerxético estable, que era o que pedían os traballadores de Alcoa e tamén a propia empresa, e que non só puxeran parches, que foi o que estivo a facer Mariano Rajoy mentres gobernou no Estado.

Pero é que, ademais, as verbas do presidente da Xunta amosan unha falla tremenda de lealdade institucional: «Se gañan os meus, comprométome a traballar, e, se non, que se arreglen outros», obviando que a Xunta de Galicia tamén ten competencia en política industrial. ¡Home!, que o presidente da Xunta, que se supón que é o presidente de todas e de todos os galegos, faga estas declaracións amosa o que dende o Grupo Socialista vimos denunciando dende hai moito tempo: goberna para os seus, pero non goberna para todos. Pero, nada, eu quero eximir o señor Feijóo desa responsabilidade que el mesmo se poñía, xa que o PP perdeu as eleccións, non vai gobernar no Estado e será un goberno presidido por Pedro Sánchez o que saque Alcoa San Cibrao da situación na que se atopa. *(Murmurios.)* Que non podemos ob-



viar que esta situación se vén dando dende hai moito tempo e que foi o propio Aznar o culpable desta situación cando regalou a factoría a unha multinacional. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** E, claro, agora presentan este copia e pega de medidas para ser introducidas no Estatuto de electrointensivas; un copia e pega que non serve para solucionar os problemas de Alcoa, un copia e pega de medidas das que se acordan en campaña electoral e que son unhas medidas insuficientes para solucionar o problema de Alcoa.

Porque miren, claro, agora acórdanse do Estatuto de electrointensivas, pero ¿que estiveron a facer durante eses sete anos e medio que gobernou Mariano Rajoy? Nada, porque o señor Feijóo tampouco lle pediu nada a Mariano Rajoy respecto deste Estatuto de electrointensivas. Claro, agora éntranlles as présas, urxen a un goberno en funcións a que incumpra a lei e a que probe un estatuto... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...de electrointensivas cando saben que non pode. (*Murmurios.*)

Éntranlles as présas para coller as pancartas, (*Murmurios.*) éntranlles as présas para facer anuncios electorais, e chegan a dicir que o Estatuto de electrointensivas irá no programa electoral do Partido Popular do 10-N. Unha vez máis, menten aos veciños e ás veciñas da Mariña, xa que nas 200 medidas do Partido Popular non se contempla este estatuto de electrointensivas. Ou menten ou a verdade é que esa importancia que se lle quere dar ou que nos intentan vender de que ten o señor Núñez Feijóo no Partido Popular a nivel Madrid non é tal, porque o señor Casado obviou esas reivindicacións do señor Feijóo e non introduciu ese Estatuto de electrointensivas nas medidas do programa electoral do PP.

E, miren, deixen de mentir porque non é certo. Quero dicir, este Goberno socialista si que puxo os 25 millóns para os custos indirectos de CO2 e tamén os 13 millóns para as subastas de interrompibilidade. Señora Nóvoa, isto sabe que é o máximo que permite a Unión Europea e que é todo o que pediu Alcoa San Cibrao. Fale cos traballadores e fale tamén coa dirección da empresa.

Polo tanto, deixen de mentir, deixen de buscar confrontacións co Goberno central coa única finalidade de sacar tallada electoral, porque a verdade é que esa estratexia electoral non lles saíu moi ben. Montaron todo isto por 37 votos no concello de Cervo, e non o digo eu, dío o alcalde de Cervo, o señor Villares —que ata onde sei é do Partido Popular—, que ademais de facer unhas declaracións nas que dicía que os veciños de Cervo non souberon votar ben, dicía: «A xente non é consciente aínda do problema porque, estando a nosa empresa como está, cun risco extremo, non é un resultado lóxico en función da preocupación que temos na zona. A preocupación é alta. No tocante aos resultados do domingo, creo que a preocupación e o temor por Alcoa non se traduciron en votos en Cervo», que esa era a súa única preocupación, sacar tallada electoral...



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Murmurios.)*

Silencio.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...non buscar unha solución para o mantemento do emprego da factoría de Alcoa. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Terminou o seu tempo. Grazas.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Entón, nós presentamos unha emenda no sentido de que si que consideramos que é urxente e prioritario aprobar un verdadeiro estatuto de electrointensivas..., *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...non uns parches aos que nos ten acostumados o Goberno do Partido Popular.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** ¡Que mágoa que non nos estea visitando outro colexio público!, que de seguro sería un dos mellores colexios do Estado, e non só os colexios privados. *(Aplausos.)*

Hai que ver que nervios se gastan na bancada popular neste pleno. *(Murmurios.)* Xa, si, si, igual hai que buscar pastillas para durmir. *(Murmurios.)* *(Risos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non faga esa recomendación, que iso é mala medicación. *(Murmurios.)*

¡Xa está! *(Murmurios.)* ¡Xa está! *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. *(Murmurios.)* Silencio. *(Murmurios.)*

**A señora CHAO PÉREZ:** É que levan enredando dous días seguidos, sen parar; ou sexa, isto é impresionante.



**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Está o tempo parado, tranquila. (*Murmurios.*)

Silencio.

¡Imos alá, veña! Estamos rematando xa.

Eu comprendo que a hora é complicada, pero imos esperar un pouquiño. Un pouco de ánimo...

**A señora CHAO PÉREZ:** Si, si, nesa bancada é complicado.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Vamos! ¡Adiante!

**A señora CHAO PÉREZ:** Mire, señora Nóvoa, hai un mes que aprobamos unha iniciativa do Grupo Popular nesta liña, malia a que mentiu sen rubor ningún o presidente no pleno anterior dicindo que nós votáramos en contra. É mentira —estamos aínda esperando a que rectifique—, votamos a favor. E votaremos a favor cada vez que insistan no tema. Vese que confían pouco nas iniciativas do señor Vega, que hoxe tivo que vir vostede. Bueno, como sexa, aclárense sobre quen quere falar de electrointensivas.

Nós estamos a favor e estamos de acordo coa necesidade urxente de abordar un cambio regulatorio na tarifa eléctrica. É evidente. Tan de acordo estabamos que eramos nós as que estabamos cos traballadores de Alcoa diante do Congreso defendendo os seus dereitos. Tan de acordo estamos que temos compañeiras imputadas por defender os dereitos dos traballadores; traballadores aos que vostedes amordazan coas súas iniciativas legais.

Polo tanto, leccións nesta materia están de máis, e iniciativas baleiras como esta son, sinceramente, unha perda de tempo e demostran moi pouca responsabilidade pola súa banda.

Nós concordamos —dixémolo aquí e volveremos insistir niso tantas veces como sexa necesario—, é unha vergoña que aínda non se abordara esta cuestión, que non se aprobara o Estatuto de electrointensivas cando Sánchez era presidente. Pola nosa banda, os traballadores de Alcoa teñen todo o compromiso de que no vindeiro consello de ministros será unha prioridade resolver este asunto.

Agora ben, é tamén unha vergoña que o Partido Popular veña aquí incidir unha e outra vez na responsabilidade do Grupo Socialista, ignorando o feito de que foron vostedes, xa se lles dixo aquí..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora CHAO PÉREZ:** ...os que anuláron a tarifa industrial para substituíla por subastas de interrompibilidade, que nunca —insisto, nunca— convenceron o sector. É unha vergoña, señora Nóvoa —xa llo dixemos no pasado debate sobre este asunto— que digan que as poxas resolven o problema. Non é verdade, non reducen a inestabilidade dos prezos e non dan a certeza necesaria que reclama o sector.



É unha vergoña, dende logo, vir aquí dicir que o problema é regular o prezo da electricidade, ignorando tamén que foron vostedes, que foi o Partido Popular, o que lexislou o mercado eléctrico español para asegurar pingües beneficios aos seus amigos, aos seus compañeiros, que logo sentaron en cómodos asentos de consellos de administración. Non falamos por falar, é que son moitos, é que é Luis de Guindos, é que é José María Aznar, é que é Manuel Pizarro, Pío Cabanillas, Rodolfo Martín Villa...; insignes dirixentes do seu partido que cobran millónarios beneficios —asente, non me estraña que asinta— e salarios escandalosos dos beneficios de Endesa. ¡Unha vergoña! Ou Ángel Acebes, en Iberdrola —si, si, non se poña nervioso—, ou Felipe González ou Cristina Garmendia, no PSOE... Iso faino estar feliz. ¡Que ben! Se rouban todos, están moi felices. (*Murmurios.*) ¡Parabéns, señor Pazos! Efectivamente, non só cruzan vostedes as portas xiratorias. ¡Parabéns! ¡Moitos parabéns!

Así que, señora Nóvoa, dito isto, habería que falar de como en realidade se lles vai poñer couto aos escandalosos beneficios das eléctricas, de como se vai deixar de espoliar o que é de todos, deste país, para que as grandes eléctricas sigan enchendo os seus petos. De verdade, algunha vez agardaríamos un mínimo de pudor —que non demostran— dicindo: ¡Ah, non, é que os outros tamén están nos consellos de administración! Un pouco de pudor pola súa banda.

E pudor tamén para vir falar aquí da industria de Galicia, que teñen vostedes —non nos imos cansar de repetírllelo— a honra de formar parte, de apoiar, un goberno que destruíu 22.500 postos de traballo na industria galega, 1 de cada 3 en todo o Estado. Polo tanto, vir aquí dicir que non teñen ningunha responsabilidade é unha vergonza. Teñen vostedes sobre as súas costas menos emprego, máis peches, a caída da produción industrial..., un desastre que non se amaña vindo aquí unha e outra vez e dicindo que non teñen competencias. Se non teñen competencias, se non saben facelo, marchen. Oxalá un día nos sorprendan vindo a esta Cámara, traendo unha iniciativa responsable, algunha iniciativa, unha soa, que aborde solucións galegas aos problemas de Galicia, porque se o Parlamento galego non serve para nada, se o Goberno galego non serve para nada, escusan vostedes estar aquí perdendo o tempo, deixen pasar a outras persoas que, dende logo, terán respostas.

En todo caso, insistimos, concordamos no fundamental. ¿É importante aprobar o Real decreto de consumidores electrointensivos? Por suposto. Xa o defendemos, trouxemos iniciativas. Necesitamos unha normativa que aspire a dar prezos certos, garantías de futuro, nun marco, cando mínimo, trianual, insistindo na necesidade de regular esta tarifa. Mire, non o dicimos por dicir, nós levabámolo no programa, está á vista de todo o mundo. ¿Sabe cantas veces aparecía este asunto no programa do Partido Popular? Ningunha, nin unha soa. Polo tanto, vir falar aquí resulta moi doado.

Nada máis pola nosa banda. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Nóvoa.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.



¡Home!, señor Casal, ¿chámalle inacción a facer un borrador de estatuto da industria electrointensiva? ¿Iso é inacción? Inacción é a deste goberno, que levamos once meses esperando por el; iso é inacción. ¡Por favor! (*Aplausos.*)

Miren, señorías, o último xa é que diga que o aluminio de Alcoa é de mala calidade. É unha vergonza, señor, é unha falta de respecto para todos os traballadores e para esa industria. Segunda cousa.

Terceira cousa. Señor Casal, non llo repito máis. Se sacamos a nuclear e a hidráulica do *pool* do mix enerxético, subirá o prezo da electricidade, que vostedes e o BNG insisten en que suban os custos da electricidade. Nin a tarifa galega nin o que vostede di permite baixar o prezo da electricidade, señor Casal. Eu tamén son enxeñeira, coma vostede, e entendo iso. ¡Por favor, un pouco de seriedade!

Mire, señora Presas, xa vexo que van regalar o seu voto, indiscutiblemente, ao Partido Socialista. É que xa o vexo. Non criticou nin mirou para ese lado nin nun só momento da súa intervención, nin nun só momento. Xa vexo que vai regalar o seu voto. Ben barato o cobra. (*Murmurios.*)

Señores socialistas, señores de Podemos, miren. (*A señora Nóvoa Iglesias amosa un mapa de Galicia.*) Señora Otero, sinto dicirlle que isto é un mapa das eleccións en Galicia. ¿Ve o azul? Pois o azul está en todos os sitios onde gañamos. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¿Pero que sabe onde gañamos? Mire, señora Otero, ¿sabe onde gañamos? Gañamos en Burela, gañamos en Ribadeo, gañamos en Cervo e gañamos en Xove, e perderon 10.000 votos na provincia de Lugo. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Ese é o resultado.

O que máis lle preocupa ao Partido Popular é que vostedes se van aliar, van poñer de vicepresidente a..., e vai estar alí unha señora deputada que cargaba contra os privilexios que recibía toda a industria electrointensiva. Esta é a señora Yolanda Díaz. ¿Como nos imos fiar de vostedes se vostedes van dicir que son axudas encubertas? ¿Como van...? ¿Como van...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Privilexios? ¡Claro! ¡Todas as axudas encubertas! (*Murmurios.*) Claro, mire, van cogobernar, van facer vicepresidentes aos que queren pechar todas as industrias...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. ¡Silencio, por favor!

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Queren pechar as centrais térmicas, (*Murmurios.*) queren pechar Ence, opuxéronse rotundamente á ampliación de Citroën. Eses van ser os seus socios de goberno. ¿Como non imos estar preocupados, señoría? Eses van ser os que van gobernar con vostedes.

Miren, para o Grupo Popular e para o Goberno da Xunta é prioritario salvar a industria electrointensiva de Galicia. Non podemos permitir o peche de Alcoa, en San Cibrao, vital para a provincia de Lugo e de toda Galicia.

Señorías, este grupo agarda que a primeira decisión que tome ese fabuloso goberno sexa a aprobación do Estatuto da industria electrointensiva.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas. ¿Acepta as emendas?

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Evidentemente, non imos aceptar ningunha das súas emendas. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*),

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando... ¿Se queren digo só o número? Teñen todos o guión e así... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale.

Entón, atentos, imos dicir só o número da proposición non de lei.

Empezamos votando a número 1, que é unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, que non acepta as emendas que formularon os tres grupos.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e once deputados/as máis, sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño, a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 52; abstencións, 20.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos a número 2, que é unha iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista, que está pendente dunha transacción. Non sei, é o que teño eu aquí. ¿Incorporan o número 2 do Grupo Mixto como transacción? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Asentimento.*)

¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vale, perfecto.

Votamos.





*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión sanitaria.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** **Votamos agora a número 3, por iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Mixto.**

**Votamos.**

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Consello da Xunta de Galicia do ano 2004 polo que se aproba definitivamente o Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo, así como o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** **Votamos agora a número 4, que é por iniciativa do Grupo Parlamentario Mixto, que acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e non acepta a do Grupo Parlamentario Popular.**

**Votamos.**

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e dous deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego de auditorías ambientais en toda a Administración pública autonómica, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos, así como a verificación do grao de cumprimento do Regulamento europeo 1221/2009 e da Decisión 2019/61.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 38; abstencións, 16.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** **Votamos agora a número 5, por iniciativa do Grupo Común da Esquerda, que acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.**



Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Mos para facilitar a execución do proxecto de construción da Cidade Deportiva do Celta e dun centro comercial.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos a número 6, por iniciativa do Grupo Común da Esquerda, que acepta a emenda do Grupo Parlamentario Mixto.*

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a dotación polo Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para posibilitar a negociación dun plan de estabilidade laboral na mesa sectorial.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos a número 7, por iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Non hai emendas.*

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a mellora polo Goberno galego da atención ás emerxencias sanitarias na comarca de Deza coa dotación de Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos a número 8, por iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista, que acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*



Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro de longa duración.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 38; abstencións, 4.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, que non acepta as emendas dos tres grupos.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Daniel Vega Pérez e catorce deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa proposta de Estatuto para os Consumidores Electointesivos elaborada polo Goberno galego, así como as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 17.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos coa orde do día.

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Bo día, señor Conde.

A situación laboral segue sendo a cuestión que máis lles preocupa aos galegos e ás galegas. En todas as prospeccións demoscópicas segue estando en primeiro lugar esta preocupación. Sete de cada dez galegos sinalan o desemprego e a calidade do traballo, a precariedade, as malas condicións de traballo e os baixos salarios como a principal preocupación. Supoño que algo vostede terá que dicir ao respecto disto, ¿non?



E vimos de coñecer os datos do paro rexistrado do mes de outubro. No mes de outubro aumentou o desemprego en 7.323 persoas máis, un 4,6 %; 233 persoas ao día foron ao paro durante o último mes, máis do dobre que no mes de setembro, que xa foran ao desemprego 3.162 persoas, un 2 %. E o número de persoas desempregadas rexistradas nas oficinas de emprego sitúase deste xeito en 164.307, 3.303 máis que no mesmo período do ano 2009. Dígoo para ir poñendo aquí algunhas cousas das que se dixeron esta mañá.

Falouse do aumento do desemprego e demais en todos os sectores, e estes datos van na mesma dirección da EPA do terceiro trimestre, e mostran unha tendencia constante de aumento do desemprego e mostran un mercado laboral en Galiza minguanter que se reduce máis e máis. Dez anos de goberno do Partido Popular e sáldase coa consolidación da precariedade laboral como un problema estrutural, non puntual, non un dato dun mes, dun trimestre, senón como un tema estrutural.

E son miles os galegos e galegas en situación laboral de precariedade, temporalidade, rotación, contratos a tempo parcial por imposición, non por escolla, senón porque son os únicos que se lles ofrecen, contratos de escasa duración e mal remunerados.

É unha evidencia que a clase traballadora, a maioría social, está sufrindo as consecuencias da aplicación de políticas de recortes, recortes de dereitos, as reformas laborais —totalmente regresivas—, recortes das pensións, recortes dos servizos públicos como a sanidade, a educación ou os servizos sociais.

As políticas neoliberais que puxeron en marcha, que impulsan, pois teñen este impacto negativo na calidade de vida da maioría da poboación e hai unha acumulación da riqueza nuns poucos, nunha minoría da parte alta, a custa da minoría. E as evidencias pois son moi claras. Voulles falar de varias cuestións, que ratifican esta afirmación que acabo de facer.

As rendas de traballo non fixeron máis que reducirse. Segundo o IGE, no ano 2009 o peso dos salarios en Galiza representaba un 48 % do PIB e hoxe, no ano 2018, no cómputo total do ano 2018, representan o 42,4 %; 5,6 puntos menos do PIB representan as rendas do traballo en dez anos.

Dentro dos salarios, a polarización tamén aumentou. Os salarios de maior contía, de máis de 4.000 euros, aumentaron por riba do 5 %, o 5,2 %, mentres que os máis baixos perderon o 10 % de poder adquisitivo. E esta tendencia non mudou con esa teórica recuperación do produto interior bruto. E a perda de capacidade adquisitiva da clase traballadora nestes dez anos reduciuse nun 11 %. É dicir, datos que dende logo deberían ser obxecto de preocupación e de ocupación de vostede como responsable do emprego no Goberno galego.

Outros datos que reflicte o IGE é que o 24 % dos galegos e galegas realizan xornadas laborais por enriba das corenta horas, que o fan fóra da xornada de traballo e non cobran por esas horas. Onte fixo seis meses da entrada en vigor do rexistro efectivo de xornada, que, entre outros, no BNG reclamamos insistentemente; trouxemos a este parlamento esta cuestión para que aflorara a realidade de todas esas horas extras que non se pagaban. E ¿que din seis meses despois da aplicación deste rexistro? Que as horas extras se reduciron arredor dun



24 %. ¡Ah!, mais as que pasaron a pagarse non superan o 2 %. É dicir, que, se se toman medidas a favor da clase traballadora, si se evidencia esta realidade de explotación.

Os contratos a tempo parcial medraron constantemente nos últimos dez anos. Como dixen antes, non é un contrato por escolla senón que é o único que se lles ofrece, e a maioría dos contratos a tempo parcial están nos perfís máis baixos de ingresos. É dicir, que a xente traballa a tempo parcial e cobra proporcionalmente e ten uns ingresos que son os máis baixos da clase traballadora.

Hai, polo tanto, un descenso de todos os indicadores. O descenso do paro que se produciu non se compensa co ascenso do número de ocupados. E isto é unha evidencia, e non se creou emprego dende o ano 2009 senón que se destruíu. Baixa constantemente a ocupación, 54.100 persoas menos dende o ano 2009, señor Conde. E o dramático é que a maioría desa baixa da actividade das persoas ocupadas foi entre a xente nova.

Unha situación laboral directamente proporcional ao desmantelamento dos sectores produtivos. O emprego do sector primario reduciuse en 7.200 persoas no ano 2018. Segundo a EPA, o emprego industrial destruíu 4.400 empregos dende o ano 2009 e hai un envellecemento desa perda de emprego industrial, porque aí non hai practicamente xente nova.

Unha crise industrial xeneralizada, de norte a sur e de leste a oeste. Podemos falar dende A Mariña á Costa da Morte, dende A Coruña a Vigo, e con seis mil postos de traballo directos en xogo, como vostede ben sabe: Alcoa, Endesa, Isobar, Ferroatlántica, Barreras, Vulcano. Deslocalización constante do sector das telecomunicacións, o que noutrora foi R, logo Euskaltel e agora ZTE, máis de mil postos de traballo en xogo. Naturgy deslocaliza, elimina a atención telefónica, pérdense catrocentos empregos. Podemos falar de que se perderon 18.553 autónomos en dez anos; no último ano, 1.782.

Ben, creo que podería seguir aquí durante dous días falando dos datos de emprego. Pero quero facer unha mención especial á situación de dous colectivos: o das mulleres e o da xuventude.

Se ao analizar os datos laborais das mulleres dende logo saltan todas as alarmas, o da desigualdade perpetúase e incluso se acentúa. A fenda salarial non fixo máis que aumentar, o 22 %. As mulleres galegas gañan 5.471 euros menos ao ano que os homes e 1.734 menos que no Estado.

Dende o ano 2009 a fenda salarial aumentou en 1.000 euros en Galiza, catro veces máis que no Estado, que só aumentou 284 euros. Podemos falar de que esta fenda salarial, cando chegamos á idade de xubilación, multiplícase, aumenta, e é de máis de 5.000 euros, por cuestións obvias. E tamén a taxa de ocupación en Galiza, que dende o ano 2009 a 2019 hai unha ocupación menor e 1.800 mulleres menos.

E logo, se imos á mocidade, pois a imaxe é de auténtica devastación. O emprego que se perdeu practicamente case todo foi entre os mozos de menos de 25 anos, onde tamén descendieron os salarios e son os que teñen os ingresos máis baixos.

Unha situación, señor Conde, pola cal cremos que vostede algunha explicación terá que dar.



Queremos saber cales son as medidas do Partido Popular para crear emprego digno, para potenciar os nosos sectores produtivos, para frear a sangría da emigración, porque o que estamos a ver é un goberno que non presenta ningunha medida real para o desenvolvemento de Galiza, instalado na política da aparencia, dunha realidade paralela á que viven miles de galegos e galegas que sofren as consecuencia destas nefastas políticas que vostedes aplican, e, iso si, un goberno galego dende hai meses instalado na indolencia, sen alternativas e instalado na oposición ao Goberno español, mais sen exercer ningunha competencia nin reclamar ningunha máis. Teño que volver repetir o dato: o Goberno do Partido Popular, dez anos, cero competencias a maiores, ningunha competencia máis; ao contrario: deixaron que o Estado se metera a saco en competencias que tiñan, porque non queren exercer de goberno; con exercer de comentaristas vailles ben, como se non tiveran absolutamente nada que dicir.

Por iso, señor Conde, gustaríanos saber se ten previsto a Xunta levar a cabo algunha acción para reverter esta situación laboral, que vai facer para rescatar estes miles de galegos e de galegas da precariedade e da pobreza laboral e se van instar o Goberno español —supoño que si— a que derroque as reformas laborais, as reformas das pensións, todas estas medidas que non fixeron máis que empeorar este marco laboral no que están inseridos os galegos e galegas.

De momento, nada máis e moita grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, don Francisco Conde.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, se o BNG realmente quere axudar os traballadores e as traballadoras galegos, seguramente tería que facer tres cousas con antelación. En primeiro lugar, ser fiel á realidade, e, polo tanto, non intentar confundir con conceptos nin tampouco con estatísticas. En segundo lugar, respectar un pouco máis o tecido produtivo galego; e respectalo, señora Prado, porque non debería esquecer que o 99 % son autónomos, son pequenas empresas, que cada día intentan saír adiante, crean e xeran emprego; e, polo tanto, pretender menosprezar o traballo que desenvolve o noso tecido produtivo non parece razoable. E, en terceiro lugar, seguramente un pouquiño máis de humildade e asumir responsabilidade, porque o BNG, agora que é socio de todos menos do PP, loxicamente, e vostedes están gobernando en deputacións e concellos, seguramente deberan ser máis prudentes cando queren falar das diferentes iniciativas neste parlamento.

Respecto da realidade do mercado laboral, sabe perfectamente —dígoo pola súa interpelación por escrito— que non é o mesmo falar de contratos que falar de persoas. Este debate xa o tivemos vostede e mais eu, non é a primeira vez. Vostede sabe que, segundo a última enquisa de poboación activa, que elabora efectivamente o Instituto Nacional de Estatística, temos en Galicia máis de sete de cada dez asalariados con contrato indefinido, en concreto o 72,6 %; unha cifra que está por riba das comunidades autónomas gobernadas tradicional-



mente pola esquerda —e remítome a comunidades como Andalucía, co 64,9 %; Extremadura, 64,4 %; Castela-A Mancha, 71,3 %—.

Pero, xa que vostede falou da diferenza con respecto ao ano 2009, recórdolle que este dato que temos hoxe de contratación indefinida, 72,6 %, está por riba da media cando vostedes gobernaban co Bipartito, e neses anos recorda vostede perfectamente que o Bloque Nacionalista Galego tivo responsabilidade de goberno tanto en Galicia como en Madrid e a taxa de indefinidos nunca, nunca, señora Prado, chegou ao 70 %.

Dígolle máis: en Galicia hai 645.000 mulleres e homes que hoxe teñen un contrato indefinido, e esa cifra son 5.000 máis das que había no terceiro trimestre do ano 2008, cando vostedes gobernaron.

Fálame vostede da EPA. Sabe que na última enquisa de poboación activa a taxa de emprego é a maior dende o ano 2009. Se quere desenvolver un debate cunha certa orde, creo que debería de traer todos eses datos.

Sabe perfectamente, ademais, xa que falou de sectores, que a ocupación está crescendo no sector industrial, acadando a maior suba interanual de toda a serie histórica de datos, dende o ano 2008. Polo tanto, a propia enquisa de poboación activa reflicte unha realidade totalmente distinta á que vostede pretende traer aquí. Sabe que a taxa de paro se sitúa a niveis inferiores ao ano 2009, co 11,49 %, e que Galicia encadea cinco anos e medio de descensos consecutivos, o que nos sitúa nestes momentos cunha cifra de paro inferior á do terceiro trimestre do ano 2009.

Eses son os datos e, polo tanto, se me quere falar tamén do paro xuvenil, a taxa de paro nos menores de 30 anos, que é do 20,3 %, é a máis baixa nun terceiro trimestre de toda a serie histórica de datos.

Señora Prado, estes son datos do Instituto Nacional de Estatística, non son datos da Xunta de Galicia. Polo tanto, pretender traer aquí unha realidade totalmente distinta parece intentar desvirtuar realmente a situación do mercado laboral en Galicia.

Fálame vostede dos salarios. Xa falamos o ano pasado dos datos que vostede manexa, e sabe perfectamente que a estatística que vostede manexa, que é a da Axencia Tributaria, non ten en conta o tempo efectivo de traballo durante un ano. Polo tanto, cando vostede quere trasladar na súa interpelación os datos da Axencia Tributaria, sabe que non cabe interpretar que hai persoas que perciben un salario inferior ao salario mínimo. Insiste en intentar confundir, polo tanto, a realidade dos datos. E sabe perfectamente que, se falamos de salarios medios, tamén medidos coa enquisa de poboación activa, o ritmo de crecemento do salario medio na última década 2008-2018 foi do 8,83 %, o que supón unha subida de máis de 148 euros.

Polo tanto, a realidade é totalmente distinta á que vostede pretende aquí trasladar. Cabe, entón, preguntarse por que o Bloque Nacionalista Galego precisa de trucos para non recoñecer os logros de Galicia. E cando falo dos logros de Galicia, falo dos logros loxicamente



non só desta administración senón tamén de todo o tecido produtivo. Máis de 126.000 empregos recuperados, máis mulleres traballando que nunca —segundo os datos da afiliacións a Seguridade Social—, dous de cada tres ocupados teñen contrato indefinido a tempo completo, oito de cada dez fogares teñen todos os seus activos ocupados, o 82,3 %. Esa é a realidade que temos nestes momentos no mercado laboral.

Mire, señora Prado, Galicia está onde está grazas ao noso tecido produtivo e grazas ao mérito dos nosos profesionais, e non precisamente á posición que está mantendo o Bloque Nacionalista Galego. Vostedes, por sistema, pretenden atacar a empresa, especialmente a grande empresa, a pesar de que xera máis do 16 % do noso emprego, e incluso actúan abertamente para o seu peche. ¿Por que non quere falar aquí da actitude que ten o seu partido político no Concello de Pontevedra? ¿Por que non quere falar de que o Concello de Pontevedra...? (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non é unha obsesión, é unha realidade. Se vostedes non queren falar da realidade e non queren falar dos empregos de Ence, non queren falar dos empregos de Elnosa, parece que aquí hai empregos de primeira categoría e de segunda categoría (*Aplausos.*), e se o Bloque Nacionalista Galego só quere falar dos empregos de primeira categoría, pois non parece razoable.

En calquera caso, o Concello de Pontevedra, efectivamente, onde goberna o Bloque Nacionalista Galego, recorre á prórroga de concesión de Ence, da que dependen máis de cinco mil empregos, señoría, cinco mil empregos, que poden ter unha enorme dificultade de manter o seu posto de traballo por unha decisión incomprensible do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Pontevedra. Igual que Elnosa atribúe —como sabe perfectamente— o seu peche ao propio Concello de Pontevedra.

Esa é a realidade, ese é o exemplo e, dende logo, iso non é o que esta Xunta de Galicia pretende para Galicia, tampouco para o concello de Pontevedra.

Mentres vostedes deciden, a Xunta de Galicia seguirá, dende logo, ao lado do emprego, ao lado da innovación, ao lado dunha Galicia máis competitiva, ao lado tamén dunha Galicia máis verde, porque, como sabe, este goberno defende unha transición enerxética xusta. Dende logo, o futuro vai ser para aqueles territorios, como o galego, que sexan capaces de afrontar a transformación dixital, a transformación ecolóxica do seu tecido empresarial e, polo tanto, apostando pola innovación, apostando pola xeración de valor, tamén ofrecendo estabilidade, responsabilidade e compromiso ao tecido produtivo.

E por iso temos un orzamento, señora Prado. ¿Por que non quere falar do orzamento? (*Murmurios.*) ¿Por que non quere falar dos 260 millóns de euros que imos destinar a unha Galicia máis preparada para mellorar a formación da nosa mocidade, das mulleres, dos autónomos e da economía social? ¿Por que non quere falar dos 210 millóns de euros para contar cunha Galicia máis innovadora e, polo tanto, seguir avanzando nos nosos polos industriais, tanto aeronáutico —do que vostedes renegan— como de automoción, do naval, do TIC, do téxtil, do biotecnolóxico ou do enerxético? E ¿por que non quere falar tampouco o Bloque Nacionalista Galego dos 60 millóns de euros para contar cunha Galicia máis verde e, polo tanto, para seguir impulsando un novo modelo industrial compatible co uso da economía circular e sostible?





Señora Prado, nós non somos alleos á situación da nosa economía, da nosa industria, sometida aos vaivéns, efectivamente, do desgoverno central, que continúa tras as eleccións deste domingo. Nós seguiremos traballando e esperemos que os grupos parlamentarios se sumen e apoien os orzamentos a próxima semana, convencidos, dende logo, de que servirán para seguir facilitando a recuperación das familias galegas a través do emprego, porque ese é o principal obxectivo que ten a Xunta de Galicia.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Conde.

Réplica, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Mire, señor Conde, quen non respecta o tecido produtivo do noso país é vostede e o Partido Popular, que non fai absolutamente nada (*Aplausos.*), nada, por botarlle unha man, e, vostedes, en dez anos de goberno —desde que volveron, e todos os anteriores—, están reducindo Galiza á total irrelevancia.

Mire, ¿sabe o que lle din os traballadores de Isobar? Eu fíxenlle referencia a todas as empresas que están —algunhas— en risco neste momento, pendentes dun fío: Alcoa, Endesa, Isobar, Ferroatlántica, Barreras, Vulcano... e poderíamos seguir. ¿Sabe o que lles din os de Isobar ao presidente da Xunta e, polo tanto, tamén a vostede? Entre os traballadores e a banca, vostedes escolleron a banca. Iso é o que lles din, iso é o respecto e a consideración que lles teñen os traballadores a vostedes. (*Aplausos.*)

E mire, non é que vostedes sexan alleos á situación —como acaba de dicir—, que non alleos, é que son os máximos responsables da situación. Eu lémbrolle que vostede é o conselleiro dun goberno, non sei se vostede se confunde cun tertuliano e que ten que pasear, pero é o conselleiro dun goberno. E mire, temos un mercado laboral mingunte; mais ese non é o peor dos nosos problemas. Temos un nivel de desemprego entre a nosa mocidade inaceptable; mais incluso ese non é o peor dos nosos problemas. Temos unha fenda salarial en Galiza inxustificable; mais incluso ese non é o peor dos nosos problemas. O peor dos problemas é ter na Xunta o Partido Popular, que nin sequera reconece o problema brutal que hai no desemprego. (*Aplausos.*) Ese é o máximo dos problemas que teñen, o maior problema que teñen os galegos e galegas: a indolencia dun Goberno do Partido Popular que non fai fronte nin está disposta a mover absolutamente nada diante desta situación. O peor que temos en Galicia é esa inacción do Partido Popular, que non asume absolutamente ningunha realidade.

Mire, datos. 2009–2019, goberno do Partido Popular. Baixa ocupación no agro, o 30 %; na industria, o 10,85 %; na construción, o 42,30 %. Eses son datos, do IGE e do INE, do IGE e do INE. Mire, a contratación temporal foi a que máis aumentou, nun 104 %. Eses son datos das estatísticas, que tampouco os inventamos no BNG.

Mire, ocupación das mulleres galegas 2009–2019: 1.800 menos, 1.800 menos.

No Estado, taxa de actividade, terceiro trimestre de 2019: no Estado, 53 %; en Galiza, 49 %. Ocupación no Estado: 44 %; Galiza, 42 %.



Se quere, pódolle seguir dicindo datos, ante os que vostede debería estar non só preocupado, senón ocupado, e, lonxe diso, vostede non asume ningunha responsabilidade e élle absolutamente indiferente esta realidade.

Eu o que lle pido hoxe é que a ver se nalgún momento se deciden a exercer de Goberno; son unha delegación administrativa, non queren competencias, non asumen responsabilidades. E logo, orzamento.

Faleille da fenda salarial en Galiza, que durante os dez anos do Goberno do Partido Popular aumentou en 1.000 euros; é dicir, 1.000 euros menos gañamos as mulleres con respecto aos homes, pola acción do Goberno do Partido Popular en Galiza.

E ¿que din os orzamentos?, ¿que din os orzamentos para este ano 2020, señor Conde? Que vostede adica 200.000 euros a medidas para a fenda salarial, ¡200.000 euros!, (*Aplausos.*) 200.000 euros para loitar contra a fenda salarial das mulleres. Supoño que será tamén responsabilidade do Goberno do Bloque Nacionalista Galego e do Goberno bipartito. Eu tamén non sei se nalgún momento vostedes se van decidir a deixar de facer oposición ao Bipartito e se van dedicar a gobernar; sería bo.

O que é unha evidencia é que hai unha consolidación da figura do traballador e traballadora pobre, esas persoas que, tendo un salario, traballando xa non soamente sete ou oito horas, senón doce, catorce ou quince, pois non poden desenvolver un proxecto de vida digno, porque non lles chega o salario, e medran as desigualdades, constatado tamén polo Fondo Monetario Internacional ou pola OCDE, ou que tamén din que o Estado español é onde máis medraron as desigualdades coa saída da crise.

Tamén é certo que, tras reconecer esas desigualdades, despois o que din é que é algo que é necesario para a engrenaxe económica, para estimular o esforzo, a recompensa, a recompensa da produtividade, mellorar o investimento. As desigualdades son dramáticas, consecuencia desas políticas económicas que buscaron e que conseguiron socializar os custos e non os beneficios.

Por iso eu podía seguir aquí dicíndolle cal é a situación. O que lle pido é que baixe desa torre de marfil na que está vostede instalado, señor Conde, que faga algo por derrogar e por empuxar para que se derroguen esas reformas laborais tan nefastas para a clase traballadora en xeral, pero para a galega en particular, que cambien o seu modelo e fagan algo para poñer Galiza a producir...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...e que as enormes potencialidades e posibilidades que ten o noso país deixen de ser un tapón, de ser un problema, e se convertan na solución...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...e poñan Galiza a desenvolver as posibilidades, a economía e o emprego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da interpelación, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Señora Prado, eu entendo perfectamente que vostedes teñan que facer méritos ante o novo goberno. Parece razoable e, polo tanto, buscar o camiño para ver como van apoiar este novo goberno, igual que fixeron no pasado cando vostedes tiveron representación en Madrid. Pero creo que non se merecen os traballadores de Isobar que vostede os utilice para facer méritos. Porque se quere encontrar unha explicación de por que non hai unha solución para Isobar, non debería de mirar a Xunta de Galicia, seguramente debería mirar outra administración, como a Administración central, que nada fixo, absolutamente nada, (*Murmurios.*) para poder colaborar coa Xunta de Galicia para resolver esa situación. Por certo, a ministra ben que acudiu rapidamente a atender as necesidades que tiñan en Medina do Campo, pero lamentablemente por Galicia non parou. (*Aplausos.*)

En calquera caso, nós estaremos á expectativa, estaremos á expectativa da posición que vai ter o seu grupo co novo goberno e, polo tanto, imos ver como vostedes defende a axenda galega. A nosa está moi clara: (*Murmurios.*) defender Alcoa, defender As Pontes, defender Reganosa, defender os intereses das industrias electrointensivas. Veremos, efectivamente, cal é a axenda que ten o Bloque Nacionalista Galego.

En calquera caso, vostede fálame de irrelevancia. ¡Home!, irrelevancia, ¿que quere que lle diga? ¿Quere que falemos do sector de automoción? ¿Quere que falemos como realmente temos máis de vinte mil empregados e como estamos desenvolvendo dous novos modelos en Citroën grazas, entre outras medidas, ao apoio que está desenvolvendo a Xunta de Galiza ao conxunto do sector da automoción? ¿Quere que falemos do sector aeronáutico, de como estamos investindo máis de 160 millóns de euros para desenvolver un novo sector a través de proxectos de I+D+i, atraendo multinacionais para que invistan en Galicia? ¿Falamos do sector biotecnolóxico e, polo tanto, todo o esforzo que facemos para apoiar esta industria, que nestes momentos está sendo unha das que máis empregos xera en toda Europa? ¿Quere que falemos tamén do sector naval e de como fomos quen de poder abordar unha situación de enorme dificultade a través do *tax lease* e como, efectivamente, conseguimos traer carga de traballo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto, señoría, creo que os que son irrelevantes son vostedes cando queren falar de emprego, porque vostedes non están lexitimados nin para falar de emprego nin para falar de industria (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)...,

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** ...porque vostedes son a antiindustria, son o antiemprego, e parece que o único que lles interesa é que Galicia vaia mal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Un respecto antes e tamén agora.



**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** En calquera caso, eu recórdolle os datos, sen ningún tipo de problema, dende o punto de vista da enquisa de poboación activa, que vostede sei que non quere recoñecer, pero eu doulle os datos.

Estamos ao nivel de afiliacións de cando chegamos ao Goberno, abril do ano 2009: 1.029.000; outubro do ano 2019: 1.027.000. O paro rexistrado sabe que baixa en máis de 46.300 persoas dende que chegamos ao Goberno. Xa lle trasladei na miña primeira intervención que a taxa de emprego é a maior dende o ano 2009, 47,33 %, e que a taxa de paro se sitúa a niveis inferiores ao ano 2009, 11,49 %.

Polo tanto, señora Prado, creo que debería respectar un pouco máis as cifras, que non as terxiverse, e que, polo tanto, traia aquí un debate serio, un debate rigoroso e un debate que sexa útil para Galicia, que sexa útil para a empresa, que sexa útil para os traballadores e que non sexa simplemente servil á demagogia do Bloque Nacionalista Galego.

En calquera caso, seguiremos defendendo a posición dos empregados, seguiremos defendendo a nosa axenda galega, seguiremos defendendo tamén en Madrid que Navantia outorgue carga de traballo ao estaleiro de Ferrol —esperemos que vostedes tamén o apoiem—, seguiremos defendendo a posición de Alcoa, das Pontes —como lle dicía—, de Reganosa, da transición enerxética xusta. Seguiremos defendendo —que vostedes non queren falar— desas cen empresas que están en dominio público marítimo-terrestre e que están ameazadas polo Goberno central para poder continuar a súa actividade.

En definitiva, este goberno ten unha axenda galega, este goberno ten unha defensa do tecido produtivo, e, lamentablemente, o que está ausente é o Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos o pleno ata as dezaseis corenta e cinco, cinco menos cuarto.

*Suspéndese a sesión ás tres e catro minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e seis minutos.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moi boas tardes.

Se lles parece, continuamos coa orde do día.

### ***Alteración da orde do día***

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A seguinte interpelación foi aprazada por petición da Xunta de Galicia. Entendo que xa foi comunicado ao grupo autor.

E pasamos á seguinte interpelación, a 5.3.



**Interpelación de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Pierres López.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Boas tardes a todos e a todas.

Grazas, presidente.

Sexa benvido, señor Rueda.

A verdade é que hoxe o grupo parlamentario trae a debate con vostede unha das violencias probablemente máis silenciadas e invisibles da nosa sociedade, como é a violencia económica, unha violencia definida como a privación intencionada e non legalmente xustificada de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos, así como a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia en parella. E é que, a pesar de que os seus efectos son menos evidentes que os deixados polas violencias física e/ou sexual, a violencia económica, que conleva moitas veces tamén unha violencia patrimonial, resulta moito máis cotiá para un maior número de mulleres no mundo.

É certo que levamos xa uns anos, afortunadamente, no contexto español e galego, referíndonos ao problema xeneralizado de todas as mulleres coa fenda salarial, un modo máis de violencia económica contra as mulleres, e neste caso cultural e historicamente normalizado. E é certo que é o propio debate público, as manifestacións das mulleres cada 8 de marzo dos últimos tres anos, o que está a provocar, entre outras cousas, que se aceleren os pasos de cara a resolvelo e a acurtar as distancias cos salarios e capacidade económica dos homes.

Sen dúbida, o ritmo non é en todo caso o que nos gustaría, e non o é non só porque son moitísimas —e recoñecemos—, moitísimas as medidas que teñen que poñerse en marcha, empezando pola formación en igualdade en todos os ámbitos sociais, senón que, en paralelo, no intento de redución da fenda salarial ten aflorado tamén un movemento contrario e capitaneado pola dereita máis reaccionaria deste país, que intenta desmontar e desprestixiar o movemento feminista, que á fin e ao cabo é o movemento que vela e traballa pola igualdade entre homes e mulleres.

E aí é onde este grupo agarda que este goberno sexa firme e que aposte por empurrar coas mulleres galegas na dirección da redución da fenda e non na dirección contraria. E non é un reproche —créame—, é unha petición expresa con carácter preventivo.

Por iso hoxe nesta interpelación nós preguntámoslle, entre outras cuestións, polo coñecemento que ten a Xunta de Galicia sobre este tipo de violencia, da que realmente tampouco se fala, porque moitas veces é a máis íntima e non deixa pegada. É unha arma de suxeición invisible que impide a moitas mulleres non só poñer fin a unha relación de mal-



trato, senón incluso iniciar o proceso de recuperación unha vez rompen a convivencia co seu maltratador.

E podería ser un erro —e por iso comecei falando da fenda salarial— pensar que a violencia económica só vai parella coa física. De feito, son moitas as mulleres que sofren por primeira vez a violencia económica a raíz precisamente da súa separación, e non antes, empregando coas súas exparellas o factor económico para dificultar a vida independente das que foran as súas mulleres. E ¿como o fan? Pois fano non pasando a pensión compensatoria, atrasándose regularmente no seu aboamento, deixando de facer fronte a débedas conxuntas ou obrigando a muller a preitear para reclamar cada gasto relacionado cos fillos e fillas cando están ao seu cargo; mil e un modos. Un tipo de prácticas que evidencian que este tipo de violencia vai de modo intrínseco acompañada doutro tipo de violencia como é a psicolóxica, e que a nosa lexislación autonómica tamén recolle e describe perfectamente. Insisto: recollidas na lei, pero ambas pouco coñecidas e pensamos que amparadas.

Por iso hoxe queremos preguntarlle pola cuantificación de cada caso das violencias, expresamente as de orixe económica, o coñecemento que lles consta da existencia da violencia económica en cada tipo de vítima ou do número de mulleres que teñan denunciado este tipo de violencia como causa principal de maltrato. E preguntámosllo especialmente porque cremos que moitas mulleres que sofren este tipo de violencia non coñecen sequera que pode ser motivo de denuncia. Botamos en falla campañas neste sentido asesorando mellor as mulleres.

E como tamén sabemos que é un dos motivos de consulta das usuarias que se reflicten e tipifican nos informes anuais dos CIM, eu pregúntolle a este respecto para saber se os teñen cuantificados e suficientemente valorados. Porque parece que, ademais, este tipo de situacións de violencia económica exercidas por exparellas non nos son alleos a ningún e ningunha de nós. Penso que todos e todas coñecemos ou temos oído dalgún caso deste tipo, incluso entre amigas, incluso entre familiares, que teñen vivido situacións de violencia económica prolongadas no tempo. E, a pesar do carácter extensivo desta violencia, as medidas de amparo, de atención e de asesoramento a estas mulleres non parecen terse desenvolvido especialmente por parte da Administración, e as que existen parecen non coñecerse por parte da cidadanía, e, polo tanto, perden a súa eficacia.

Preguntámoslle a este respecto porque seguro que vostede sabe ben o que significa —e sei que é así— traballar no empoderamento das mulleres, unha expresión que fala do proceso polo cal as mulleres adquiren e reforzan as súas capacidades, as súas estratexias e protagonismo, co fin último de acadar unha vida autónoma. E é moi difícil, é moi complicado traballar neste sentido se non se minoran as consecuencias desas violencias económicas que impiden efectiva e animicamente afrontar ningún tipo de proceso de reparación.

E se este tipo de violencia económica é grave, aínda máis o é cando quen o acomete ten sido condenado previamente por maltrato físico. Porque nese caso a muller ten dado o paso de denunciar, de separarse e de esforzarse por refacer a súa vida, pero a violencia económica obríga a continuar mantendo contacto co maltratador e a reclamarlle continuamente que



cumpra coas súas obrigas, perpetuándose así unha forma de dominio, que é o que perseguen moitos destes homes.

Esa situación de dobre violencia preocúpanos especialmente, porque que isto aconteza é probablemente un dos factores máis determinantes e explicativos de por que moitas mulleres non teñen denunciado as súas parellas e exparellas, porque senten a dependencia e ligazón a eles nunha situación de dominio e sometemento que vai moito máis alá da ameaza física, e que na maior parte dos casos ademais faise extensiva aos seus fillos e fillas e á súa estabilidade económica e tamén —¿por que non?— psicolóxica.

Falamos de mulleres que están anuladas polo seu maltratador, o que se traduce na maior parte das ocasións en mulleres que non soen traballar fóra do domicilio, polo que non xeran ingresos, son dependentes, o que é obviar que ancla fortemente o dominio destes homes cara a estas mulleres. E en moitos casos ademais son mulleres descoñecedoras dos ingresos, dos gastos e débedas que xeran as súas parellas, o que as converte en especialmente vulnerables.

Dende o Grupo Socialista, polo tanto, amosamos a nosa preocupación ante todos eses casos de mulleres, nenas e nenos vítimas da violencia de xénero, e especialmente daqueles que se ven na circunstancia de asumir, por exemplo, débedas que son responsabilidade do maltratador. Entendemos que non se pode permitir que ao feito de ter sufrido violencia durante unha relación de parella se engada outro tipo de violencia que impida ás vítimas seguir adiante cos seus proxectos de vida.

Cremos que é preciso e de máxima urxencia abordar estas inxustas realidades. E, por suposto, non podemos esquecer neste debate talvez a violencia económica máis grave, e a máis miserable, a que afecta as mulleres vítimas de trata sexual, aquelas que moitas veces enganadas se ven sometidas ao dominio dun home para explotar o seu corpo, e que as manteñen atrapadas nun círculo de explotación coa ameaza da débeda impagada, así como do propio maltrato físico delas ou da súa familia.

Cremos firmemente que a política, e máxime cando falamos de igualdade, ten que enfocarse en sumar para avanzar en dereitos e, dende logo, para mellorar a vida da xente e solucionar problemas de inxustiza social coma estes. Por iso agradeceríámoslle hoxe as respostas ás preguntas que lle formulamos: ¿que tipo de medidas ten posto en marcha este goberno nos últimos catro anos de cara a evitar a violencia económica sobre as vítimas de violencia machista? ¿Ten coñecemento de cantas mulleres vítimas de violencia machista en Galicia o son por mor da violencia económica exercida sobre elas? ¿Cantas desas mulleres a sofren como causa principal de maltrato? ¿Cantas como unha violencia engadida a outra ou outras? E, por último, ¿entende o Goberno que é preciso apoiar as mulleres e menores que saen dunha situación de maltrato, axudando a romper coas cargas non só emocionais e físicas senón tamén coas económicas que proveñan do seu maltratador?

Nada máis polo momento, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.



Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Boas tardes, señorías.

Señora Pierres, boas tardes.

Vou intentar no tempo que teño nas dúas quendas responder a todas as preguntas que fai vostede, cos datos dos que dispoñemos —creo que son bastantes—, e sobre todo coas medidas que temos acometido ao respecto.

En primeiro lugar, por suposto que estamos totalmente de acordo en que a violencia económica é unha forma de violencia machista. Primeiro, porque estamos firmemente convencidos —e os datos así o avalan—; e, segundo, porque —por se houbera algunha dúbida— é que está na lei dende o ano 2007; na lei galega, por certo, non está noutras moitas de carácter autonómico, e non está na lei a nivel estatal.

Ningún goberno, incluído o que está agora mesmo en funcións, considerou que fora necesario recoñecer a violencia económica como un xeito de violencia de xénero, como un xeito de violencia machista. Nós témola dende o ano 2007, e o artigo 3 da Lei 11/2007 fai referencia á violencia económica, indicando que é aquela que inclúe a privación intencionada e non xustificada legalmente de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación á disposición de recursos compartidos no ámbito da convivencia da parella. Efectivamente, isto é así, isto prodúcese na realidade. E, polo tanto, estamos totalmente de acordo en que temos que poñer os medios para atallalo.

Insisto en que non en todas as leis autonómicas se fai este recoñecemento expreso, e supoño que, en consecuencia, non todas as comunidades autónomas —e, dende logo, non o Estado— poñen as medidas —ou polo menos todas as medidas necesarias— para atallar todas as consecuencias prexudiciais que se dan dunha situación de violencia machista como consecuencia de violencia económica.

Estará vostede de acordo en que hai moitos expertos ademais que din que é moi difícil diferenciar ás veces a pura violencia psicolóxica como un xeito de violencia machista da violencia económica. E, polo tanto, moitas veces —e dígoo para efectos de estatísticas e para efectos de identificación— eu creo que é moito máis importante saber identificala para poder reaccionar e axudar as mulleres e os seus fillos e fillas cando están sufrindo esta violencia. Creo que isto é o realmente importante, e máis alá de datos estatísticos, que sen ningunha dúbida tamén axudan a delimitar o problema. Pero eu creo que o interesante, o importante e o fundamental é que saibamos reaccionar cando realmente se produce. E creo que levamos moito tempo.

Vostede pregúntame polos últimos catro anos. Vou ir un pouco máis alá, aos últimos dez anos, para darlle máis información do que se vén facendo e dos datos das aportacións. Porque, loxicamente, contra a violencia económica o único remedio non son os recursos eco-





nómicos, pero os recursos económicos son unha parte fundamental para axudar as mulleres que sofren esta violencia.

Estamos de acordo, polo tanto, en que é unha forma máis de maltrato e un xeito máis de violencia machista, e ao final o control da economía da vítima por parte da súa parella ou da súa exparella pois é ás veces unha situación que moitas mulleres senten como normalizada, cando non o é en absoluto. De aí a importancia dos primeiros recursos para detectala, a importancia dos CIM —vostede nomeounos—. E ademais esta situación moitas veces vese agravada no ámbito rural polas condicións socioculturais, de convivencia familiar, do contorno da vítima, e é moito máis difícil detectala e, polo tanto, moito máis difícil reaccionar contra iso, o que non quere dicir que, dende logo, non haxa que facelo, é a nosa obriga.

Vostede preguntaba que medidas arbitra a Xunta de Galicia, que medidas pon á disposición destas mulleres e dos seus fillos e fillas a Xunta de Galicia para loitar contra a violencia económica. Eu creo que hai unha fundamental —e que é certo que leva dende a época do Bipartito e este goberno mantívola—. Dígoo porque estou falando das axudas periódicas —como pode imaxinar—. Creo que esa é a mellor maneira cando se detecta unha situación deste tipo de poder axudar as mulleres a que inicien unha nova vida, polo menos na súa primeira fase. Non é esta a única medida, pero creo que é fundamental.

E volvo chamar a atención sobre o feito de que sexa Galicia a única comunidade autónoma que ten estas axudas; é certo que a tivo Estremadura dende o ano 2014 ata o ano 2016 —se non me engano—; houbo un cambio de goberno, o goberno socialista, e esas axudas desapareceron. E ningunha outra comunidade autónoma, nin do Partido Popular nin do Partido Socialista nin doutro partido, ten esas axudas á parte de Galicia. Insisto: axudas periódicas. Non estou falando do pago único, que xa é con fondos estatais; e, por suposto, en Galicia tamén están, pero en Galicia existen.

E dende o ano 2009 —insisto: recoñezo que viñan dun pouquiño antes— este goberno mantívolas e incrementounas. Dende o ano 2009 máis de catro mil mulleres beneficiáronse destas axudas periódicas, e estamos falando xa dunha cantidade que está cercana aos corenta millóns de euros —trinta e sete millóns e medio— investidos nestas axudas periódicas.

Por darlle un dato, no ano 2009 estas axudas eran de 2,2 millóns de euros e chegaban a duascenas mulleres; o ano pasado, setecenas mulleres, é dicir, máis do triplo, case o 80 % dos casos atendidos. Sabe vostede que tamén elevamos o umbral ata dúas veces o IPREM —estaba en 1,5—, á parte doutras melloras. E en 2019 cinco millóns de euros, máis do dobre que no ano 2009, para facer fronte ás necesidades das mulleres que requiren esta axuda periódica.

Creo que esta é a mellor medida, unha medida que se ten que manter —dígoallo sinceramente—. Resúltame difícil de entender, vista a demanda que teñen e vista sobre todo a súa eficacia como primeiro recurso para moitas mulleres, que sigamos sendo a única comunidade autónoma, tendo en conta ademais que os recursos do pacto de Estado permitirían que se tomara esta medida; ningunha outra comunidade autónoma a ten tomado a día de hoxe; nós non só é que a teñamos tomado, senón que a temos mantido e a temos aumentado e o



ano que vén aumentarémola, sempre cunha finalidade fundamental: ningunha muller que reclame que teña dereito a ela vai quedar sen esta axuda.

Sabe vostede que houbo unha modificación legal para facer os créditos ampliables, que non houbera esa interrupción que se producira hai un ano, e eu mesmo o recoñecín cando se esgotaba o crédito para atender as mulleres que o solicitaban ata que se volvía repoñer; agora iso non se produce, o crédito é ampliable automaticamente; polo tanto, todas as mulleres que o solicitan teñen ata un máximo de doce meses esa axuda periódica.

Non é a única medida nin moito menos, pero creo —insisto— que isto é fundamental. E por darlle outras complementarias: Plan autonómico específico de inserción laboral para mulleres vítimas de violencia machista. Dende o ano 2016 —este é un programa relativamente novidoso— 833 mulleres, unha inserción laboral de 158, ata o momento 2,5 millóns de euros investidos dende o ano 2016.

Programa novidoso que iniciamos o ano pasado, no que, ademais, ampliamos o crédito este ano porque había —creo que é unha boa nova— moitos concellos, moitos máis dos que previamos inicialmente —insisto: é unha medida novidoso—, que quixeron incorporarse a este programa e, polo tanto, contratar mulleres vítimas de violencia machista; pasamos de 800.000 a 1,4 millóns de euros. Vaise axudar no 2019 con esta ampliación 77 mulleres vítimas de violencia machista, contratadas polas corporacións locais, de todas as cores políticas, que —insisto: creo que é unha boa nova— quixeron participar neste programa, e algunha solicitude dalgún concello non puido ser atendida por insuficiencia de crédito. Intentaremos que o ano que vén non sexa así.

O programa Emega, para mulleres emprendedoras. Sempre dicimos que hai moitísimo talento feminino, e, polo tanto, todas as mulleres teñen dereito a esa pequena axuda da Administración, que, ás veces, iniciando unha actividade de emprendemento económico (unha pequena empresa, unha pequena actividade económica), moitas veces iso tamén lles dá a independencia económica que non teñen cando conviven co maltratador. Son case mil trescentos postos de traballo creados durante estes anos co programa Emega, 10 millóns de euros.

A conciliación. Creo que tamén é unha maneira moitas veces de violencia económica e, polo tanto, de violencia machista poñerlles problemas ás mulleres relativos á conciliación, que sexan sempre elas as que teñan que encargarse de todo o que teña que ver co coidado dos fillos, e, polo tanto, que teñan moitísimas limitacións laborais. Creo que as axudas á conciliación, nas que temos investido tamén unha partida importante —está en vigor, como vos tede seguro que sabe, o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade—, axuda moito tamén a acabar con estas situacións que se poidan dar de violencia económica.

Por darlle un dato, no ano 2020 imos incrementar un 16,9 % as axudas para conciliación e redución de xornada tamén en homes e en familias monoparentais.

Por suposto, xa lle dicía que hai moitos expertos que coinciden en que a violencia económica se podería incluso nalgúns casos incardinar dentro da violencia psicolóxica ou polo menos



pode derivar dela. Pois as axudas, o programa de atención psicolóxica ás vítimas, moitas delas mulleres vítimas de violencia machista, supuxo que case cinco mil cincocentas persoas dende o ano 2009 foran atendidas e moitas veces a través deste programa de axuda psicolóxica foron capaces de detectar e, polo tanto, denunciar e saír desa situación que estaban vivindo de sometemento á violencia económica e á violencia machista.

Outra medida creo que moi importante: axudas á vivenda, neste ano cun bono específico de alugueiro social para vítimas de violencia machista, cun orzamento de máis de 1,5 millóns de euros, para axudar as mulleres a que teñan unha vivenda propia e, polo tanto, poidan saír desta situación de violencia económica, violencia machista.

Apoiamos e mantemos a rede de casas de acollida —creo que tamén é fundamental—, aumentando os fondos.

E, por darlle outras medidas no tempo que me queda e a salvo da segunda intervención, facilitamos dun xeito prioritario o acceso ás vítimas de violencia machista na tramitación das axudas da Risga cando teñen un procedemento abreviado, cando proceden estas axudas.

Puxemos en marcha o I Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos de Galicia.

Niso creo que coincidimos todos e todas: o tema de igualdade é fundamental para previr situacións que despois teñen moito máis difícil remedio. Polo tanto, imos seguir insistindo moitísimo niso. Eu creo que ao final é outra maneira de evitar no futuro situacións de violencia económica, violencia machista.

Escolarización inmediata dos fillos e fillas vítimas. De once casos no curso 2008–2009 pasouse a sesenta e seis no 2016–2017, os últimos datos pechados que temos, pero seguro que seguiu aumentando.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** E, polo tanto, señora Pierres, creo que o fundamental, efectivamente, despois de recoñecer que a violencia económica é un xeito de violencia machista, é saber qué se está facendo para que as mulleres...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...non sufran máis esta situación, e creo que este goberno está facendo bastantes cousas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica, ten a palabra a señora Pierres López.



**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Grazas, señor Rueda, pola exposición e polas respostas que nos ten facilitado, respostas que ao noso modo de ver constatan que en materia de información e sensibilización fronte á violencia económica queda moito por facer, porque ningunha nomeou, por non dicir entón que case todo está por facer.

As medidas que se teñen posto en marcha e que valoramos positivamente —créame que é así— e, como vostede ben dixo, de axudas periódicas, xa implantadas polo Bipartito, son medidas que, non obstante, están máis centradas no punto final. ¿E que quero dicir con isto? Que se centran na fase final dun proceso de violencia preexistente, naquela na que a vítima xa conqueriu saír do círculo da violencia e precisa de recursos, claro que si; pero non tanto se centra na fase reparadora ou intermedia, naquela na que se atopan a día de hoxe moitas mulleres e que ven como a violencia física ou psicolóxica persiste a través da violencia económica que seguen exercendo sobre elas as súas exparellas, esas mulleres que moitas veces sofren ademais de baixa autoestima e viven convencidas da súa propia incapacidade para valerse por si mesmas, sometidas a unha relación de dominio absoluto das súas parellas ou exparellas.

Por iso, e por poñer en común con vostede as preocupacións do noso grupo, que vai máis alá de dotar de recursos, como vostede comentaba, porque todas as medidas que comentou falan de recursos, nós queríamos salientar tanto a necesidade de atender a resolución do problema de asumir unha violencia perpetuada no tempo como a de asumir as débedas do maltratador. E para iso permítame trasladarlle a través de casos reais as cuestións que realmente nos preocupan.

O caso de Marta, que é unha muller que foi vítima de violencia física durante anos. Ela conviviu con Fermín, o seu maltratador, estando casados ademais en réxime de gananciais e compartindo un préstamo hipotecario sobre a súa vivenda. Un día Marta tomou a decisión de alonxarse do seu agresor e de romper ese ciclo de violencia a que se vía sometida e decidiu divorciarse. Pero Fermín, non conforme con esta decisión, empregou como arma de presión o impago da súa parte da hipoteca común. Marta viuse así na obriga de asumir o pago completo para non ter que quedar na rúa e perder a casa. Como esta cuestión non estaba contemplada no convenio regulador, non tivo acceso á dedución, por exemplo, por vivenda do 100 %, senón tan só do 50 %. Esta situación tena soportado Marta durante anos e tería unha fácil solución se a Xunta de Galicia modificase a dedución neste caso da parte autonómica para que ela e moitas outras Martas vítimas de violencia de xénero poidan xustificar que ante o pago do 100 % da hipoteca poida aplicarse a dedución tamén polo 100 %.

Unha situación que non sería, ademais, moi diferente por exemplo ás medidas extraordinarias que xa se teñen tomado con outro tipo de colectivos; poño un exemplo: os afectados das explosións en Tui, coa dedución polo importe total da cota autonómica sobre as axudas percibidas suxeitas a tributación.

Como tampouco sería diferente ás que xa se aplicaron a outros colectivos para as axudas ao imposto de transmisións patrimoniais ou actos xurídicos documentados, nos que tamén se



podería reducir o tipo ao 5 % para a compra de vivenda habitual, tamén para as vítimas de violencia de xénero.

E póñolle o exemplo tamén dunha muller á que, anos despois de ter unha sentenza de maltrato e posterior divorcio, como no seu día tiña a declaración conxunta coa súa exparella, lle chega unha notificación de embargo por impago do IRPF, con cota estatal e con cota autonómica, como responsable subsidiaria ademais da súa exparella por unhas débedas non prescritas, porque en aplicación da normativa tributaria nunha declaración conxunta esta muller é responsable subsidiaria das débedas adquiridas pola súa exparella, aínda que en realidade o único responsable fora el. Esta vítima é debedora subsidiaria e Facenda reclámalle, tal e como establece a Lei xeral tributaria, o aboamento da débeda, fora ou non consciente dela.

Este parlamento tería neste caso competencia para buscar solucións a eses casos que resulten inxustos e na parte que lles corresponda ás cotas autonómicas. ¿Significa iso que desexemos que todas as mulleres vítimas reciban exencións e se lles condonen as débedas? Non, non se trata —e quero deixalo claro, quero deixalo claro, moi claro— de establecer unha amnistía fiscal, senón de discriminar positivamente nuns casos moi concretos que se demostren absolutamente inxustos e eliminar todos os obstáculos posibles para que as vítimas de violencia machista poidan recuperar a súa vida en todos os ámbitos.

Nós hoxe interpelámolo neste sentido, con exemplos nos que se evidencia a posibilidade que se lle abre a este goberno de traballar no desenvolvemento de medidas de carácter impositivo e que poderían mellorar —e moito— a recuperación das vítimas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...—si, remato—. Pero non só delas, senón tamén dos seus fillos, das súas fillas, para que non se prolongue a violencia económica no tempo e para que o seu patrimonio non se vexa afectado, para que se minimice o dano psicolóxico e de autoestima, que en moitas ocasións e con este tipo de inxustizas dificulta enormemente a súa recuperación.

Por iso, pregúntolle...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...—xa remato— se comparte con nós que son moitas as medidas de carácter impositivo, desde as exencións, deducións e redución de tipos impositivos, que se poden poñer en marcha para as mulleres vítimas de violencia en Galicia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...así como se ten constatación da existencia dun coñecemento exhaustivo deste tipo de situacións como as que lle relatei e moitas máis.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Grazas, señor presidente.

Señora Pierres, respostando á súa última pregunta, por suposto que temos coñecemento, especialmente, como lle dicía na miña primeira intervención, a través dos CIM, que son os recursos máis próximos, que moitas veces en primeiro lugar detectan este tipo de situacións e sobre os que lle recordo que son centros municipais pero sufragados na súa maior parte pola Xunta de Galicia e, polo tanto, cunhas obrigas de información, que son as que nos aconsellan precisamente —e por iso volvo manifestar a miña estrañeza— seguir mantendo as axudas periódicas.

Vostede dicía que as axudas periódicas están moi ben, e que —xa llo dixen— empezaron con vostedes; nós mantivémolas durante moitos anos e ímolas seguir mantendo por suposto e aumentando mentres sexan necesarias; oxalá que un día non o foran, pero o certo e verdade é que non estou de acordo. Vostede dicía que son o final dun camiño. Non, non, é que moitas veces cando se detectan este tipo de situacións, se estamos de acordo —e entendo que si— en que a violencia económica é violencia machista, cando se detecta que se está producindo unha violencia económica, moitas veces o traballador, a traballadora social do concello, os profesionais do CIM son os que lles din a estas mulleres que teñen unha saída e teñen —isto non quero chamarlle estímulo— a posibilidade de poder acometer a situación que se lles vai dar cando deixen de convivir co maltratador —tamén o maltratador económico é un maltratador de violencia machista—, porque van ter esas axudas. Polo tanto, eu creo que son fundamentais. Non aparecen cando se racha coa situación, moitas veces son un estímulo para rachar coa situación.

Polo tanto, creo que niso deberíamos poñernos de acordo. Se as quitamos —supoño que o pensarán ou estarán pensando moitas comunidades autónomas—, eu creo que é un erro, que non fai falta poñelas porque en realidade os problemas veñen de moito antes e isto é unha fase final. Non, non, moitas veces son unha solución principal e son un estímulo para que as mulleres que están sufrindo violencia económica, violencia machista, deixen de sufrila, porque non teñen que sufrila nin un día máis.

Polo tanto, moito coidado con iso, porque, se temos isto claro, seguiremos mantendo en Galicia estas axudas e, se non, faremos como o resto das comunidades autónomas, de todos os partidos políticos, que agora que teñen os fondos do pacto de Estado non os están adicando a esta finalidade, que consideramos dende o Goberno da Xunta de Galicia fundamental.

Estou de acordo con vostede nunha cousa. Pois si, probablemente sería bo aínda profundar máis na sensibilización de que a violencia económica é violencia machista, sobre todo para o que lle dicía na miña primeira intervención: que moitas mulleres que a están sufrindo sexan conscientes de que realmente a están sufrindo, sexan conscientes de que iso é vio-



lencia machista —a presión, a violencia, a denegación dos recursos económicos máis fundamentais por parte da súa parella—, e, polo tanto, que rachen con esa situación, porque teñen que saber que despois terán axuda das administracións, especialmente da Xunta de Galicia.

Polo tanto, estamos de acordo en que, canto máis sensibilización —e probablemente haxa que facer moito máis—, moitísimo mellor.

Todas as administracións temos que axudar.

Por certo, vostede no texto da súa interpelación falaba —e é certo— dos problemas que se dan nos impagos hipotecarios cando hai vivenda conxunta, claro, que hai que pagar. ¡Oia!, a FEMP —é unha medida do pacto de Estado contra a violencia de xénero— vai facer un estudo sobre a situación que se está dando e sobre todo as consecuencias que derivan do impago das cotas de hipoteca cando lles corresponde conxuntamente ao maltratador e á vítima e aínda estamos agardando este estudo, que sería moi útil para saber o que está pasando e, polo tanto, saber se os recursos que estamos destinando se están destinando axeitadamente ou habería que incidir especialmente nesta situación. Creo que este estudo é necesario. A Federación Española de Municipios e Provincias quedou de facelo e eu creo que non o fixo. Supoño que, se o fixera, xa o teríamos á disposición, e xa vai tempo do pacto de Estado; polo tanto, debe ser que non o considera tan urxente; nós, desde logo, si que o consideramos.

Respecto das medidas que vostede fai, vostede fixo unha incidencia na súa intervención a medidas de carácter tributario. Eu creo que tamén teñen consecuencias, por suposto, porque ao final, á hora de pagar impostos, se se producen impagos por parte dunha das partes, as consecuencias son para as dúas, sobre todo tendo en conta que o réxime normal de matrimonio en Galicia é o réxime de gananciais e, polo tanto, as consecuencias do impago dun repercuten directamente nos dous e sobre todo na parte que non ten culpa deses impagos.

Por iso, eu creo que, fóra de reclamar medidas na orde fiscal, que tamén —e sábeo vostede— falaba das deducións do tramo autonómico, as deducións moito máis grandes son aquelas que se refiren aos impostos con orixe e recadación estatal e sobre todo a competencia para modificar esas leis, que non digo que non haxa que facelo; esa análise había que facela entre todos con consenso e sen intentar tirar ningún rédito político, como hai que abordar todo este problema con seriedade se queremos ser eficaces, pero é unha competencia estatal.

Eu ampliaría e iría moito máis á modificación das normas que teñen que ver co dereito civil, co Código civil, porque se imos só ás consecuencias, que son tributarias, de aplicación das norma que son civís, probablemente non estaríamos nin moito menos, probablemente non, seguro que non estaríamos atallando o problema. Polo tanto, habería que falar de pensións, de vivenda, dun montón de cousas que si teñen que ver co dereito civil e que despois teñen as súas consecuencias, a súa translación á hora de pagar as obrigacións tributarias.

Polo tanto, estou de acordo en que todo iso se pode falar. É certo que hai moitísimas cousas que teñen pouco que ver coa competencia da Xunta de Galicia, pero eu creo que, ademais, é



unha boa proposta e trasladarémola para que a Comisión de Dereito Civil de Galicia estude que modificacións —que temo que non van ser demasiadas, pero, sempre que se poida facer algo nesta materia, benvido sexa— se podían facer no dereito civil de Galicia para intentar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...atallar os problemas que teñen as mulleres que sofren violencia machista á hora de facer fronte ás obrigacións económicas, cando, ademais, non son elas as que incumpren, son os seus maridos, que aínda por riba son maltratadores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos agora ás preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego respecto da apertura dunha casa de apostas e sala de xogos en Redondela, nas proximidades dunha zona escolar**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Boa tarde, señor Rueda.

Traemos aquí hoxe un auténtico clamor social e unha preocupación, unha alarma que se está producindo en todo o país e neste caso na vila de Redondela. Está aquí presente unha representación da plataforma que se está organizando e mobilizando en contra deste salón de xogos, que xa está nestes momentos autorizado pola Xunta de Galicia, aínda que entendemos que incumpre a normativa vixente.

Este é un problema de saúde pública, un problema social, tamén de convivencia, que ten tamén graves consecuencias económicas; para algúns ten consecuencias en forma de millónarios beneficios, pero para a xente traballadora ten consecuencias moi graves para a súa economía.

E este problema foi alentado, propiciado, promovido polos gobernos do Partido Popular, tanto en Madrid como na Xunta de Galicia, ao longo dos cinco anos, cada un no ámbito das súas competencias. E quérolle recordar a proliferación de casas de apostas, de salóns de xogo, de máquinas tamén de apostas e de xogos que se produciu en Galicia nos últimos anos, en gran medida tamén ao abeiro das reformas introducidas por vostedes na Lei do xogo, pola porta de atrás, por certo, coa Lei de acompañamento.

E así temos que nos primeiros cinco meses deste ano 2019 autorizáronse 23 casas de apostas en Galiza, unha delas esta precisamente de Redondela, elevando o total a 159, e xa non lle





digo a cantidade de máquinas de apostas e de xogos que se instalaron en locais de hostelería tamén grazas a esa ampliación que vostedes aprobaron, que permite que se cheguen a 3.600.

E vostede é un máximo responsable desta situación como o conselleiro que ten as competencias nesta materia. E tamén é a súa responsabilidade o cambio da Lei do xogo, por certo, no 2015, que permitiu que se abra un novo casino en Vigo, unha gran tamén casa de apostas e de xogo, para beneficiar, por certo, grandes grupos empresariais, porque un dos propietarios desta empresa é nada máis e nada menos que o fondo *voitre* Blackstone, que xa sabemos a que se dedica.

Pois estas empresas do casino de Vigo, coas que vostede sae nas fotos (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) presentando as infografías deste novo casino, pois son precisamente as promotoras da casa de apostas de Redondela, Cirsa e mais Egasa, que agora se chama Luckia, que se presentan cun nome máis neutro de Unión de Operadores Reunidos, non vaia ser que os asocien con eses auténticos *voitres*.

Pois fronte a este intento de abrir estes salóns de xogo, hai unha gran mobilización social en Redondela, e desde logo pensamos que incumpren de maneira clara as normas, a normativa vixente, porque están a menos de 150 metros de distancia dos centros educativos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** E como se dá esta circunstancia, quérolle preguntar: ¿van revisar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Rematou o seu tempo.

**O señor BARÁ TORRES:** ...esta autorización que lle deron á casa de apostas e salón de xogos de Redondela?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Para contestar, ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará.

Un saúdo tamén á plataforma que está presente na tribuna, aos veciños e veciñas de Redondela.

Vou dedicar a miña primeira parte da intervención —teño unha segunda, xa que vostede o fixo tamén: pregunta por un caso concreto pero faime unha disquisición xeral sobre quen



apoia, quen non apoia, quen está interesado, quen non está interesado no desenvolvemento do xogo— a dicir unha serie de cousas que é bo que saiba todo o mundo, seguro tamén os veciños e veciñas de Redondela, porque seguro que vostede non llelo contou. Insisto en que na segunda parte entrarei no caso concreto de Redondela, como é a miña obrigación.

Vostede pregúntame por iso pero, claro, pregúntame por outra cousa. Di que non estamos facendo nada, que non estamos preocupados, que estamos favorecendo o desenvolvemento e a adición ao xogo. En absoluto, todo o contrario: estamos facendo unha lei porque somos conscientes de que é un problema. Coincidimos, polo menos, en entender que isto é un problema. Outra cousa son as cousas que se fagan, as cousas que vostedes fixeron no seu momento para atallar un problema que xa se vía vir.

Estamos de acordo tamén en que isto é un boom, non só en Galicia, senón nas restantes comunidades autónomas, e, polo tanto, estase convertendo nun problema de saúde pública, e, polo tanto, este problema de saúde pública téñeno todas as comunidades autónomas, en maior ou menor medida, pero temo que é bastante uniforme.

E é certo tamén que temos unha lexislación obsoleta, pero non vén de hai moitísimo tempo. Vostede dixo unha serie de cousas aquí. Nas tragaperras, nós o que fixemos foi continxentais; os que dispararon o número foron vostedes, porque é bo que se saiba que hai un regulamento do ano 2008, en que gobernaba o Bipartito, no seu momento profundamente innovador, que sabe que quedou obsoleto enseguida. Vostede mesmo recoñece que introduce mecanismos para o dinamismo e desenvolvemento do sector —fíxese vostede: no ano 2008 había que introducir mecanismos para o desenvolvemento e expansión do sector— e deixa a porta aberta para simplificar os trámites administrativos e facilitar a incorporación das empresas —de xogo, enténdese— á actividade económica.

Isto é o que vostede dicía no ano 2008, isto é o que nós queremos atallar agora con esta lei, pero sobre a porta aberta a que houbera —é certo que as casas de apostas viñeron despois— tragaperras, que son as antecesoras directas das casas de apostas, quen ampliou o número, quen deu facilidades para que houbera en hostelería, e ademais eliminando moito a competencia, foron vostedes, e quen obrigou a que as continxentáramos fomos nós, é dicir, que dixeramos que había un número máximo, dentro dun regulamento que vostedes deixaron absolutamente amplo.

Polo tanto, poñamos as cousas onde están e non pretendamos que uns fixeron todo o posible para que haxa moito xogo e outros fixeron todo o contrario. Porque estamos intentando corrixir o que pasou durante estes anos, que non digo que fora culpa de vostedes, pero que, cando tiveron ocasión de regulalo, fixeron todo o posible para que houbera expansión.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra, para réplica, o señor Bará Torres.



**O señor BARÁ TORRES:** Paréceme unha absoluta falta de respecto que nesta primeira quenda de intervención non dixera unha única palabra sobre a casa de xogos de Redondela, que é o motivo da nosa pregunta, señor Rueda. *(Aplausos.)* Quere falar despois cando non temos oportunidade de réplica. E vostede véunolo dicir aquí: que a culpa é do Bipartito. Tamén a culpa de que proliferen nos últimos cinco anos por todo o país, como fungos, as casas de apostas e os salóns de xogo resulta que é das tragaperras do Bipartito. Pero ¿que me está dicindo? ¿Quérenos tomar o pelo? Porque foron vostedes nas modificacións que fixeron da lei, por certo, unha lei do ano 1975, que ten trinta e catro anos; tiveron moito tempo para cambiala, e desde o 2008 pasaron once anos, tiveron moito tempo para cambiala, cambiárona para favorecer esas grandes empresas, cando aumentaron o número de máquinas comecartos e cando tamén fixeron esa modificación para permitir o casino de Vigo, que —xa lle dixen— é propiedade de Egasa, de Cirsa, e é propiedade tamén de Blackstone, é propiedade de Luckia, unha empresa que está sendo investigada por un caso de corrupción.

Eu quero facerlle unha pregunta clara, porque hai moitísima xente pendente da súa resposta, hai moitísima xente que está preocupada, que se mobilizou, que se manifestou en Redondela, que está recollendo sinaturas, que está recollendo alegacións, que está denunciando a falta de transparencia con que tramitaron toda esta autorización, porque vostedes déronlle unha autorización a un local que, segundo a nosa opinión, incumpre a normativa de distancia con respecto a centros escolares, pois di a normativa que en ningún caso se autorizará a instalación de salóns a menos de 150 metros dos accesos normais de entrada ou saída de centros oficiais que imparten ensino regrado a menores de idade.

Señor Rueda, ¿vostede cre que a escola de música e conservatorio municipal de Redondela é un centro escolar, un centro educativo onde existen menores de idade? Dígame: ¿é ou non é? Porque ese centro está a menos de 150 metros, e, polo tanto, vostedes teñen que revisar esa autorización. Díganos aquí que o van facer, que van impedir que se instale esta casa de apostas en Redondela.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Para réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Grazas.

Señor Bará, non perda máis o tempo. Vostede foi o que fai a pregunta e dedica a maior parte da súa primeira intervención a falar de todo menos do que me pregunta. Polo tanto, respondín e, en consecuencia e por respecto aos veciños de Redondela, por suposto que lle vou responder, a pesar de que o que fai a pregunta é vostede, sobre o caso de Redondela e entrar, por suposto, en materia.

Mire, sabe perfectamente que hai unha autorización concedida. Por certo, nós fomos os que limitamos; xa non hai máis casas de apostas en Galicia; moitas comunidades autónomas



non fixeron iso e das que se estaban tramitando antes. E, polo tanto, a documentación que había: copia do contrato de arrendamento, proxecto básico das obras, documento de pago de taxas, alta de inspección de xogo, sobre cumprimento de distancias. Os técnicos, que son os que van medir e non teñen orientación política, din que se están cumprindo as instancias, pero isto non quere dicir que se vaia autorizar a apertura, polo menos non coa autorización da Xunta nada máis. De feito, sabe vostede cal é a situación agora. Estamos pendentes, que eu saiba, da licenza do concello, sobre a que, se lles quere servir de pista o que di a alcaldesa de Redondela na web oficial, di, sobre esta autorización, sobre a posible licenza que ten que dar o concello para que a casa de apostas funcione: «Independentemente da opinión que se poida ter a título particular, o concello non ten máis ferramentas que aplicar a legalidade. Unha administración non pode impedir a apertura destes establecementos unha vez cumpridos todos os trámites.»

Isto supoño que será a antesala da alcaldesa de Redondela, do goberno municipal de Redondela, para dicir aos veciños que vai autorizar tamén e que vai haber licenza, porque ten que cumprir a legalidade. Exactamente o mesmo que a Xunta de Galicia, exactamente o mesmo que a Xunta de Galicia. Vostede isto supoño que o validará e dirá que a alcaldesa de Redondela está dicindo o que ten que dicir, pero, en cambio, a Xunta de Galicia, que está aplicando exactamente a mesma legalidade e o Regulamento do ano 2008 —que a vostede non lle gustou nada que o nomeara, pero que é así, estamos aplicándoo tamén—, e con ese regulamento na man resulta que tivemos que dar esa autorización, igual que supoño que o Concello de Redondela tería que dar a licenza municipal.

Agora ínstannos a que fagamos a revogación da autorización que demos. ¡Oia!, eu teño, como administración da Xunta de Galicia, que instar o Concello de Redondela a que diga se ten ou non ten que cumprir a legalidade, dando ou non dando a licenza se se cumpren os requisitos, non pasarlle a pelota a outra administración. Respectemos os veciños e veciñas, digamos a verdade. Se a normativa está como está, haberá que cumprila, e, se non, haberá que cambiala, que é o que estamos intentando facer.

¡Oia!, cando se modifique a lei, van aumentar as distancias. Espero que vostedes voten a favor desa lei. Espero que non impidan que alonxemos máis estas casas de apostas, que xa non se van abrir máis, dos centros educativos. Espero que alí non apliquen a demagogia que están aplicando agora.

Mire, ¿sabe cal é a diferenza entre a administración da Xunta de Galicia e o que vostede pretende que fagan outras administracións? É que os dous somos coherentes á hora de aplicarlas. O que pasa é que algúns son covardes e outros non o son.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Non se preocupe, que nós cumprimos coa legalidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.



Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre como afecta a modificación do Regulamento da Lei de costas ás empresas e equipamentos situados en dominio público marítimo-terrestre na comunidade galega**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Moreira Ferro.

**O señor MOREIRA FERRO:** Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, moi boas tardes.

Neste ano coñeceuse que o Goberno do Estado iniciou un procedemento por urxencia de modificación do Regulamento xeral de costas, relativa especialmente aos prazos de duración das prórrogas de ocupación do dominio público marítimo-terrestre. Este é un trámite que deixa en perigo e inseguridade xurídica moitísimas empresas e instalacións que se atopan na zona de dominio público marítimo-terrestre.

Esta decisión do Goberno central parece ter como obxectivo intentar amparar e xustificar decisións como a tomada nos últimos meses de allanarse nos procedementos abertos con relación á prórroga da empresa Ence. E así o ditan os feitos, posto que ese allanamento ao preito da prórroga de Ence se asinou o 6 de marzo, e días despois iniciouse a tramitación desta modificación do Regulamento xeral de costas.

Hai que dicir que esta decisión de allanamento é unha decisión reprobable tanto no fondo como nas formas. Nas formas, en primeiro lugar, porque se levou a cabo sen ter informado o presidente da Xunta de Galicia, que é o representante ordinario do Estado en Galicia, e faltando tamén ao respecto ao principio de lealdade institucional e ao principio de cooperación e de coordinación entre administracións. Foi maior este desprezo aínda cando se soubo que quen tiña coñecemento previo desta decisión de allanamento —non o tiña o presidente da Xunta de Galicia— era o portavoz do Partido Socialista en Pontevedra.

É tamén reprobable no fondo, posto que no ano 2015 a Avogacía do Estado emitiu informe favorable sobre esta prórroga. En 2018 chegou Pedro Sánchez á presidencia do Goberno e, nese mesmo ano, a Avogacía do Estado, seguindo instrucións obviamente do Goberno, modificou o seu criterio e, onde emitira un informe favorable, dixo que esa prórroga non se axustaba á lei. Todo isto apelando a un ditame do Consello do Estado terxiversado, posto que se acode a citar unicamente a parte na que o Consello de Estado fala das prórrogas de concesións posteriores á lei de 2013, pero sen caer na conta ou sen citar que cando fala das prórrogas a concesións anteriores si que establece que poden superar os setenta e cinco anos.

Esta decisión que, en principio, parece que pretendía prexudicar unha empresa, ao final está tendo máis damnificados, coa consecuencia de poder afectar industrias como a industria conserveira, unha industria que factura máis de dez mil cincocentos millóns de euros ao ano —máis que o presuposto anual da Xunta de Galicia—, e tamén equipamentos e centros educativos, centros de saúde, etc.



Polo tanto, ante esta situación de perigo, de inseguridade xurídica para as empresas que operan no dominio público marítimo-terrestre e para os postos de traballo que dependen delas —que é o que máis nos preocupa—, preguntámoslle, señora conselleira: ¿que alcance ten, que consecuencias pode ter e que contido pode ter esta modificación do Regulamento xeral de costas en canto ás empresas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Moreira.

**O señor MOREIRA FERRO:** Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Grazas, señor Moreira.

Quero agradecer que me realice vostede esta pregunta e, ademais, que sexa no día de hoxe, xa que levamos advertindo dende o mes de abril da enorme inseguridade xurídica e das nefastas consecuencias que para Galicia traerá a modificación do Regulamento da Lei de costas que foi impulsada polo señor Sánchez.

E digo que me alegro, ademais, de poder darlle resposta hoxe, porque foron varias as xuntanzas que realizamos a conselleira do Mar e eu mesma, e houbo colectivos e tamén houbo deputados que nos acusaban de que era unha parafernalia política e de que a utilizabamos sempre antes dunhas eleccións. Dende o mes de abril pasaron sete meses, houbo varias eleccións —¡xa case me perdo eu no número de eleccións!— e a situación segue sendo a mesma. E creo que agora mesmo temos unha oportunidade. ¡Temos todos unha oportunidade! Por un lado, a Xunta de Galicia, que está instando a que se dea marcha atrás na modificación deste regulamento. Pero agora que parece que vai haber un novo goberno, quero instar tamén os deputados que forman parte deses grupos políticos que van conformar un novo goberno a que se poñan a estudar este regulamento, a que senten coa xente do mar e, polo tanto, a que digan que non podemos seguir adiante con este regulamento; porque, en realidade, o que se pretende é modificar unha lei, e ademais facelo pola porta de atrás.

¿Quen se vai ver afectado? Pois vanse ver afectadas as instalacións do litoral costeiro, aquelas que están en dominio público marítimo-terrestre e todos os equipamentos públicos. E falamos de empresas pero tamén falamos de vivenda; falamos de oitenta concellos; falamos de máis de dous mil cincocentos quilómetros de costa, e falamos de máis de cinco mil instalacións. Pero xa me quero centrar nas máis de cen instalacións de mar-industria e, polo tanto, en moitos postos de traballo.

O cambio normativo que impulsou o PSOE, que impulsou o señor Sánchez dende o Goberno central, é prexudicial. É moi prexudicial para Galicia e, sobre todo, déixanos nunha situación



de inseguridade total; inseguridade xurídica para que non sigan avanzando no desenvolvemento da súa economía. Pero, é máis: Galicia vai retroceder.

¿En que cambia este regulamento en relación co que tiñamos anteriormente? Tiñamos unha lei clarísima. Temos unha lei clarísima. É unha lei do ano 2013, unha lei impulsada polo Partido Popular e unha lei que, ademais, o que fai é amparar a actividade económica e tamén o equilibrio. Señor Leiceaga, ¡por Deus!, vostede que sempre estuda ben as cousas, non diga que non, porque ao final, en vez de despedilo case con aplausos, non vaia ser que lle teñamos que poñer un bufido. É dicir, é unha lei clarísima do ano 2013, onde hai prórrogas para as concesións de setenta e cinco anos. Agora, de repente, o que se quere facer cun regulamento...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...é rebaixar esa prórroga restándolle o tempo que pasou dende que a concesión se outorgou.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para a réplica ten a palabra o señor Moreira Ferro.

*(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

**O señor MOREIRA FERRO:** Grazas, señor presidente.

Grazas, señora conselleira.

Creo que, se o perigo que había para todos estes postos de traballo antes das últimas eleccións era patente, está claro que este perigo vai ser superior a partir de agora. Sabemos que Pedro Sánchez fixo todo o posible para que a Galicia lle fose mal. E sabemos que Sánchez e as Mareas de Podemos ou Podemos-En Marea seguirán facendo todo o posible para que a Galicia lle siga indo mal desde o Goberno do Estado. Afortunadamente, aquí temos un goberno estable que traballa polas empresas, que traballa polas industrias, que se preocupa polos traballadores ante esta situación de orfandade por parte do Goberno do Estado.

En relación co allanamento de Ence —e isto pode trasladarse a máis empresas como as conserveiras—, está claro que é inadmisibile que o Estado baixe os brazos nun conflito, nun litixio xudicial, renunciando a defender un procedemento administrativo que o propio Goberno do Estado, a Administración xeral do Estado, levou a cabo; un informe que fixo favorable e do que agora se desdía. Isto está poñendo en perigo cinco mil postos de traballo —traballo directo ou indirecto— soamente desta empresa, cun profundo impacto



socioeconómico para a bisbarra de Pontevedra e para toda Galicia. Pon en risco tamén os ingresos de máis de oitenta mil familias, que venden a súa madeira en Galicia e que ingresan anualmente 300 millóns de euros por esa venda. E, polo tanto, é inadmisibile esta postura por parte do Goberno do Estado.

Se me permite, señora conselleira, o que xa parece un sarcasmo é que cando un analiza a ficha do resumo executivo da modificación do Regulamento de costas, no apartado de «*Efectos sobre la economía general*», resulta un sarcasmo que o Goberno do Estado diga que «*se prevé que los efectos sobre la economía en general serán positivos*». Creo que isto é inadmisibile; e polo tanto, grazas, señora conselleira.

Confiamos no Goberno da Xunta de Galicia. Todas as industrias que están nesta situación confían no Goberno da Xunta de Galicia, porque se tivesen que confiar no Goberno do Estado...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Moreira.

**O señor MOREIRA FERRO:** ...irían apañadas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para a réplica do Goberno ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

Quero saudar as persoas que no día de hoxe están na tribuna.

Quérolle dicir, señor Leiceaga, que se vostede vai para Madrid, se vostede vai ser senador, o mínimo que debe de facer é amparar e apoiar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Diríxome a vostede porque estame dicindo que «non» coa cabeza. ¿Quéreme dicir que non hai un... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¿Hai unha modificación do regulamento, si ou non? Pois si, hai unha modificación do regulamento que se quixo impulsar. Ademais, o único que se fixo con nocturnidade e tamén con aleivosía foi expoñelo na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

A partir de aí tivemos dez días para facer as alegacións; o sector nin sequera se enterou e non puido facer esas alegacións. Pero imos continuar nesta loita. E esta loita é que ao final nos tiveron que recoñecer que, de novo, se ten que volver expoñer publicamente para que o resto dos colectivos o poidan ver e, polo tanto, facer as alegacións pertinentes.

De seguir nesta tesitura e de querer continuar coa modificación do regulamento, nós o que faremos será personarnos no seu momento no Consello de Estado. ¿Por que? Porque están afectadas industrias, están afectadas vivendas; pero o que tamén está afectado son os períodos máximos de concesión dos parques de cultivos. Pois só na zona de Carril hai identi-





ficados mil seiscientos parques de cultivos e de bateas. Ao final, son tres mil cincocentas explotacións. Polo tanto, non podemos quedar cos brazos cruzados.

A Xunta de Galicia está facendo o seu traballo. Pero estou facendo dende o mes de abril e, ademais, estou facendo dende o campo técnico e dende o ámbito xurídico, porque hai unha grande inseguridade xurídica e porque a realidade xa está aí e esa realidade é patente. Temos exemplos claros de interpretación do novo regulamento sen estar ese regulamento aprobado, como é o caso da piscifactoría Tres Mares en Lires, onde despois de pedir ampliación desa concesión o resultado foi ben pobre.

Polo tanto, a Xunta de Galicia continuará como fixo dende o mes de abril e seguirá dando a información pertinente de maneira clara, como debería de facer o Estado e non o fixo. Porque, ademais —¿saben unha cousa?—, non se estudou absolutamente nada, non quixeron dar marcha atrás, e isto simplemente é un parche para tapar o allanamento de Ence. Porque saben que meteron a pata e, en vez de centrarse só en Ence, levan por diante toda a costa galega; é dicir, levan por diante os bateiros, a industria e os servizos públicos. Son un total de cinco mil as instalacións que están afectadas.

Polo tanto, señor Moreira, continuaremos.

A conselleira do Mar e a conselleira de Medio Ambiente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...e, polo tanto, a Xunta de Galicia seguiremos loitando pola xustiza no caso de...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2013 para o remate da actuación denominada ronda leste de Lugo, treito II: LU-530 - N-VI, prevista no Programa de vías de altas prestacións.**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira.



Señora conselleira de Medio Ambiente, perdoe que me dirixa a vostede antes de abandonar o hemiciclo. Para o señor Leiceaga todo foron alabanzas. ¡Que pena o seu comentario sobre o bufido! ¡Que pena! (*Aplausos.*)

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade: no ano 2020 vai haber eleccións autonómicas. Eu non vou vaticinar ningún tipo de resultado electoral, non vaia ser que alguén se empece a alporizar innecesariamente. (*Murmurios.*) Soamente digo que esta Xunta de Galicia, porque será outra necesariamente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...vai ter a responsabilidade de xestionar todo o que se refire a infraestruturas e mobilidade; en concreto, o Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica 2009-2015, coñecido como Plan Move. É unha auténtica proba do fracaso deste plan que, rematando o ano 2019, estamos a falar de algo que tiña que estar rematado no ano 2015. Pero esa é a realidade.

Con respecto á planificación inicial, e xa en outubro de 2010, vostedes fixeron unha minora- ción de 621 millóns de euros sobre as previsións iniciais daqueles 4.265 millóns de euros que, ademais, pola vía dos feitos, pola vía dos orzamentos ano a ano, foron reducindo sen que por parte de ninguén se coñecese ningún tipo de planificación con respecto a esa redución.

Nese Plan Move figuraba un tramo da ronda leste de Lugo cunha lonxitude de tres quilóme- tros —2,9— e un orzamento de 8.600.000 euros, do que se situaba o remate temporal no ano 2013; é dicir, hai sete anos.

Todo o que sabe a cidadanía —non só de Lugo, senón da provincia— que empregará no seu momento esta infraestrutura é que, á falta de orzamentos, en decembro do ano 2018 —iso si, dous días antes do día dos santos inocentes—, o señor delegado da Xunta en Lugo man- tivo unha reunión con colectivos veciñais para presentar-lles o proxecto construtivo da se- gunda fase desa ronda leste, cun investimento, segundo o delegado da Xunta de Galicia, de 22 millóns de euros, aos que habería que engadir entre 2 ou 3 millóns, coma se isto fora unha cousa de *peccata minuta*, en expropiacións.

A realidade é que todo o que se fixo desde ese momento foi presentar ese panel, porque xa o propio delegado da Xunta dixo que para o ano 2019 non había un euro consignado nos or- zamentos da Xunta de Galicia para esta ronda leste. Agora, para o ano 2020, vostedes orzan 500.000 euros, cunha previsión ata o ano 2023; é dicir, que vai levar tres ou máis anos facer esta infraestrutura,

Señora conselleira, ¿que valoración fai vostede da realidade da ronda leste de Lugo neste tramo inicialmente previsto?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor Álvarez.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Pois, señoría, eu creo que, antes de contestar á cuestión concreta, si que é preciso e importantísimo poñer en contexto a situación e botar luz sobre os últimos anos en materia de infraestruturas e sobre a situación económica que vivimos, que parece que vostede quere obviar, pero que foi unha realidade porque tivemos moitísimas dificultades económicas na Xunta de Galicia, na Comunidade Autónoma. Tivemos que priorizar, concretar e preservar os investimentos en materia de sanidade, educación e política social, os máis urxentes para a Xunta de Galicia. Eu creo que compartirá comigo vostede que en crise económica hai que priorizar e investir nestes asuntos que son urxentes e prioritarios, que dende logo para a Xunta de Galicia si o son. E, para a conselleira de Infraestruturas, tamén lle garanto que así é.

En cambio, vostedes en bonanza económica deixan hipotecas, porque vostedes son especialistas en deixar a deber. E, claro, con bonanza económica e con vacas gordas, deixan hipotecas: 3.900 millóns de euros en hipotecas. Ese é o contexto no que nos situamos nos últimos anos: o de entrar na crise económica con ese «deixar a deber», no que son vostedes especialistas.

Tivemos que ter maior eficiencia en investimentos, ser eficientes, con realismo e con responsabilidade, facendo as obras como teñen que ser, viables, facendo o que podemos pagar; facéndoo por fases, vía orzamentaria —porque así é como se fan as obras, señoría, facendo, como se di na vida mesma, dunha peseta un duro—. Vostedes non saben, porque deixan a deber. Tivemos que facer, nestes anos moi complicados, dunha peseta un duro. Foron 210 quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxes en plena crise económica —un incremento dun 70 %—. Vostedes isto non saben o que é. Pero, dende logo, leccións, as xustas en materia de infraestruturas en anos de crise económica.

En infraestruturas en Lugo creo que é evidente a vontade da Xunta de Galicia con Lugo e coas infraestruturas, e tamén en crise económica. Aí está o feito de completar a autovía con Vilalba, Ferrol-Vilalba; Celeiro-San Cibrao; o corredor Sarria-Monforte —135 millóns de euros—, no que estamos traballando para desdobrar.

Cando as circunstancias o permiten economicamente, volvemos situar en primeira liña da axenda política a ronda leste, como a situamos, que ben sabe vostede que hai unha partida orzamentaria específica para a ronda leste do concello de Lugo —2,8 millóns de euros para conectar a LU-530 coa nacional VI, pechar esa circunvalación, con 22 millóns de euros, si, porque é unha infraestrutura complexa que ten estruturas, e que ten unha partida específica con 300.000 euros—, porque hai vontade, os orzamentos son reflexo da vontade política do Goberno.

Mire nos orzamentos do Estado —eses ruinosos de Pedro Sánchez— a vontade política de Pedro Sánchez con Galicia (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Pero con nós, si, a vontade política con



Lugo está nos orzamentos do ano 2020; porque teremos orzamentos, cousa que outros non poden dicir.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, e da ronda leste ¿que? (*Risos.*) (*Aplausos.*) ¡Claro! É que me parece moi ben que vostede utilice a miña pregunta para falar do Goberno do Estado, para falar de que os socialistas somos especialistas en deixar a deber. Vostedes son especialistas en deixar sen facer, en deixar sen facer. Si, porque a realidade é que a ver se vostede encontra alguén en Lugo que estea medianamente convencido de que a aposta decidida da Xunta de Galicia pola cidade ou pola provincia ten algo no que contrastarse máis alá, xa que está o señor Conde —boa tarde, señor conselleiro—, do polo de Rozas, que evidentemente si que está alí.

Pero, mire, señora conselleira, di vostede que a Xunta de Galicia ten moita vontade. Ben, moita vontade será certa, pero o que si é certo é que o que teñen é unha capacidade impresionante de facer propaganda sen feitos detrás. Porque se despois de que unha infraestrutura que estaba previsto rematar no ano 2013 vén o delegado da Xunta a finais do ano 2018 a anunciar que vai estar concluída, no mellor dos casos, no ano 2023 —con eses orzamentos para a ronda leste de Lugo aos que vostede fixo referencia, que eu diría que son «orzamentos Guadiana» porque igual están que non están, *y lo mismo que antes si, ahora no*, era o que lles pasaba a estes orzamentos, e a ronda leste aparecía e desaparecía, e agora reaparece de repente—, o único do que vostedes poden falar coa cidadanía da Lugo, o único que a cidadanía de Lugo puido contrastar, é de que o señor delegado da Xunta de Galicia fixo esta foto —que aporto como documento gráfico número 1— (*O señor Álvarez Martínez amosa unha foto.*), cun colectivo de dirixentes veciñais diante do edificio da Xunta en Lugo, na que presentan un panel. Uns minutos despois —apórtooo como documento gráfico número 2— (*O señor Álvarez Martínez amosa unha segunda foto.*), todos, co panel incluído, están na sala de reunións da Xunta de Galicia. E isto é o único que se fixo. E isto ¿por que? Porque había, evidentemente, eleccións municipais no ano 2019. (*Murmurios.*) E esa é a única realidade.

Señora conselleira, ¿pode comprometerse vostede coa cidadanía e coa provincia de Lugo a que vai estar rematada esta infraestrutura nos prazos previstos? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Álvarez.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas.



Comprometida con Lugo sempre, señoría, por suposto que si. Sabe o meu parentesco con Lugo.

En calquera caso, os feitos por diante. Aí está o que fan os gobernos socialistas en Lugo e en Madrid. A historia está aí, non a invento eu. Hai 10 millóns de euros da Xunta de Galicia investidos no Plan Paradai e non podemos seguir, que nos bloquea o Concello de Lugo. Na serra de Meira hai un proxecto entregado, e anos e anos esperando polo Concello de Lugo. Da serra de Meira, ¿que? Si, no Plan Paradai, no que o Concello de Lugo non é capaz de adaptar o PXOM aos requisitos da Confederación (*Aplausos.*)

Eu agardo que lle exixan ao Concello de Lugo que non nos bloquee a ronda leste que temos a vontade de impulsar, e na que estamos traballando para impulsar. En canto teñamos orzamentos, non se preocupe. Debería de preocuparse máis por outras cousas que pola Xunta de Galicia e o seu compromiso con Lugo. En canto abramos os orzamentos, que teremos, por suposto que licitaremos a actualización dese proxecto da ronda leste de Lugo. Porque temos partida orzamentaria, temos vontade e temos orzamentos que teremos aprobados, porque está na axenda política. E aí, como volvo dicir, os orzamentos mostran a vontade de cada goberno, así como traballando e impulsando as actuacións.

Xa vimos cales son as vontades doutros gobernos, como é o Goberno de España do Partido Socialista, con esa ruína de orzamentos tamén con Lugo — non só con Galicia, tamén con Lugo—. Exemplos incuestionables: eu creo que non se entende que se antepoña por diante o partido en Lugo antes que, por exemplo, a estación intermodal, o convenio coa estación intermodal. E, polo tanto, da estación intermodal ¿que? Do páking da estación intermodal ¿que? De que Adif non financie o páking da estación intermodal, ¿que? —como di vostede—. Da ronda leste xa sabe que imos licitar a principios do ano que vén. Retrasos: no enlace orbital en Santiago, na intermodal da Coruña; bloqueo, bloqueo e bloqueo... A construción da conexión do porto seco coa nacional 120 xa vimos que nola bloquea Adif.

Polo tanto, ¿que lle vou contar a vostede de que me saque aquí fotos do delegado? Vexo que son fans do delegado da Xunta de Galicia en Lugo. (*Murmurios.*) Pero bloquean o Plan Paradai, o Partido Socialista bloquea o plan Paradai, o Partido Socialista bloquea as estacións intermodais en Galicia, o Partido Socialista bloquea a vía Ártabra, e, indo contra vostedes mesmos, bloquean tamén a autovía a Lugo. Bloquéanse a si mesmos entre os ministerios.

Polo tanto, son especialistas en bloquear; nós en facer, con orzamentos e con feitos. Vostedes son especialistas en bloquear as infraestruturas. Piden, piden, pero logo queren bloquealas. Polo tanto, ao Concello de Lugo, por favor, pídanlle que non nos bloquee a ronda leste.

Falamos con feitos, con orzamentos, con 47,5 millóns de euros nos orzamentos do ano 2020, isto si que é compromiso e traballar por Lugo: conversión da autovía Lugo-Sarria, centro integral de saúde, co barrio da Residencia grazas á Xunta de Galicia, estación intermodal, estradas... Esa é a diferenza: vostedes deixan a deber, pufos e bloqueos; nós, orzamentos e feitos.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a reclamación por parte da Xunta de Galicia a Naturgy do mantemento dos postos de traballo do servizo de atención ao cliente situado no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello ourensán de San Cibrao das Viñas**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, como ben sabe vostede, a partir deste venres aquelas persoas que chamen ao servizo de atención ao cliente de Naturgy non serán atendidas, ao outro lado do teléfono non haberá alguén en Galicia e que fale en galego, senón que, en lugar de estar nestas plataformas da Coruña e de Ourense, se responderá dende Reus e dende Colombia —onde nas dúas, conxuntamente, soamente haberá dúas persoas que falen a nosa lingua—.

A empresa ten recoñecido en numerosas ocasións a calidade do traballo que prestan estas persoas, incluso a propia responsabilidade do comité de empresa de Unitono, que sufriu un durísimo ERTE no ano 2013; un ERTE que se solucionou antes do previsto grazas ao seu esforzo e ao seu traballo. Eu hoxe quero tamén recoñecerllo aquí e darlles a benvida a esta tribuna de convidados.

Aceptaron ese ERTE, e incluso permisos non retribuídos durante o verán. A resposta da empresa estes meses foi unha actitude escurantista, maliciosa e unha decisión de deslocalización que pon en risco 130 postos de traballo. Pretende aforrar custos a costa de reducir a calidade do servizo, e mesmo de vulnerar os dereitos dos consumidores buscando ampararse nunha lexislación de fóra da Unión Europea que incumpra determinadas normas en relación coa protección de datos.

Compartimos dende o PSdeG a visión do comité de empresa de que nesta deslocalización, nesta situación, hai tres claros responsables, hai, señor conselleiro, tres claros culpables. En primeiro lugar, Naturgy, unha empresa que hai que lembrar que o ano pasado tivo uns beneficios de máis de 1.200 millóns de euros, que explota os nosos recursos naturais pero que, sen embargo, racanea para aforrar en custos de persoal e en dereitos laborais. Unitono, que tivo unha nefasta estratexia empresarial, incapaz de captar novos clientes. E, por suposto, vostedes, o goberno do señor Feijóo e vostede como responsable de Industria.

Mire, nós avisamos desta situación no mes de abril. Trouxemos unha pregunta aquí para interesarnos por este tema. O comité de empresa leva alertando durante meses desta situación sen que vostedes fagan nada. A súa indiferenza, señor conselleiro, é unha forma máis de preguiza deste goberno, do seu esgotamento.



A perda destes 130 postos de traballo sería un duro pau para unha provincia e para unha comarca —a de Ourense— que ten unha situación socioeconómica que pon os pelos de punta. Dende o ano 1980 perdemos 120.000 habitantes, e os 32 concellos con menor ratio de cotizantes-pensionistas de Galicia son de Ourense, que ten a taxa de actividade máis baixa de toda España.

O seu goberno ¿que ten previsto facer, señor conselleiro?

E nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Blanco, eu o único que lle pediría é un pouco de prudencia, e seguramente colaborar co Goberno ante situacións de dificultade e non intentar xa ser xuíz e, polo tanto, simplemente vir a esta Cámara a identificar culpables. Seguramente debería ter máis información, ser máis prudente nas súas expresións, e seguro que, cun cambio de actitude pola súa banda, tanto os traballadores como as traballadoras de Unitono —hoxe GSS como ben sabe— poderían ter algún tipo de expectativas e de realidades distintas. Seguramente, se vostede cambiara de actitude, pois poderíamos avanzar en moitos eidos.

Ante a situación de Unitono sabe perfectamente que dende o primeiro momento a Xunta de Galicia reaccionou e estivo en contacto con todas as partes; por suposto co comité de empresa, por suposto coa propia empresa Unitono, por suposto que tamén con Naturgy. E identificáronse todas as alternativas posibles.

Como sabe, hai unha nova empresa, GSS, que comprou Unitono e que está trasladando a súa predisposición para permanecer en Ourense e polo tanto a súa predisposición para manter os postos de traballo. En calquera caso, nós seguiremos traballando e seguiremos identificando esas oportunidades e todos os medios para abordar o futuro, tanto de GSS, nestes momentos, como o futuro do sector do telemárketing. Porque hai un compromiso por parte da Xunta de Galicia en mellorar a situación do sector, e nese sentido tamén seguiremos traballando.

Somos conscientes de que hai que favorecer a súa diversificación, a súa formación, e tamén traballar no eido da prevención de riscos, na responsabilidade social; en definitiva, unha situación na cal o Goberno está implicado. Estamos abordando o estudo ao que nos comprometemos neste Parlamento sobre a situación e perspectivas para garantir a viabilidade do emprego. Pero eu o que lles pediría nesta Cámara é que non xoguen cos traballadores e coas traballadoras de San Cibrao simplemente intentando atribuír á Xunta de Galicia a facultade —señora Blanco, creo que debería de escoitar isto de forma moi concreta— de autorizar ou de rescindir expedientes, contratos e axudas. Espero que vostede non pretenda trasladar esa



facultade á Xunta de Galicia porque sabe que non a ten. Si lle dicía que podía colaborar precisamente para regular mellor a protección de datos da cidadanía, que sabe que son unha competencia estatal e que non é unha competencia da Xunta de Galicia.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** E, polo tanto, seguramente que, se tiveramos axuda e colaboración, nos iría a todos en Galicia moito mellor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para a réplica ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, eu non son xuíz pero vostede si que é parte. Está claro que toma parte por Naturgy coa súa resposta, está clarísimo. A súa única estratexia dende o mes de abril, de abril a novembro —hai algunha concelleira de San Cibrao que está máis preocupada do que lle di o conselleiro que dos postos de traballo da súa comarca e do seu concello, así que lle pediría, rogaríalle que me deixe rematar—, é estar a velas vir. Señor conselleiro, a responsabilidade en materia de industria, de momento, a pesar do votado nas últimas eleccións nesta comunidade autónoma, é do seu Goberno. E ten que empezar dunha vez por todas a exixir a Naturgy que free esa deslocalización de empregos que está facendo non soamente en Ourense senón, a través de Teleperformance, tamén na cidade da Coruña.

Isto non é, polo tanto, un feito illado. Se quere dar exemplo, en vez de vir aquí co de «concellos vendo que para min non teño», comece vostedes a fomentar licitacións onde se garante a protección de datos, a calidade e a proximidade do servizo a un entorno económico para a nosa comunidade autónoma. Iso é o que vostede pode facer, porque xa vexo que temos un Goberno que está absolutamente esgotado e que non ten ningún tipo de ideas, e que, cando lle preguntamos por unha situación gravísima e pola perda de 130 postos de traballo, o único que fai é mirar para outro lado, señor conselleiro. Así que, por favor, póñanse a traballar, porque de seguir así, efectivamente, o polígono de San Cibrao e o parque tecnolóxico —que vostedes empregan tamén para facer moitos anuncios—, de seguir desta maneira, para o único que vai servir vai ser para aparcadoiro, como párking, e para facer prácticas de coche, señor conselleiro. Porque a nosa provincia e a nosa cidade están quedando absolutamente desertas de actividade, e díxeno na miña primeira intervención.

Exixa, polo tanto, a Naturgy que a atención se lles dea aos consumidores galegos con calidade, na nosa lingua; e, por suposto, o mantemento deses postos de traballo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señora Blanco.





Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Blanco, espero que vostede estea a favor da ampliación do polígono de San Cibrao, porque parece que na súa intervención non está moi convencida, nin parece que queira apoiar ese tipo de actuacións por parte do Goberno.

Mire, este Goberno está dende o primeiro momento traballando e apoiando as traballadoras de GSS, dende o primeiro momento. Sábeo o comité de empresa, sábeno as propias traballadoras. Estamos tamén traballando e favorecendo o desenvolvemento do sector do telemárketing; e, polo tanto, nós estaremos en todo momento sobre unha situación de enorme dificultade, é certo. Pero eu o que lle pido son dúas cousas moi sinxelas derivadas da súa intervención. En primeiro lugar, eu o que lle pediría é que non atribúa á Administración galega decisións que non lle corresponden, porque loxicamente cada unha das administracións temos as nosas competencias. Pero, mire, en materia de normativa laboral, de normativa de protección de datos e de normativa de competencia de mercado, as competencias son do Estado. En todos eses eidos, aos cales vostede fixo mención na súa intervención, as competencias son do Estado e, polo tanto, pediríalle que non lle atribúa á Xunta de Galicia a capacidade para poder regular dende o punto de vista laboral, de protección de datos e de competencia de mercado no eido do telemárketing. Segundo, pediríalle que non lle exixa á Administración galega que non cumpra coa legalidade. Sería bo, sería bo que vostede á Xunta de Galicia lle pedira precisamente iso, que non cumpra a legalidade. Polo tanto, sabe que, primeiro, non podemos ignorar os dereitos das empresas; e, en segundo lugar, sabe que non podemos mesturar —señora Blanco— nin actuar á marxe das normas que hai establecidas. Salvo que vostede entenda que a Xunta de Galicia non debe de cumprir a normativa.

O que si lle podo dicir é que a Xunta de Galicia lle ten trasladado a Naturgy a súa desconfianza coa actuación que está levando neste asunto. E nós o que esperamos loxicamente dunha empresa como Naturgy é que non dilúa a súa galeguidade, que sempre tivo cando era Unión Fenosa, e así llo temos trasladado. A partir de aí o que lle pido é que non lle traslade á Administración que actúe incumprindo ningún tipo de normativa e mesturando, polo tanto, asuntos que non lle corresponden, porque iso, señora Blanco, está tipificado no Código penal.

En calquera caso, nós seguiremos traballando —insisto— ao lado das traballadoras de GSS e traballando por un futuro para estas profesionais, non só desta empresa senón do conxunto do sector en Galicia, que loxicamente estamos impulsando e que seguiremos apoiando.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, conselleiro.

Continuamos coa orde do día.



**Pregunta de D. Moisés Rodríguez Pérez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para acompañar o sector galego da automoción na consolidación do seu crecemento dos últimos anos e dar resposta ao futuro escenario**

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rodríguez Pérez.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Boas tardes, señor conselleiro.

Señor Conde, este asunto polo que este grupo parlamentario vai preguntar é un tema de grande interese para a nosa comunidade autónoma, e é moi importante, de vital importancia, para milleiros de familias que dependen dun sector tan importante como é o da automoción en Galicia.

A pregunta, por tanto, é urxente e actual, e por iso este grupo parlamentario quere coñecer de primeira man a posición da Xunta de Galicia ante o histórico acordo de fusión entre PSA e Fiat Chrysler para formar o cuarto grupo automobilístico mundial. Información que coñecemos recentemente e decisión que pode supoñer novas oportunidades para a factoría de Balaídos e, por extensión, para todo o conxunto da industria auxiliar galega, en tanto que somos referente internacional de competitividade grazas á súa aposta pola innovación, á fábrica intelixente e á formación constante dos cadros de persoal.

Falando da fábrica de Balaídos, os anuncios feitos dende o Goberno central —eternamente en funcións— presentan diferentes cambios de opinión: pola mañá si, pola tarde non e pola noite depende. E os membros da oposición en Galicia son cómplices desta situación. Hai manifestacións, como as da señora ministra dona Teresa Ribera, de que o diésel ten os días contados, despois dise que ata o ano 2040, despois, en xuño, que se retomará con maior dilixencia a subida do diésel, e despois —para rematala— o mesmo presidente en funcións dicindo que o vai prohibir en 2040. Parece un chiste pero non o é. Iso chámase xerar desconfianza.

Os socialistas e os seus socios son expertos en xerar inestabilidade, con medidas como o «dieselazo», o retraso na aplicación da axenda industrial galega, anunciado polo Ministerio de Industria, e o aprazamento do investimento previsto para a nova subestación de Vigo que daría servizo a PSA. ¡Incríble, señorías!

Pero grazas á estabilidade de Galicia, a industria galega da automoción é un referente; grazas ao traballo compartido do grupo PSA, dos traballadores do clúster, do Centro Tecnolóxico e da Xunta de Galicia. O mellor exemplo, señorías, son os dous novos modelos K9 e V20, que garanten carga de traballo para Vigo e toda a súa contorna durante a próxima década —grazas aos gobernos serios como o da Xunta de Galicia e á súa aposta permanente por este sector—. Son 22.300 empregos directos, que representan o 13 % do PIB.



Por todo isto queríamos saber o que está a facer a Xunta de Galicia para acompañar o sector da automoción galega na consolidación do seu crecemento dos últimos anos, e para dar resposta a este escenario de futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Para responder, ten a palabra o conselleiro de Economía, o señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rodríguez, efectivamente, a Administración galega está comprometida co desenvolvemento dun sector estratéxico en Galicia, como é o sector da automoción, coa presenza de PSA e, sobre todo, tamén coa presenza de máis de 130 empresas que compoñen un tecido industrial innovador, competitivo e que nos permiten hoxe en día en Galicia fabricar un de cada seis vehículos de España. É o 13 % do emprego industrial, o 13 % do noso produto interior bruto, unha facturación de 8.650 millóns de euros; en definitiva, un sector que nestes momentos está xerando máis de 22.000 empregos e que constitúe unha das referencias dende o punto de vista industrial.

E nese contexto prodúcese a operación entre PSA e Fiat, que pode converter o grupo no cuarto fabricante mundial. Polo tanto, como unha operación destas características está chea de oportunidades pero tamén de riscos, hai unha corresponsabilidade, por parte da Administración, por parte de PSA e por parte tamén do sector, para desenvolver todas as iniciativas que permitan aproveitar as oportunidades e minimizar os riscos. E para iso necesariamente o que temos que facer é abordar con urxencia todas as necesidades que ten nestes momentos o sector da automoción, non só apoiando os investimentos no eido da fábrica intelixente, a través das unidades mixtas de investigación, e desenvolvendo e apoiando o programa de formación para o sector —que está beneficiando a máis de 4.000 desempregados e traballadores, cun investimento de preto de 9 millóns de euros—, desenvolvendo tamén esa aceleradora de proxectos emprendedores, a Business Factory Auto, que está permitindo complementar a cadea de valor arredor da automoción galega, senón que —como vostede ben dicía— tamén que hai que abordar outras necesidades importantes para minimizar eses riscos. E aí encontrámonos coa urxencia de construír esa nova subestación para atender a demanda eléctrica de PSA e conectar Vigo á rede de 220 quilovoltios.

É un compromiso do Goberno que se está incumprindo, ao que lamentablemente non se lle está dando respostas. Estanse xerando expectativas por parte do Partido Socialista aquí en Galicia, pero a realidade é que, nin o Goberno nin o Partido Socialista de Galicia, son capaces de dar resposta a ese compromiso asumido polo Goberno de Mariano Rajoy para poder construír esa nova estación. É un investimento que permitiría non só aforrar 1 millón de euros no custo da electricidade na factoría de Balaídos, senón que tamén suporía unha maior calidade na subministración eléctrica para todo Vigo. Polo tanto, é unha infraestrutura necesaria e que, dalgunha forma, entre todos debemos de impulsar.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Rodríguez Pérez.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Grazas, conselleiro.

A esperanza é o último que se perde, pero a situación política de España a curto prazo non ten pinta de mellorar. Se antes estabamos preocupados, agora máis cos pactos coa ultraesquerda. ¡Medo dá agora a casta!

Por desgraza, hai incumprimento dos investimentos importantes para a industria galega, serios incumprimentos dunha axenda industrial, o serio incumprimento da nova subestación de Balaídos, sen prazos; en fin, múltiples incumprimentos do Goberno central con Galicia, coas empresas galegas e, en definitiva, con todos nós.

Despois do que levamos escoitado con este tema, en debates, PNL, comisións, plenos..., está clara unha cousa: hai grupos que poñen Galicia por riba de todo, outros poñen o partido antes que Galicia. Os socialistas poñen primeiro o partido.

Todos somos conscientes da importancia para Galicia do sector da automoción. No programa electoral co que o Partido Popular gañou as eleccións estaba claro e definido o compromiso de adaptar a formación ás necesidades do mercado laboral e ás exixencias dos sectores emerxentes e da industria 4.0. Este sector, ademais, ten un carácter estratéxico para o conxunto da sociedade galega. Xa emprega máis de 22.300 persoas. E estamos ante unha industria moi internacionalizada, competitiva, na que todos os países están investindo moito diñeiro en tecnoloxía, en innovación e, sobre todo, en formación dos seus traballadores.

Grazas, señor conselleiro, por facilitar os datos con tanta claridade. Galicia ten emprego estable, emprego de calidade. En Galicia temos unha política clara e decidida. Galicia é unha terra de oportunidades, e o sector da automoción, señorías, ten futuro, con ilusión e esperanza. Grazas ao apoio da Xunta de Galicia podemos ollar con optimismo o futuro do sector da automoción.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.



Señor Rodríguez, efectivamente, temos que seguir traballando no sector da automoción, temos un momento importante dentro do ciclo no que está nestes momentos a fábrica de PSA, co desenvolvemento de dous novos modelos —a furgoneta de PSA, tamén o novo modelo 2008, e o propio proxecto da construción da furgoneta para Toyota—; en definitiva, unha realidade que está permitindo que o sector da automoción galego estea na vangarda dende o punto de vista da produción e dende o punto de vista de desenvolvemento da fábrica intelixente.

Pero ese futuro hoxe resúmese en catro palabras: temos que seguir impulsando o coche compartido, o coche conectado, o coche autónomo e o coche eléctrico. Son catro vectores que exixen necesariamente que sigamos impulsando a formación no sector, que sigamos impulsando a innovación dentro de PSA e tamén dentro das industrias de compoñentes, e, por suposto, unha Galicia máis verde, porque debemos de traballar tamén nesa mobilidade sostenible.

Por este motivo o vindeiro ano traballaremos e impulsaremos recursos específicos para seguir apoiando o polo da automoción en Vigo. En primeiro lugar, poremos o foco da atención nesa eficiencia enerxética e no cambio climático precisamente apoiando investimentos en I+D para desenvolver novas tecnoloxías relacionadas co vehículo cen por cento eléctrico, unha aposta clara do grupo PSA, que será apoiada por parte da Xunta de Galicia, que permitirá electrificar a furgoneta K9 e que nos situará de novo como un referente mundial, como xa somos, no vehículo autónomo; unha aposta decidida por levar a cabo unha transición enerxética xusta e ordenada en Galicia e, polo tanto, por apoiar o desenvolvemento do sector. Tamén dentro do polo da automoción seguiremos apoiando o programa de mobilidade eficiente e, polo tanto, favorecendo o desenvolvemento do sector impulsando a renovación dos vehículos en Galicia.

En definitiva, un compromiso co modelo produtivo, un compromiso no cal estamos traballando conxuntamente co Centro Tecnolóxico da Automoción, o CTAG, tamén co Clúster Galego da Automoción, con CEAGA, e, por suposto, co Grupo PSA e cos axentes públicos e privados que estean dispostos a apoiar o desenvolvemento deste sector, fomentar a innovación e, polo tanto, situarnos como un referente no ámbito tanto do coche autónomo como do coche eléctrico. Ese é o reto compartido que temos entre a Administración e o sector, e seguiremos, como dicía, impulsando este polo da automoción en Vigo, o polo da automoción en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Cristina Isabel Romero Fernández e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución turística en Galicia ao longo de 2019**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Romero Fernández.



**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Hai exactamente nove meses comparecía vostede no Pleno para dar conta do traballo que se está a facer en materia de turismo, unha actividade estratéxica non só para a nosa economía, senón tamén para a nosa sociedade, que ano tras ano está a proporcionar datos de récord histórico en todos os parámetros, aportando uns resultados positivos tanto na creación de riqueza, como na creación de emprego, como na creación de novas empresas que contribúen a incrementar a recadación fiscal. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Creo que non se me escoita. *(A señora Romero Fernández cambia o micrófono de posición para tratar de mellorar a audición da súa voz na sala.)* ¿Mellor así? *(Murmurios.)* Ben, mellor así.

Dicía que aporta resultados moi positivos o turismo en Galicia, que está contribuindo a crear máis riqueza, contribuindo a crear máis emprego e novas empresas que están a incrementar a recadación fiscal, que, en definitiva, é o sustento e o alimento do Estado do benestar.

O sector turístico está en expansión dende que o presidente Feijóo chegou ao Goberno, porque, dende os seus gobernos, o turismo pasou de ser unha actividade exclusivamente do verán —unha asignatura pendente de desenvolver en Galicia— a converterse nunha fonte de rendibilidade para Galicia durante todo o ano. Isto non é así por casualidade, señor conselleiro. Ao longo de todos estes anos véñse traballando con follas de ruta claras, plasmadas nas distintas estratexias de turismo, que deixan un balance moi positivo; difícil de imaxinar ao comezo da década, pois vimos dun período marcado pola ausencia de anos santos que tradicionalmente marcaban o ritmo da actividade turística en Galicia.

Na súa comparecencia do mes de marzo presentounos un balance da evolución turística do ano 2018, o segundo mellor ano turístico da nosa historia, que consolidaba as extraordinarias cifras do último lustro, tanto dende unha perspectiva cuantitativa —cada vez Galicia atrae a máis xente— como dende unha perspectiva cualitativa, as que ano tras ano converten Galicia nun destino máis competitivo, máis sustentable e de maior calidade.

Hoxe, señor conselleiro, pasado un ano dende que vostede asumiu as responsabilidades de turismo, rematada xa a tempada de verán e cos datos de setembro xa coñecidos, cómpre facer unha valoración non só desta tempada de verán xa rematada, senón do comportamento turístico da nosa comunidade ao longo de todo o ano e mesmo da comparativa do comportamento turístico co resto do Estado e coas outras comunidades autónomas. Por iso lle preguntamos e lle pedimos que viñera aquí facer unha valoración do balance da actividade turística neste ano. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Romero.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.



Boas tardes, señora Romero.

A verdade é que Galicia pode estar satisfeita da dinámica e da evolución turística do presente ano. Creo que este ano está deixando moi boas noticias e gustaríame destacar tres ámbitos. O primeiro é que, nos principais parámetros, tanto a nivel de cantidade como de calidade estamos debuxando unha senda positiva, unha senda de crecemento; en segundo lugar, tamén me gustaría destacar que unha das grandes liñas de acción e das estratexias que se plantexan no modelo turístico, a desestacionalización, estase logrando —aumenta a desestacionalización—; e tamén aumenta dun xeito progresivo a descentralización territorial da actividade turística polo conxunto da xeografía galega.

Estamos xa rematando o ano, temos xa datos oficiais dos primeiros nove meses do ano e a verdade é que os datos son moi positivos. Neste tempo, ata o día 1 de outubro, temos 4,1 millóns de viaxeiros, o que nos dá máis de 9 millóns de pernотas. Este último é o dato que supón a cifra máis elevada da serie histórica galega. Temos un crecemento comparativo co resto de España tremendamente superior. En Galicia medrou a demanda turística 6,5 puntos, mentres en España medrou só un 0,6 %. De seguir esta tendencia, de seguir esta dinámica, podemos dicir que a finais de ano superaremos os 5 millóns de turistas, ou estaremos arredor dos 5 millóns de turistas, que será a cifra máis alta xunto coa do ano 2017.

E se dicimos que a nivel cuantitativo as variables son positivas, máis aínda quixera plantexalas a nivel cualitativo. E creo que nos últimos meses tamén estamos nuns datos cualitativos tremendamente importantes. Crece a estadía media do viaxeiro, do turista. Temos a cifra de estadía media máis importante dos últimos sete anos. Melloran as tarifas hoteleiras, melloraron no ano 2019 as tarifas hoteleiras dous puntos porcentuais. Mellorou a rendibilidade dos negocios hoteleiros un 6 %, tendo o máximo a día de hoxe da presente década. Melloraron os ingresos dun modo moi substancial; de feito, medraron neste ano un 8,3 %. Están nunha facturación superior aos 250 millóns de euros. E estamos, en definitiva, señoría, ante datos moi positivos. No primeiro semestre deste ano, no que se refire á desestacionalización temos os mellores datos do conxunto de España, Galicia ten os mellores datos do conxunto de España. E tamén no verán chegamos aos mellores datos de facturación que tivo nunca Galicia na súa historia, por riba dos 100 millóns de euros só na actividade hoteleira.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** En definitiva, estamos ante unha dinámica tremendamente positiva que se fixa nos tres grandes eixos: descentralización, desestacionalización e sustentabilidade.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, rematou o seu tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para a réplica ten a palabra a señora Romero Fernández.

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Grazas, señor conselleiro, pola súa resposta.



Evidentemente, as cifras que ofrece o turismo en Galicia volven de novo ser extraordinarias, mírense por onde se miren. Dende un punto de vista cuantitativo, aí está o récord de acadar 9 millóns de pernoctas nun ano, o que nunca acadaramos, e xa están superadas á falta dun trimestre para rematar o ano; aí está o peso que gaña o turismo internacional, pois o 24 % dos turistas que se achegan a Galicia proceden de fóra de España, e todos sabemos que é un turismo que gasta máis cartos e está máis tempo. A demanda medra en todas as tipoloxías de aloxamento turístico, e no comportamento do turismo respecto do turismo no resto do Estado acaba de dicir vostede a gran diferenza que hai: nós medramos, e no resto do Estado, con zonas eminentemente moito máis turísticas, están estables.

Dende un punto de vista cualitativo, os turistas aumentan a súa estadía media en case un 1 %, acadando as estadías máis altas dos últimos sete anos. Estes turistas, á parte de estar máis tempo en Galicia, tamén están a gastar máis cartos, e nun contexto de suba de tarifas hoteleiras, o que nos leva ás mellores ratios e aos mellores niveis de rendibilidade da década. Se falamos xa de desestacionalización e diversificación de fluxos turísticos, xa ninguén o pode pór en dúbida, como moitas veces oímos en asuntos que se debaten nesta Cámara sobre que a desestacionalización é moi leve. Pois eu penso que hoxe se amosa que imos polo bo camiño nestas cuestións. Cada vez achéganse máis turistas a Galicia, e ao longo de todo o ano; cada vez gastan máis cartos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** ...e achéganse máis aos distintos territorios. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Romero.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Grazas, señor presidente.

Pois, señora Romero, concordo co que vostede plantexa. É dicir, estamos avanzando nos principais parámetros, tanto de calidade como de cantidade, en boas cifras, en bos datos, e baixo uns principios claros: o principio de desestacionalización, o que posibilita ter un emprego de máis calidade e con maior estabilidade laboral —estamos falando de arredor de 110.000 traballadores vencellados á actividade turística—; tamén desde o punto de vista da descentralización, xa que chega o impulso da actividade turística e os efectos positivos na actividade económica e no emprego ao conxunto do territorio, tendo en conta os grandes recursos que mantén Galicia no conxunto do seu territorio; e, por último, tamén dun xeito sustentable, é dicir, sen xerar riscos ou accións nocivas, que tamén é algo que se debe controlar.

Obviamente temos moi bos datos, temos moi bos resultados. E aquí ao final non hai nada froito da casualidade. Hai que dar as grazas ao conxunto do sector turístico, que é un sector moi diversificado, moi profesionalizado, cada vez máis formado e cada vez máis involucrado, pero tamén ás accións que se están a impulsar, nunha liña de cooperación estratéxica co





sector privado, por parte da Administración pública. Dende o primeiro momento quixemos apostar por desestacionalizar o turismo. De feito, a semana pasada presentamos un proxecto, que é o proxecto «Elixé Galicia», para fomentar o turismo interior dun xeito descentralizado no territorio e desestacionalizado no tempo, fóra dos meses centrais do verán, o que posibilita que os galegos coñezamos Galicia e fagamos turismo interior en Galicia, que é unha porcentaxe moi importante. Tamén quixemos desestacionalizalo impulsando un proxecto que presentamos esta semana, que é o proxecto vencellado ao turismo de congresos. Imos desenvolver en Galicia 200 accións de potenciación do turismo de congresos, de eventos universitarios, académicos, vencellados a empresas, etc., no ano 2020 e no ano 2021, unha política de impulso a estas accións que xeran un turismo dunha grandísima calidade e dun enorme gasto. Fálase dunha media de arredor de 250 euros ao día.

E estamos apostando pola descentralización, e quizais o mellor exemplo é a dinámica que está experimentando o Camiño de Santiago. O Camiño de Santiago está medrando dun xeito exponencial nas vésperas do ano santo. Estamos xa, fíxese vostede, en 336.000 peregrinos —a día de hoxe— que obteñen a «Compostela», E é un número tremendamente superior o total de peregrinos que o destes que reciben a «Compostela» Estamos a falar de 336.000 cando o ano pasado rematamos con trescentos vinte e pouco mil. É dicir, cada ano estamos indo a máis. E estámolo facendo descentralizando no conxunto das rutas, cun carácter cada vez máis internacional. Ao redor do 60 % dos peregrinos son estranxeiros e chegan fóra de estación, e iso posibilita xerar unha dinámica moi positiva. E estamos traballando para mellorar as rutas, tanto a nivel de infraestruturas como de equipamentos, como de servizos e de promoción, e todo iso tradúcese nunha acción cooperativa entre o sector privado...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...e tamén a Administración. E ao final, como soe suceder...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...o mellor indicador son os datos, son os resultados, e afortunadamente Galicia pode presumir de ter uns bos datos na dinámica turística.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as previsións do Goberno galego referidas á garantía da xestión pública do futuro centro de atención ás persoas con diversidade funcional de Ourense**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Cuña Bóveda.



**A señora CUÑA BÓVEDA:** Boa tarde, señora conselleira.

Outra vez vimos aquí para falar do CAPD de Ourense. Esta demanda ten tres nivel: un nivel social, un nivel político e un nivel xurídico.

A nivel xurídico temos un marco, un marco moi claro, moi ben establecido, un marco de inclusión. A Convención da ONU para as persoas con discapacidade, asinado no 2008 polo Estado español, tamén implica e é de obrigado cumprimento ás comunidades autónomas.

A nivel político e social falemos de compromisos. Ano 2016, 19 de setembro, data importante. En plena campaña das eleccións autonómicas catro mulleres, catro deputadas que estamos aquí, polo Partido Socialista, polo Partido do Bloque Nacionalista e eu mesma e polo Partido Popular, a señora Cristina Romero Fernández, asinamos un compromiso que explicitaba — non era un compromiso tácito, sinatura— que o centro de atención de persoas con diversidade funcional de Ourense tería unha xestión pública e unha asistencia de traballadores tamén empregados públicos. ¿Que era isto: un compromiso real ou unha mentira electoral do PP?

O seu predecesor no cargo, o señor que acaba de chegar, Rey Varela, tivo varias reunións coa xente do CAPD. A primeira reunión foi infrutuosa, na segunda adquiriu un compromiso coas familias da plataforma dicindo que, efectivamente, este centro sería de xestión pública. ¿Compromiso real ou mentira?

A plataforma, mentres, fixo varias accións, accións unha mesmo histórica, unha manifestación que ateigou a praza maior de Ourense, na que asistimos case todas; tamén había xente do PP. Recolleron máis de cincuenta mil sinaturas de apoio á creación dun centro en igualdade de condicións que o resto das provincias galegas. No 2018 a Xunta e o Goberno local anunciaron que estaría aberto no 2020. Mentiras ou compromisos falaces. En xullo de 2019 vostede mesma pediu desculpas pola demora, desculpas que foron aceptadas, pero tamén asegurou —terceiro compromiso— o servizo da mellor calidade. Supoñemos que se refería ao servizo público, xa que sabemos que o privado merma a calidade.

O señor Rueda tamén dixo o 19 de setembro —tres anos, cumpreanos feliz e soprando velas— que xa autorizou o contrato de contratación. Pero nada dixo de se a xestión sería pública.

E hai cinco días o señor presidente foi a un mitin na finca Sevilla Expourense, alí estaban as familias, os nenos e as nenas, o señor presidente díxolles sen mirar para...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...os nenos diversos: primeiro construiremos, despois falaremos, cunha ausencia de compromiso...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...unha indignidade absoluta. Contéstenos á pregunta.



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. Ten vostede outro turno.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ¿Vai ser de xestión pública? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Moitas grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señora Cuña, eu agradézolle o seu interese pola atención ás persoas con discapacidade e o interese pola posta en marcha deste centro que permitiría prestar coidados e axudar 110 familias ourensás, a través da creación de 80 prazas residenciais e de 30 prazas de centro de día.

É importante tamén lembrar e acordarse de que estamos a falar dun proxecto que está a día de hoxe en fase de licitación, cuxas obras comezarán no primeiro cuadrimestre do ano 2020.

E os que temos a responsabilidade de xestionar sabemos que é moi importante seguir con rigorosidade todos os prazos administrativos establecidos e que cada cousa se faga ao seu debido tempo. Nestes momentos estamos, como así dixo o presidente, plenamente centrados na construción deste edificio, e cando estea rematado o edificio será o momento de abordar os detalles máis concretos da súa xestión.

Señora Cuña, eu repítolle o mesmo que dixeran onte neste Parlamento de Galicia: un centro que ofrece o 100 % das prazas públicas, no que a xente copaga segundo os seus ingresos aplicando unha táboa de prezos públicos, un centro ao que se accede por un sistema de listas públicas e seguindo criterios públicos e que se garanten os estándares de calidade públicos é un centro público, póñanse como se poñan.

E lendo tamén nas últimas semanas a prensa, eu teño a sensación de que as familias están sendo confundidas a propósito con informacións falsas ou con informacións interesadas, porque está asegurado que o centro contará con cociña propia, que é algo necesario para elaborar os menús individualizados que precisa un centro de atención ás persoas con discapacidade; está asegurado tamén que o centro contará, como mínimo, cos mesmos servizos que os demais centros de atención á discapacidade de Galicia; e está asegurado que o centro cumprirá todas as exixencias máis estritas en materia de persoal.

E si podemos dicir que esta administración está traballando coa maior celeridade posible na súa posta en funcionamento para convertelo no primeiro centro público de atención ás persoas con discapacidade de Ourense e —insisto— un centro público co 100 % de prazas públicas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Señora conselleira, onte dixo vostede que era moi intolerante á mentira, hoxe parece que xa mudou, e explique que entende por parámetros de calidade. Estamos falando de aulas, de obradoiros, de fisioterapia, de necesidades de estimulación multisensorial, de terapia ocupacional, de enfermería, de psicología, de equipo multidisciplinar. A pregunta é: ¿a xestión vai ser pública? Non saian polos cerros de Úbeda. Vostede está dando unha resposta pouco decente e pouco xusta. Están incumprindo os compromisos. Quen está confundindo a opinión son vostedes. Non falamos de esmolos, nin sequera falamos de principio de inclusión —que se lles enche a boca con iso—, falamos dun dereito recoñecido internacionalmente e que obriga. Ademais, falamos tamén de cartos públicos, non de negocio privado, que é o que están disfrazando e o que pretenden facer: privatizar este servizo. Se non, ¿por que non din, clara e abertamente, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) clara e abertamente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...que a xestión vai ser pública, tal e como se comprometeu? Entón, ¿que pasa? ¿Ourense é unha cidade de segunda? ¿Que pasa? ¿Os compromisos asinados lévaos o vento?

Hai unha deputada que se comprometeu por escrito, as deputadas da oposición estamos mantendo o compromiso, vostedes están defraudando, fartando as familias, mentindo, claro que si. Servizo público, si; negocio privado, non.

E moito menos que non é unha cuestión de familias, é unha cuestión social e política, de política de atención a un dereito á diversidade. Claro que me apaixono, claro que si. Cumpran as demandas da plataforma. É un centro residencial e terapéutico. Basta, abonda xa de enganar, de mentiras, de actitudes falaces e sibilinas. Déanos motivos para crer ademais, e déallos tamén á plataforma, o que se acaba de dicir: que vai ser realidade no 2021...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor. Remate.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...cinco anos despois do compromiso.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Cuña. Xa rematou o seu tempo.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ¡Que vergonza! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para réplica do Goberno, (*Murmurios.*) —¡silencio!—, ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

Silencio.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Grazas, señor presidente.



Señora Cuña, eu acepto aquí neste parlamento todas as críticas e asumo cousas que non se fixeron ben no que atinxe ao CAPD de Ourense. Asumo que este centro se demorou máis do que nos gustaría, e por iso volvo pedir unha vez máis desculpas, pero o que non vou admitir nin vou tolerar é que se lles siga faltando á verdade ás familias con cousas que non teñen absolutamente nada que ver coa realidade. *(Aplausos.)* Eu non o vou aceptar, señor Cuña, porque a Xunta de Galicia sempre quixo estar ao carón das familias e sempre quixo traballar coas familias á hora de definir o CAPD de Ourense, e por iso pasou de preverse a súa ubicación dende Mariñamansa ao barrio de Barrocás e por iso se aumentou o número de prazas das inicialmente previstas ás 110. E se as familias seguen tendo dúbidas, por suposto que lles aclararemos, como viñemos facendo sempre, pero o que eu lle pido é que as familias non dean credibilidade ilimitada aos que están máis preocupados por sacar votos que por conseguir o mellor centro de discapacidade da provincia de Ourense. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

O outro día eu lin na prensa: ¿pódenos garantir alguén que no CAPD haberá fisioterapeutas —como vostede dixo hoxe—, logopedas, aulas de terapia, talleres ou médicos? A miña resposta é que si, doulles a miña palabra de que así será. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E o centro acabará...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** ...a súa construción... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** ...ao comezo da vindeira lexislatura, e será o próximo Goberno de Galicia o que defina os detalles da súa xestión.

Pero hoxe vou ir máis alá, hoxe en sede parlamentaria comprométome a algo máis. No que de min dependa... *(A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio! Señora Cuña, por favor, cando vostede falaba, estábana escoitando. *(A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! Non, non, estaba escoitando todo o mundo. Silencio.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Decía que hoxe vou ir máis alá e que hoxe en sede parlamentaria voume comprometer a algo moi importante e a algo máis. No que de min dependa, doulles a miña palabra de que o futuro CAPD de Ourense non sexa xestionado en ningún caso por unha empresa privada con ánimo de lucro.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

### **Alteración da orde do día**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á seguinte pregunta. A 7.9, de María Luisa Pierres, foi retirada por parte do grupo, e pasamos, en consecuencia, á seguinte. Sempre



pasa isto nas últimas preguntas de cada pleno, que a xente colle ganas cando falta unha pregunta ou dúas (*Murmurios.*) de querer seguir o pleno. ¡Silencio! Pasamos á seguinte pregunta, se vostedes queren, ou, se non, podemos continuar con outro debate. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pasamos á pregunta... Silencio, por favor. Silencio. (*Murmurios.*) Silencio, silencio. Señora Cuña, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Pazos, silencio. Silencio.

Señora Cuña, por favor, silencio. Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Estou pedindo silencio a todo o mundo. Vale. A todos. E xa dei dous nomes de todas as bancadas. Se queren, empezamos a chamar á orde. Imos coa última pregunta do pleno. Parece que nas últimas preguntas sempre pasan estas cousas. (*Murmurios.*)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar novos casos de intoxicación alimentaria semellantes aos acontecidos en diversas gardarías da rede Galiña Azul**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Boa tarde, señora conselleira, e espero que hoxe, si, aquí, non veñan mentir, porque os únicos que buscan votos e que se comprometeron publicamente a que a titularidade fose pública foron vostedes; xa llo dixo a miña compañeira, e agora na súa resposta volve dicir outra cousa ben diferente ao que teñen asinado, e hai moitísima hemeroteca sobre este tema. Entón, eu hoxe espero que na resposta sobre as intoxicacións que sucederon en varias escolas dependentes da súa consellería, tamén en centros de ensino de primaria e secundaria, si falen con claridade e non se comprometan a facer cousas que despois sexan falsas.

Estas intoxicacións aconteceron en centros que se atopan ademais a centos de quilómetros, dende A Coruña ata Cangas, algo que nos parece moi sorprendente, porque dámonos conta de como a alimentación, a comida, estaba viaxando moitísimos quilómetros. Porque intoxicacións similares aconteceron, como digo, en centros que estaban moi dispersos, tres episodios parecidos en pouco máis dun mes, e, na nosa opinión, a resposta que están dando dende a consellería é totalmente insuficiente. Non fan ningunha avaliación de por que estamos neste punto, como chegamos a esta situación.

A nosa pregunta é clara: ¿como controlaron ata o de agora, ata que aconteceu isto ata en tres ocasións, os cáterings? ¿Que facían para evitar que situacións como estas se puideran dar e cantas inspeccións realizaron ata o momento?, porque o número que deron publicamente, na nosa opinión, é unha cifra bastante ridícula, tendo en conta o número de comedores que hai no noso país.

Poñen as medidas unicamente cando saltan estes casos aos medios de comunicación e unicamente cando xa non lles queda máis remedio. Nun primeiro momento dixeron que se tra-



taba de casos illados. Isto é mentira, non son casos illados, foron moitos os nenos e as nenas, non son poucos, non sei que entenden vostedes por casos illados, a min máis de vinte non me parecen casos illados. E sobre as causas estamos de acordo en que, dende logo, poden ser múltiples.

Pero, dende logo, o seu modelo favorece cuestións como esta, e vou explicarme. O único criterio ou o criterio fundamental que seguen para dar as concesións dos comedores das escolas é o económico. Esta empresa destacaba —é así, non o dicimos nós, dino os pregos de condicións— por ser economicamente a máis barata. A maioría dos puntos outorgados é porque era a economicamente máis barata. E a nosa pregunta é por que tivo que acontecer algo así para que, de repente, si decidiran apostar pola economía local e de proximidade, por que en todos estes anos non decidiron apostar pola economía local e de proximidade e permitiron unha situación como esta.

Non pode ser que se estea consumindo alimentos que viaxan centos e en ocasións miles de quilómetros, cando, ademais, temos moitísimos produtores locais, que isto axudaría a dinamizar o noso territorio.

Levan moito tempo apostando pola externalización, pola xestión indirecta. Nós defendemos que sexan levados adiante de maneira pública, que se reverta ao público. Cremos que é a mellor maneira de garantir a seguridade.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** A pregunta é clara...:

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Rematou o seu tempo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...¿que responsabilidades van asumir, señora conselleira?

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Grazas, presidente.

Deputadas e deputados.

Señora Quinteiro, eu entendo e agradezo a súa preocupación polas reaccións alérxicas leves que tiveron lugar nalgunhas escolas infantís. E créame cando lle digo que comparto con todos vostedes a súa preocupación por unha cuestión que é absolutamente intolerable e absolutamente inadmisibile.

Primeiro de todo, queremos transmitir tranquilidade e confianza a todas as familias para que saiban que o Goberno galego xa está actuando para que situacións deste tipo non se vol-



van repetir. E, por iso, a semana pasada tomamos a decisión de descentralizar a subministración das materias primas como medida provisional mentres os técnicos da Consellería de Sanidade non identifiquen a orixe da reacción. Esta medida aplicouse tanto nas escolas infantís nas que se rexistrou algún episodio como nas que non.

A Consellería de Sanidade, a Consellería de Política Social e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar estamos en contacto directo e constante para resolver este asunto que preocupa moitas familias de Galicia e tamén o Goberno galego.

Aínda que os feitos acontecidos non foron en absoluto de gravidade, repito: non podemos tolerar que algo así suceda, duren dez minutos ou duren trinta minutos. Non pode haber reaccións alérxicas nas escolas infantís, e punto.

Loxicamente, o remedio non pode ser peor que a enfermidade, e por iso a empresa tamén se comprometeu a que todas as subministracións de proximidade cumpran os requisitos sanitarios e os requisitos de trazabilidade.

E gustaríame dicirlles dúas cousas ás familias de Galicia: a primeira, pedirles unha vez máis, por suposto, desculpas por todo o acontecido; a segunda, que estamos á espera, ata que os especialistas teñan perfectamente identificada a causa destes lamentables episodios, para que todo volva á normalidade.

Os menús que se están a servir estas semanas están deseñados co obxectivo central de minimizar o risco dunha nova reacción alérxica. E, unha vez máis, queremos garantir que chegaremos ata o final da cuestión, porque a súa tranquilidade e a dos seus pequenos é o único que nos importa.

Moitas grazas a todos. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** O problema, señora conselleira, é que transmiten tranquilidade agora; cando aconteceu iso, nin sequera se puxeron en contacto; moitos pais e nais enteráronse disto por outros pais, por outras nais, ou polos medios de comunicación; iso é así. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) A Administración informou despois, cando decidiron sacar unha medida propagandística, non no primeiro momento, que non avisaron, e agora, señora conselleira, a verdade é que a súa resposta nos deixa bastante máis intranquilas do que estabamos antes de preguntarlle.

Investigacións. Neste parlamento comprometéronse centos de veces a facer investigacións por cuestións a veces moito máis graves, que nunca se sabe en que rematan. Nunca absolutamente dan conta das investigacións que realizan, absolutamente nunca. E eu pregúntome por que non dixo nada, se van sancionar a esta empresa dalgunha maneira. ¿Que medidas van tomar a medio prazo para que isto non volva acontecer? Xa dixo que o de produtos de





proximidade era unha medida urxente. Pois, señora conselleira, é o momento para que agora si se aposte polo comercio de proximidade.

Neste mesmo parlamento, na Comisión de Agricultura, no ano 2017, aprobaron vostedes tamén, o Partido Popular, unha iniciativa deste grupo para fomentar os produtos de proximidade e locais nos comedores escolares, obviamente, aquí, como se aproban moitas cousas que despois se olvidan, pero iso aprobárono vostedes, comprometéronse a levar adiante esta cuestión. Non fixeron absolutamente nada de nada.

E, sinceramente, por moito que a reacción non fora en termos médicos grave, a situación si é moi grave. ¿Ou non lle parece grave que houbera todas estas intoxicacións en apenas varias semanas en tantos centros da nosa escola? Sinceramente, quitarlle importancia a este feito a nós non nos parece. Si lle quita importancia cando di que non é unha situación grave. A situación é grave, aínda que as reaccións médicas non foran graves.

E, despois, como digo, non aclaran se van facer algunha sanción, se van facer algún tipo de control e sobre todo se van cambiar o modelo de xestión dos comedores escolares, que é o problema fundamental. ¿Van seguir apostando polo criterio unicamente económico para a subvención de comedores? Porque é o que fan, comedores con moi poucos recursos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Quinteiro. Rematou o seu tempo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...e así, obviamente, o servizo non pode ser de calidade.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Grazas, presidente.

Señora Quinteiro, non lle tolero que diga que o Goberno galego lle saca importancia a algo tan grave como o que aconteceu, e xa o dixen anteriormente na miña primeira intervención.

Porque eu son nai, e entendo precisamente e comparto perfectamente a preocupación que viviron nas últimas semanas esas familias; comparto esa preocupación, señora Quinteiro, porque me poño na pel de todas esas nais e os pais que queren saber o que pasou e eu tamén o quero saber e dígollo de verdade. Porque quero chegar tamén, queren chegar eses pais e os nenos polas mañás á escola, deixar os seus fillos e marchar para as súas casas ou para o seu traballo con todas as garantías.

E reitero unha vez máis que esta cuestión é absolutamente intolerable, é absolutamente inadmisíbel, e, dende logo, non desexo que nada así volva ocorrer. Pero tamén insisto en que é necesario ir paso a paso e non tomar decisións apresuradas nun ámbito que é tan de-



licado e tan sensible como é a alimentación dos nosos fillos.

Porque a cociña dunha escola infantil pública non é como di vostede, non é como un domicilio, non é como a das nosas casas, porque temos que seguir procedementos que son moi estritos con toda a comida que alí se dá, que alí se compra e que alí se serve; uns estándares que existen, precisamente, para garantir sempre a máxima calidade e a seguridade de todos os alimentos que toman os nosos pequenos.

A situación que se viviu nas últimas semanas preocupárame e desgustoume a min máis que a ninguén, e a empresa que xestiona estas cociñas das escolas infantís afectadas levaba moitos anos traballando para a Xunta, aproximadamente once anos, tamén cando outros gobernaban, e ata o día de hoxe nunca houbo outra incidencia.

Pero eu, a verdade, creo no gran traballo que realizan todas e cada unha das persoas que están a traballar nunha escola infantil, tanto na área educativa como na xestión, como na limpeza ou como nas cociñas. E podo asegurarlle que en todas e cada unha das escolas infantís da rede pública autonómica as cativas e os cativos están nas mellores mans e coas mellores atencións.

Moitas grazas a todos. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Pois rematados os puntos da orde do día, remata a sesión. Boas tardes.


*Remata a sesión ás seis e cincuenta e seis minutos da tarde.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Porrit Lueiro, María Teresa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado del Río, Paula	(P)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Caballero Míguez, Gonzalo	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(GCE)
10. Cal Ogando, Marcos	(GCE)	48. Rey Varela, José Manuel	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
12. Casal Vidal, Francisco	(M)	50. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
13. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	51. Rodríguez Arias, Marta	(P)
14. Chao Pérez, Luca	(GCE)	52. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
15. Conde López, Francisco José	(P)	53. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
16. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(GCE)	54. Rodríguez Estévez, David	(M)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Prado, Martín	(P)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. García Míguez, María Ángeles	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Gómez Salgado, Carlos	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. González Vázquez, José	(P)	61. Sánchez García, Antón	(GCE)
24. Jove González, Xan Xosé	(GCE)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(GCE)	63. Santos Queiruga, Carmen	(GCE)
26. Mato Otero, Beatriz	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(GCE)
27. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Mouriño Villar, Antonio	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
29. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	67. Torregrosa Sañudo	(GCE)
30. Novo Fariña, María Isabel	(P)	68. Trenor López, Gonzalo	(P)
31. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	69. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
32. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	70. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
33. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	71. Vázquez Verao, Paula	(M)
34. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	72. Vega Pérez, Daniel	(P)
35. Oubiña Solla, Rosa	(P)	73. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
36. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	74. Vilar Chento, Óscar	(S)
37. Pérez Seco, José Manuel	(S)	75. Villares Naveira, Luis	
38. Pierres López, María Luisa	(S)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

